

ribadeo

O alcalde anunciou investimentos para acometer ao longo dos vindeiros meses. **Páx. 7**

burela

O Plan de Mobilidade Urbana Sustentable conta coa colaboración veciñal. **Páx. 8**

viveiro

O Concello dixitaliza máis de 80 quilómetros de rutas de sendeirismo e paseos. **Páx. 10**

foz

A elección da raiña ou rei do Entroido 2024 será o sábado 14 de outubro. **Páx. 12**

xove

A ampliación do polígono de Camba sumará case 56.000 metros cadrados. **Páx. 18**

Rutas pola comarca

Arrinca a cuarta edición do programa de outono de visitas guiadas A Mariña en ruta, proxecto promovido pola Mancomunidade



Foz conta cun gran pasado marítimo

A Sociedade Cultural A Rula fala sobre o patrimonio material e inmaterial do municipio. **Páx. 13**

Unha das máis importantes citas galegas

A feira das San Lucas de Mondoñedo celebrárase do 17 ao 22 de outubro. **Páx. 15**

Asociación Xoldra



Este colectivo mindoniense organiza o Festival Breason. **Páx. 14**

Fervenza de Sargadelos



A asociación cervense cumpre 15 anos con moitas lembranzas. **Páx. 17**

Ponte de Outono



Grande Amore estará no II Son Urbán de Barreiros. **Páx. 20**

A Deputación insiste no tema sanitario

O Pleno acorda pedir á Xunta que cubra a inminente xubilación de médicos dos concellos. **Páx. 26**

UNHA FIBRA DO 15

A UN PREZO NUNCA VISTO

Fibra 1.000 Mb
Móbil 50 GB
+3 meses TV Total **GRATIS**

15€
/mes
44€/MES
Durante 9 meses



Chama gratis ao **900 651 679**

combina o teu paquete a medida en adamo.es

Oferta válida para novos clientes que non contratasen ningún servizo ou produto de Adamo nos últimos 3 meses desde a data de inicio desta promoción e que contraten entre o 21/08/2023 e o 31/10/2023, ambos incluídos. Promoción non combinable con outras promocións. Esta promoción inclúe: (1) Servizo de acceso a internet Fibra 1.000 Mb + Móbil 50 GB durante os 9 primeiros meses a 15€/mes e, posteriormente, a 44€/mes (ambos importes con IVE e cota de liña incluídos). Non inclúe cota de activación por importe de 12,10€ (IVE incluído), mais a instalación de router premium. Servizo suxeito a permanencia durante 12 meses desde a súa contratación. En caso de cancelación anticipada do servizo, aplicarase o custo de 163,35€ (IVE incluído) de forma proporcional aos meses restantes do período de permanencia. Liñas de móbil adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente. (2) ADAMO TV Total: Servizo gratuito durante os 3 primeiros meses e, posteriormente, a 12€/mes (IVE incluído), agás cancelación do servizo durante o período promocional.

A MARIÑA

A artesanía terá un papel destacado na IV A Mariña en ruta



O 7 de outubro arrinca a cuarta edición deste programa de outono de visitas e rutas guiadas arredor da cultura e natureza da Mariña Lucense promovido pola Mancomunidade de Concellos. Ata finais de novembro desenvolveranse 16 actividades, unha por cada concello que conforma o xeodestino e onde a artesanía da comarca terá un papel destacado. Será durante as fins de semana e tamén os festivos 12 de outubro e 1 de novembro. O prezo será de 5 euros para individual; 8 euros para parella; 12 euros para familias ou grupos de ata 5 membros. A información sobre a rutas e as reservas de prazas realizarase de forma automática a través da web de Turismo de A Mariña Lucense.

OUTUBRO. O sábado 7 será O río Sor e a natureza agochada nos seus meandros, O Vicedo. Con Boris Vilar; o xoves 12 tocará San Miguel de Reinante: comercio, indianos e fidalgos, Barreiros. Con

Sofía López; o sábado 14 será a quenda de Riotorto, terra de ferreiros. Con Boris Vilar; o domingo 15, Segredos e Lendas en Foz. Con Carmen Delia Díaz, La Guiateca e o artesan Daniel Caxigueiro; o sábado 21 moveranse a Trabada con, viaxe ao pasado pola Fraga da Becerreira. Guía pendente de confirmar; o sábado 28 será San Cibrao e o seu mar, Cervo. Con Noela Feal; e o domingo 29 viaxarán ata A Pontenova coa Ruta dos Fornos e Mina Consuelo, con Tirolina das Minas e o Ferreiro artesán Rodil.

As actividades do mes de novembro daranse a coñecer proximamente. “Outra novidade desta edición é que os ingresos derivados do custe simbólico das actividades irán dedicados a accións vinculadas a contribuír aos obxectivos de sustentabilidade e previr, mitigar ou compensar a pegada ecolóxica que poda supoñer este programa”, subliñou Tania Hermida.

Comezan os cursos de emprego

Empezou o obradoiro Tecendo Coidados, de Ribadeo e de Barreiros

Comezou o obradoiro de emprego Tecendo Coidados, no que 16 mozas e mozos de Ribadeo e de Barreiros recibirán formación durante 12 meses en atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e en dinamización, programación e desenvolvemento de accións culturais. O rexedor ribadense, Dani Vega, dixo que “Tecendo Coidados é o obradoiro de emprego que ten o Concello de Ribadeo xunto co de Barreiros, ao que lle quero agradecer a súa colaboración e a súa aposta polo emprego”.

Para Vega “Ribadeo é un exemplo claro do que é formar a moita xente, colaborar, asesorar e tamén xestionar a formación que necesitamos para esa busca de emprego”. O alcalde manifestou que “os obradoiros son outra maneira de formar a moitas persoas. Durante estes doce meses mozas e mozos menores de 30 anos formaranse en atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e en dinamización, programación e desenvolvemento de accións culturais. Son 16 persoas, as que van participar neste obradoiro, 8 por especialidade, neste caso 12 de Ribadeo e 4 de Barreiros. E o orzamento total é de 425.000 euros”.

Dani Vega subliñou que “os obxectivos son claros: mellorar a ocupabilidade, a cualificación e apostar pola inserción profesional das persoas mozas participantes neste obradoiro de emprego; educar, entreter e, incluír aos maiores de ámbolos dous concellos a tra-



vés da realización de proxectos de xestión e animación cultural; e tamén apoiar e atender aos usuarios e usuarios da residencia municipal e do Centro de Día A Misericordia baixo as directrices dos equipos interdisciplinares dos citados centros, así como poñer en marcha o proxecto Coidando ao Coidador, que pretende ser unha ferramenta de información e acompañamento dos coidadores de persoas dependentes”.

O alcalde tamén fixo fincapé na saída laboral “nun sector onde hai moita empregabilidade nas residencias municipais ou no coidado desas persoas maiores que están nas súas casas e precisan do Servizo de Axuda no Fogar. Creo que hai moita saída laboral e nós debemos estar aí traballando conxuntamente, investindo na empregabilidade e na formación, claves para o futuro dos concellos tanto de Ribadeo como de Barreiros”.

REMATADOS. O obradoiro de emprego Terras do Sor VI, que durante o último ano ofreceu formación a 20 traballadores desemprega-

dos nos concellos de Muras, O Vicedo e Oourol, chegou á súa fin. O obradoiro contou co sete inscritos na modalidade de Atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións, que traballaron nunha residencia de maiores de Viveiro. Os outros 13 aprenderon traballos de carpintaría e moble e realizaron abundante mobiliario urbano -como marquesiñas e papeleiras- e outros elementos para edificios e espazos públicos, como mesas, taboleiros, bancos ou cadeiras.

Na comarca tamén remataron os obradoiros Serra da Cadeira VII, promovido polo Concello de Lourenzá asociado cos de Barreiros e Trabada; así como Sendas de Burela, Cervo e Xove IX, impulsado por Cervo en colaboración con Burela e Xove. O primeiro impartiu a especialidade de Aproveitamentos forestais; e o segundo tres módulos centrados na construción, a xardinería e a conservación e mellora de montes. Nestas actividades formáronse un total de 40 alumnos traballadores que durante todo o ano de duración tiveron acceso a un contrato laboral.

almayo
muebles

**NUEVA COLECCIÓN
OTOÑO-INVIERNO
PARA DARLE A TU CASA
UN ESTILO DIFERENTE**

RIBADEO: Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6 / Tel.: 636 761 883
BARREIROS: Pol. Ind. Cruz do Lobo - Nave 10 / Tels.: 982 585 709 / 652 110 377
BURELA: C/ Curros Enríquez, 12 / Tel.: 660 402 954

As limpezas simultáneas de ríos e praias marcan o mes de outubro

A XVI Limpeza Simultánea Móllate polos ríos celebrouse este ano en 52 concellos de toda Galicia e en coordinación co Proxecto Ríos, a Concellería de Medio Ambiente de Foz fixoo en Cangas, no río Alemparte.

Os focegos continuaron un ano máis na participación nesta actividade simultánea que mobilizou a 10 voluntarios mesmo doutros concellos, que quixeron aportar o seu tempo desprazándose ao río para deixalo libre de lixo, nunha xornada de voluntariado ambiental e concienciación social. Desta volta recolléronse refugallos moi variados, e coma sempre abundaron os plásticos: botellas, zapatos, bolsas, redes de obra... apareceron tubos de formigón, cristais e latas; tamén ferramentas, pezas de louza, ferralla, e entullos. Calcúlase en máis de 120 kg de refugallos os liberados da canle do río Alemparte.

En Cervo a ACR Fervenza de Sargadelos tamén participou por primeira vez cun total de 11 persoas voluntarias que dedicaron a mañá a limpar un treito do río Xunco en Cervo, do que retiraron por volta de 30 kg de lixo. De entre os residuos que sacaron destacan unha batería, botellas e restos de vidro, tecidos e plásticos.

O Proxecto Ríos é un programa de Educación e Voluntariado Ambiental que ten a finalidade de dar a coñecer o importante papel dos cursos fluviais, amosar as súas problemáticas, así como fomentar iniciativas que permitan á cidadanía o mantemento e a mellora dos ríos proporcionando as ferramentas que garantan a súa participación. Dende a Concellería de Medio Ambiente agradeceron aos voluntarios que “se mollaran po los ríos” e animan a tódolos interesados a participar en vindeiras iniciativas de protección do territorio.



PRAIAS. Adegas convoca un ano máis a Limpeza Simultánea de Praias, unha xornada de voluntariado ambiental que ten como propósito concienciar a sociedade na loita contra a contaminación mariña. Esta XII edición terá lugar os vindeiros venres 6 e sábado 7 de outubro, en máis de 40 areas galegas.

Son chamados a participar na limpeza de praias e denunciar esta problemática ambiental centros de ensino, escolas de surf, centros de mergullo, clubs de piragüismo e vela, sector do mar, concellos e entidades de todo tipo, tanto públicas como privadas, ademais de persoas particulares.

O obxectivo das limpezas de praias é eliminar os residuos que están nas praias como símbolo de chamada de atención sobre a situación de contaminación que sofren os nosos areas.

As principais causas desta problemática ambiental débense situar no modelo de consumo e produción baseado no sistema de “usar e tirar”, a deficiente xestión dos residuos que xeramos e a falta de concienciación dalgúns sectores da poboación. Todo iso fai que cada ano 10 millóns de toneladas de lixo rematen nos océanos, procedente en parte da industria do mar (pesca, extraccións...), pero tamén dos nosos fogares.

Actualmente xa hai máis de 40 entidades anotadas a esta limpeza, entre concellos, centros de ensino e entidades xa veteranas nesta acción. Desde Adegas agradecen a boa acollida desta actividade durante todo o ano e lembran que ofrecen asesoramento ás entidades participantes e proporcionalles o material divulgativo e os protocolos de limpeza.

Rematou o programa Velando pola miña saúde integral

Finalizou unha nova edición do Programa Velando pola miña saúde integral que chegou neste ano a súa cuarta edición e se desenvolveu entre os meses de xaneiro a agosto. Este programa contempla o apoio para o coidado da saúde mental, saúde física e atención psicosocial das usuarias da Unidade Residencial e da Vivenda Tutelada para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero con Enfermidade Mental da Asociación Saúde Mental A Mariña. Para prestar este apoio as actuacións contempladas foron o acompañamento en citas médicas, acompañamento na xestión de citas e trámites médicos, supervisión do cumprimento das indicacións médicas e dos pastilleiros e desenvolvemento de talleres de Educación para a Saúde. Entre os resultados obtidos



destaca o mantemento da estabilidade clínica do 100% das participantes no programa e o intenso apoio prestado no acompañamento en citas médicas e na xestión de citas e trámites médicos que alcanzou a cifra de 256 acompañamentos. Podemos dicir que Velando pola miña saúde integral continua a ser un programa que incide moi positivamente na calidade de vida das participantes e se converte nun apoio fundamental no seu día a día.

O PSOE reclama ao Parlamento un plan específico para cubrir baixas médicas na comarca

A deputada socialista Patricia Otero denunciou no Parlamento a carencia de médicos de Atención Primaria na Mariña e reclamou á Xunta que realice un plan específico para cubrir baixas e xubilacións na comarca.

A deputada de Burela preguntou ao goberno galego na Comisión de Sanidade da Cámara galega sobre a situación dos centros de saúde na comarca da Mariña. Ante a constante falta de profesionais e o incumprimento do estipulado pola Xunta, pediu que se cubran as previsións de persoal que non se remitan unicamente ao que está “no papel”.

Alertou que no centro de saúde de Viveiro “vívense situacións límite”, xa que “estamos a falar de máis de 15.000 habitantes e que durante a

pandemia da covid había días con un ou dous médicos, incluso durante o verán no que se duplica a poboación no municipio”.

Tamén lembrou que Ourelo estivo “días enteiros sen ningún médico” ou o caso de Valadouro que “dende que se xubilou un médico levan cubrindo o seu posto con distintos facultativos” con só catro horas de atención, “algún día e ser avisar”. Patricia Otero sinalou que estas deficiencias son extensibles a todos os centros de saúde da comarca, tamén citou os casos da falta de médicos noutros municipios como Burela, Foz, Ribadeo ou Alfoz.

Por iso, esixiu que se realice un Plan Específico de Atención Primaria na Mariña.

Nosotros elegimos la Tierra

edp

es.edp.com

Cervo e Barreiros fixéronse co diploma de ouro no Programa Praias sen Fume

Cervo e Barreiros fixéronse co diploma de ouro no marco do Programa Praias sen Fume da Xunta de Galicia, que leva a cabo a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

Estes dous concellos mariñais súmanse a esta iniciativa que botou andar no 2016 cunha fin educativo e de sensibilización social. Comezouse con 26 praias, -dixo o conselleiro-, “e a día de hoxe xa son 224 os areas galegos libres de fume, e isto é posible grazas á colaboración dos 80 concellos que participan activamente no programa, e que son exemplo do que se pode acadar cando unha comunidade se fixa un obxectivo común”.

O titular da carteira sanitaria puxo en valor que Galicia sexa un referente en temas de saúde, “servindo de modelo a outras comunidades, que xa valoran o carácter atractivo e innovador desta iniciativa”.

Tamén subliñou Comesaña o compromiso de seguir ampliando os espazos libres de fume. Así, “xa está activa a Rede Galega de Parques sen Fume e, en maio, deste ano presentamos o Plan Inspira Saúde”. Para rematar a súa intervención, Comesaña dixo que “a promoción de espazos libres de tabaco é unha chamada á acción para salvagardar a saúde e o benestar da cidadanía galega”.

O 22 celébrase unha nova edición do Día do Veciño

A Federación de Asociacións de Veciños celebrará o vindeiro domingo 22 de outubro, a 21 edición do Día do Veciño no Pazo de Feiras de Lugo. Ao longo da xornada haberá o anual partido de fútbol e a inauguración de dúas exposicións, ademais dunha actuación musical e a actuación da Escola de Baile Ritmo Lugo. Tras o xantar de confraternidade, terá lugar a entrega dos premios V de Veciño, cos que se recoñece o labor dos lucenses na dinamización e promoción da súa comarca e provincia e máis actuacións musicais e de baile como remate da festividade.

Desde a federación veciñal animan ás máis de 300 asociacións da pro-



vincia adscritas a esta organización que comuniquen a súa participación e así chegar ao mesmo número de asistentes do ano pasado, que rondou as 5.000 persoas.

Emerxencia cinexética para controlar a poboación de xabaril

A Xunta declarou a emerxencia cinexética temporal pola presenza e os danos ocasionados polo xabaril nun total de 37 comarcas galegas. Na provincia a emerxencia foi declarada nos Ancares, Chantada, Lugo, A Mariña Central, A Mariña Occidental, Sarria, Terra Chá, Terras de Lemos e A Mariña Oriental.

En concreto, durante a vixencia da declaración nestas comarcas permítese abater ou capturar, sen límite de exemplares, xabaris de ambos sexos, prioritariamente femias adultas e subadultas de calquera idade.

Así mesmo, nas zonas en situación de emerxencia cinexética temporal

será posible abater crías e femias seguidas de crías sempre e cando haxa unha autorización especial previa por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, de acordo co establecido na Lei de caza de Galicia. Ademais, habilítanse nestas zonas unha serie de ferramentas cinexéticas que contribúan ao control das poboacións do xabaril, como a ampliación dos períodos nos que se pode exercer a actividade cinexética. A vixencia destas resolucións estenderase ata o 25 de febreiro do vindeiro ano, abrangendo así o período hábil de caza do xabaril na tempada 2023-2024.

O Parador de Ribadeo acolleu unha mesa redonda sobre turismo sostible

O Parador de Ribadeo acolleu unha mesa redonda sobre o Turismo sostible como impulso ante o reto demográfico, e na que participaron o GDR Terras de Miranda, GDR Montes Vales Orientais, ACISA de Ribadeo, a técnico responsable de turismo de Ribadeo, a Directora Xeral de Agader, os concellos de Ribadeo, Mondoñedo e Rábade, a Mancomunidade e a Conselleira de Política Social.

Nesta mesa expuxéronse as principais liñas e actuacións nas que se está a traballar neste tema desde os distintos organismos e entidades públicas.

O moderador do foro, Juan Carlos Rodríguez inaugurou a mesa facendo ver como “Ribadeo é un bo exemplo de como se pode abordar unha xestión exitosa de turismo no sostible”. Algo no que coincidiu o primei-



ro relator do encontro, o alcalde de Ribadeo, Daniel Veiga, “Ribadeo está a facer unha boa xestión do turismo. Así nolo din as cifras. Ribadeo é líder dentro do conxunto da Mariña en pernoitas con 44.757. Iso acredita que somos o concello líder no conxunto da comarca e estamos na posición perfecta na provincia. Somos o concello despois da cidade de Lugo con máis pernoitas”.

Vidal Martínez, xerente de GDR Terras de Miranda, sinalou que “o verán xa o temos asegurado, agora onde temos que traballar é no resto do ano”.

“A loita contra o despoboamento é un dos retos máis importantes do noso territorio”, expuxo Fe Álvarez do Xeodestino Ancares – Terras de Burón, que coordina o GDR Montes Vales Orientais, “apostamos polo ecoturismo para crear oportunidades aquí”.

Reclaman a finalización urgente do socavón na estrada N-642

O voceiro de infraestruturas do Grupo Parlamentario Popular, José Manuel Balseiro, reclama ao Ministerio de Transportes que finalice con carácter de urxencia a reparación do socavón que o pasado mes de xaneiro obrigou a cortar a circulación da estrada N-642, á altura da praia de Areoura, entre as localidades de Cangas de Foz e Burela.

Con este obxecto o deputado mariñán vén de rexistrar unha iniciativa no Parlamento de Galicia na que pide ao Goberno central que abandone a súa pasividade e garanta, á maior brevidade, a recuperación da circulación, en condicións de normalidade, viabilidade e seguridade. Ata o momento, todos os que circulan por ese punto deben convivir coa incomodidade dunhas obras que se prolongan no tempo.

SEN ALTERNATIVA. A estrada N-642 é unha vía estratéxica e vertebral para a comunicación dos concellos do litoral da Mariña lucense e, do norte da provincia de Lugo no seu conxunto e, tal e como se evidenciou durante o tempo no que estivo pechada, non dispón dunha alternativa de circulación viable o que fai que soporte unha gran carga de circulación.

“O Ministerio tampouco fai nada por impulsar a autovía paralela, a A-74, que a día de hoxe non ten un só quilómetro construído, nin en execución, nin licitado e está practicamente



te desaparecida dos Orzamentos Xerais do Estado”, explicou.

BNG FOZ. Para o BNG de Foz a situación provocada pola fochanca é “un caso paradigmático do abandono por parte dos gobernos estatal e galego”. Os nacionalistas din que “xa temos presentado mocións e rogos de demanda da construción da autovía A-74, que comunicaría Barreiros con San Cibrao, así como o prometido po la Xunta no tramo San Cibrao-San Sadurniño. As nosas propostas foron adiadas polos sucesivos gobernos de PP e PSOE no estado e o PP na Xunta, dando a unha ausencia de vías alternativas como o acontecido”. Nos orzamentos do Estado e da Xunta para este ano 2023 as vías de comunicación vertebradoras da provincia aparecen con partidas simbólicas, o que indican “o escaso interese que se lles vai seguir prestando”.

“O incidente foi a finais de xaneiro de 2023 e despois de iniciarse a reparación da fochanca, con etapas reguladas por semáforo e coas limitacións actuais seguimos igual. Pasou o verán co difícil e perigoso acceso de usuarios á praia de Areoura. Durante todo o mes de agosto e ata o momento as obras están completamente paradas polo que os prazos no seu remate quedan indefinidos e os usuarios continúan con incertezas e preocupación diante da ausencia de prazos cribles”.

Por todo isto o Grupo Municipal do BNG propuxo ao Pleno instar ao Goberno central a retomar e executar unha rápida reparación da N-642 que posibilita a normalización total e definitiva do tráfico na mesma que permita a necesaria comunicación entre os concellos da comarca.

BURRATA



28 OUTUBRO 2023

AS PONTES

XXXIII FEIRA FUNGOS E COGOMELOS

PATIO DO COLEXIO SANTA MARIA · 21:30H



Concello de
As Pontes de García Rodríguez

Más info en: www.vive.aspontes.org

artmusic
agency

NOVAS

ribadeo

Ribadeo organiza a Festa do Sombreiro 2023 con moita música e premios



Ribadeo celebra o próximo 6 de outubro a súa Festa do Sombreiro. O evento, celebrado na rúa San Francisco, dará comezo ás 18.00 horas cunha festa infantil para os máis pequenos. A partir das 21.30 os que se acheguen poderán desfrutar dunha verbeña da man de Nuevo Ritmo.

O evento tamén contará coa actuación da cantante mexicana Betty Singh, que chegará o seu espectáculo a partir das 23.00 horas. A entrega de premios ao mellor sombrero celebrarase ás 00.00. O broche de ouro desta primeira xornada será a actuación de Pablo Valdés e o seu trío que interpretarán versións dos anos 60,70 e 80.

Na última xornada desta celebración, o sábado 7 de outubro, os que se acheguen á rúa San Francisco poderán desfrutar da música de Cantos da Taberna coa que se pecha esta edición da celebración.

O Real Club Náutico organiza un Concurso de Fotografía

O Real Club Náutico Ribadeo organiza o seu primeiro Concurso de Fotografía sobre a ría de Ribadeo, a súa contorna e as actividades náuticas e deportivas que nela se realizan.

Este certame está destinado a socios e socias do club e terán que enviar un máximo de 2 fotos por participante. Estas imaxes deberán ser enviadas a contabilidad@cnribadeo.com, con asunto I Concurso de fotografía RCNR, antes do 11 de novembro. Valorarase a orixinalidade e creatividade, así como a calidade da foto e o fallo do xurado emitirase do 13 ao 19 de novembro.

As fotos premiadas saíran no calendario do Real Club Náutico Ribadeo do 2024 de recibir un obsequio por parte da organización.

O Concello pon en circulación 200.000 Panchas, a moeda local

Os establecementos comerciais e hostaleiros que queiran adherirse á quinta edición da moeda local de Ribadeo poderán facelo ata o 10 de outubro. A concelleira de Comercio, Marta Saiz, explicou que “nesta edición poñeremos en circulación 200.000 panchas para trocar nos establecementos comerciais e de hostalería do municipio adheridos a esta campaña”. A edil ribadense contou que “a compra e uso da moeda será mediante o Panchapeto, o moedeiro dixital habilitado para a campaña. Deste xeito, simplifícase e mellórase o uso da moeda podendo

obtela en calquera lugar e a calquera hora a través dun dispositivo electrónico como o teléfono móbil ou o ordenador”. Saiz relatou que “as características da campaña mantéñense, polo que por cada 30 euros obtéranse 40 Panchas e cada persoa poderá adquirir un máximo de 400 Panchas. Mantense tamén o límite de 130 Panchas para gastar en cada compra”. E engadiu que “a campaña estará aberta do 15 de outubro ao 31 de decembro, polo que nese prazo as persoas consumidoras poderán trocar as súas Panchas nos establecementos”.

Seguen as tarefas de mantemento da contorna e do mobiliario no Cargadoiro



O Goberno local inicia tarefas de mantemento da contorna e do mobiliario no Cargadoiro, “unha zona que tanto para ribadenses como visitantes ten un gran valor”, segundo destacou o concelleiro de Medio Ambiente, Diego Dos Santos.

O edil ribadense explicou que “desde o Concello de Ribadeo queremos poñer de releve a zona do Cargadoiro, unha zona que tanto

para ribadenses como visitantes ten un gran valor”.

Dos Santos contou que “estivemos durante todo o verán cunha primeira acción de desbroces e agora pasaremos a unha segunda actuación que estará centrada no mantemento do entorno e do mobiliario”.

O concelleiro de Medio Ambiente subliñou que “así seguimos traballando e coidando do noso”.

Estanse a mellorar os xogos do parque de San Francisco

Estanse a realizar tarefas de mellora no parque de San Francisco na zona de xogos infantís, segundo deu a coñecer o concelleiro de Obras, Diego Dos Santos.

O edil explicou que “procedemos a retirar a araña do parque de San Francisco, tan solicitada polos veciños. Tamén se aproveitará para realzar o arranxo dalgúns xogos, que

así o demandaban, ao igual que oito alcorques, e a reposición de zonas de caucho”.

Diego Dos Santos contou que “as obras teñen un prazo de execución dun mes e pode ser que algún día o parque estea pechado completamente polos operarios, polo que pedimos desculpas polas molestias que se poidan ocasionar”.

O Goberno local busca máis apoio autonómico nas obras de reforma do hospital asilo

O Concello de Ribadeo busca que o Goberno autonómico incremente a súa aportación nas obras de reforma do hospital asilo San Sebastián e San Lázaro. O ente autonómico ten prevista a cantidade de 700.000 euros para esta obra e o alcalde ribadense, Dani Vega, está a negociar que incrementen esta cifra todo o posible.

O obxectivo desta negociación é que o Goberno local non teña que realizar ningunha aportación económica, malia que é o complicado pois o total da reforma son 1,7 millóns de euros aínda que despois haberá que

sumar algunha cantidade máis para o equipamento do edificio. Parte importante das obras financiaranse co diñeiro que deixou como herdanza a tal fin o médico Francisco Moreda e que foron 700.000 euros, e outra parte vén do crédito de 900.000 euros, que xa ten concedido o Concello ribadense.

A remodelación completa do hospital asilo San Sebastián e San Lázaro de Ribadeo é unha obra moi importante para os servizos sociais do Concello de Ribadeo xa que as prazas que ofertará sumaranse ás que hai na nova residencia.

Ribadeo acollerá este mes sete charlas sobre o contedor marrón

Ribadeo acollerá este mes de outubro sete charlas informativas sobre a próxima implantación do contedor marrón. Baixo a mensaxe *Que non che entre o pánico co orgánico* a campaña desenvólvese entre os días 9 e 23.

Todas as charlas terán lugar na Casa do Viejo Pancho. O 9 de outubro haberá tres sobre biorresiduos: ás 10.30, ás 11.30 e ás 12.30 horas. O día 18 de outubro teremos dúas charlas sobre compostaxe: ás 19 e ás 20 horas.

E finalmente o día 23 están programadas dúas charlas máis sobre biorresiduos: ás sete e ás oito da tarde”

O concelleiro de Medio Ambiente, Diego Dos Santos engadiu: “con todo iso que botemos no contedor marrón despois poderase facer compost biorresiduo, que se poderá aproveitar como fertilizante e incluso como xerador de enerxía. De todo o que implicará a implantación do contedor marrón será do que nos falen nas charlas”.

A veciñanza contará cunha sala de cross na piscina municipal

A vila de Ribadeo estrea unha sala de cross na piscina municipal. Conta cunha superficie de 140 metros cadrados e está destinada a adestramentos de alta intensidade.

O alcalde, Dani Vega, subliñou que “Ribadeo mellora as instalacións da piscina municipal. Vai contar cunha nova sala de cross de 140 metros cadrados para adestramentos de alta intensidade. Iso o que demostra é que a colaboración coa empresa que está a xestionar a piscina municipal é total e absoluta. Quero agradecer o seu traballo, a súa dedicación e a súa profesionalidade”.

Para o rexedor “investir en deporte

é investir en saúde e desde o Concello valoramos positivamente a inversión que fai esta empresa de máis de 216.000 euros neses 140 metros cadrados que van estar dedicados ó deporte”.

Vega aposta pola colaboración permanente entre Concello e BeOne, empresa concesionaria da piscina municipal: “nesa colaboración permanente imos seguir e valoramos todo o traballo que fan, tamén felicitamos á dirección, ao seu CEO, Roberto Ramos. E animamos a todos os ribadenses a que vaian á nosa piscina municipal e practiquen deporte, porque están investindo na súa saúde”.

O alcalde anuncia investimentos para os vindeiros meses

O alcalde, Dani Vega, anunciou investimentos por importe de máis de 2.375.000 euros a acometer ao longo dos vindeiros meses. En breve darán comezo as obras nas rúas Manuela Barreiro Pico (215.000 euros), Pipelo (184.000 euros), Forte de San Damián (150.000 euros, a estrada de Noceda a Lexoso (113.000 euros procedentes do Agader) e a reforma do Hospital Asilo (1.600.000 euros). O rexedor indicou que “neste mes darán comezo as obras do asilo, que terán unha duración de 18 meses. É unha obra complexa e difícil porque hai que proceder ao baleirado de todo o inmovible, respectando o seu valor patrimonial”. O Concello traballa para conseguir máis financiamento destinado ao equipamento desa reformada instalación.

O rexedor asegurou que o novo centro de saúde, que suporá un investimento de 4.000.000 millóns de euros, será construído nos terreos fronte á gasolinera na zona do Xardín. Sobre a situación do mercado semanal dos mércores Dani Vega



dixo que “agora non toca”, pero o equipo de goberno é partidario de que retorne ao entorno da Praza de Abastos. Para adoptar unha decisión ao respecto o rexedor quere manter xuntanzas cos vendedores e vendedoras da Praza de Abastos, cos comercios e hostaleiros da zona e tamén cos vendedores e vendedoras do mercado dos mércores. O alcalde tamén falou da praia das Catedrais e da necesidade de poñer en marcha un servizo de autobuses lanzadeira “que leven e traian á xente de Ribadeo ás Catedrais e viceversa, porque o que queremos é que os visitantes que acudan ao

areal volvan para a nosa vila. Ese é obxectivo”. Vega anunciou que de modernizará e unificará toda a sinalización da praia das Catedrais.

PLAN DE MELLORA. O conselleiro do Medio Rural, José González, reuniuse co alcalde de Ribadeo para poñer en valor o plan estratéxico para a mellora das infraestruturas viarias rurais ao longo dos próximos anos no que este Concello está traballando e no que tamén colaborará a Consellería.

BNG. O grupo municipal do BNG subliñou que todos os investimentos anunciados polo alcalde foron “xestionados, conseguidos, comprometidos e aprobados polo anterior goberno local”, dixo o voceiro nacionalista, Pablo Vizoso, que aclara que “todos os investimentos foron xestionados polo anterior goberno do BNG. Do que se debe de ocupar o alcalde é de executar todos eses proxectos tal e como estaban previstos e tal e como foron aprobados. E se pode melloralos, perfecto”.

Os nenos nados en Ribadeo recibirán a cestiña dos arrolos



A asociación Saúde Mental da Mariña creará a cestiña dos arrolos, que o Concello lles entregará ás nenas e aos nenos que nacen aquí. O rexedor cre que “desde o Concello de Ribadeo temos que ser agraecidos co traballo que realizan”. Vega subliñou que “por iso facémolles o encargo de crear a cestiña dos arrolos, esa cestiña que terá produtos para os bebés que nacen e veñen a Ribadeo como poden ser cueiros, toallíñas, produtos de baño, esa bolsa tan preciosa elaborada pola propia asociación ou libríños para as nenas e os nenos”. O alcalde dixo que “esa cestiña de abrazo, de acollemento, quere dar-

lle a benvinda a moitos nenos e nenas que nacen e veñen a Ribadeo, son acollidos polas súas familias e teñen que sentir tamén o coidado, a atención e o abrazo do Concello”. Dani Vega indicou que “tamén imos colaborar este ano incrementando o convenio, esa cantidade orzamentaria que nos lles entregamos a todas as asociacións de Ribadeo”. O rexedor tivo palabras de agradecemento para o traballo que leva a cabo Saúde Mental da Mariña: “agradecemento á labor e ao traballo que realizan e destacar a súa función de entrega e de coidado á persoa”.

A vila homenaxeará a El Viejo Pancho en xullo de 2024

O Concello prepara unha homenaxe a El Viejo Pancho, que terá lugar en xullo de 2024, coincidindo co centenario do seu pasamento. Coa cita colaborarán o Goberno uruguai e tamén o consulado.

Vega anunciou que “a concelleira de Cultura será a encargada de coordinar e deseñar estas xornadas en colaboración con todo o goberno e cos técnicos municipais, co goberno de Uruguai e co cónsul, e seguramente que imos lembrar ao Viejo Pancho desa forma que facemos os ribadenses, que é con agarimo, con lealdade e sempre pensando



en Ribadeo”. Ramiro Rodríguez, cónsul de Uruguai, sinalou que “cada vez que vimos volvémonos encantados porque, ademais de que

é unha preciosa cidade, sempre sentimos o gran abrazo que nos transmitía o querido alcalde non só do goberno municipal senón tamén da xente. Aquí sempre se está moi ben. Hai moitos elementos que unen a Ribadeo con Uruguai”.

E engadiu: “tomamos as súas cálidas palabras querido alcalde, seguiremos vindo aquí unha e outra vez, encántanos Ribadeo, a Torre dos Moreno, a Illa Pancho... estamos encantados de estar aquí”. O cónsul de Uruguai asinou no libro de honra do Concello, onde aludiu aos lazos que unen a Ribadeo co seu país.

O BNG critica os primeiros 3 meses de Goberno Popular

O BNG de Ribadeo vén de criticar ao alcalde despois dos seus primeiros 3 meses á fronte do Goberno local, pois “con só este meses, todos nós podemos ver como vai ser o Goberno do PP”, sinalan, “con todo o que Vega criticaba, non mellorou senón que empeorou; gástase diñeiro fóra do orzamentado en cousas prescindibles ou cando son totalmente supérfluas”.

Así, din que a limpeza de rúas e camiños foi unha das críticas constante cando eran oposición e “eles comezaron baldeando rúas indiscriminadamente, incluso cando xa a seca era máis que evidente; e os contentores do lixo estiveron desbordados continuamente e cheirando”, engade, “crítica o estado

das pistas multideporte, cando esta obra estaba terminándose nas eleccións; minte dicindo que faltaba o telescopio da Casa da Ría, culpando de desleixo o goberno do BNG; e respecto ao elevador de Cabanela, en vez de asumir o problema, a culpa é do goberno anterior, o elevador como calquera outro dun edificio, ten que pasar unhas revisións”. Tamén sinalaron que “Vega sempre se declarou como galeguista, e xa nos está deixando claro cal é a súa verdadeira fasquía con respecto ao galego: a mesma que a dos seus superiores Feijóo e Rueda, atacalo. Por primeira vez en moitísimos anos colócase unha placa en español, e as festas felicítanse nese idioma”.

Ortegál Oil

A DERCO

En outubro por cada 20€ de repostaxe usando tu carné de ministro, participas para poder ganar una tarjeta regalo de 100€ que podrás canjear en combustible.

O Plan de Mobilidade Urbana Sustentable conta coa colaboración veciñal

O Concello está a elaborar o seu Plan de Mobilidade Urbana Sustentable (PMUS), unha ferramenta estratéxica para mellorar os desprazamentos de vehículos e peóns no día a día do municipio. Ademais, trátase dun documento imprescindible para a obtención de fondos europeos de mobilidade que melloren os desprazamentos internos nos núcleos de poboación e entre concellos próximos.

Ademais, o PMUS tratará de facer a vila máis accesible para todas as persoas reducindo barreiras arquitectónicas, mellorando a relación entre peóns e vehículos e facilitando o acceso aos transportes públicos.

Para conseguir os obxectivos do PMUS, un equipo técnico realiza desde o mes pasado estudos para analizar os desprazamentos a pé, en bicicleta, en vehículo privado ou no transporte público; e o modo en que os veciños utili-

zan os espazos públicos (as rúas, as prazas, as zonas verdes, etc). Analizaranse tamén a ocupación dos aparcadoiros, os problemas de seguridade viaria e a configuración das rúas, para detectar as carencias na accesibilidade ou os problemas que conducen á degradación ambiental.

ENQUISA VECIÑAL. Ademais das análises técnicas, o Concello solicita a colaboración da veciñanza para que aporte información e opinións que son vitais á hora de elaborar o PMUS. Pódese contribuír cubrindo a enquisa online aquí.

A enquisa permanece aberta durante este mes de outubro. Posteriormente terán lugar, ademais, distintos actos de participación e obradoiros nos que se recollerá a opinión da veciñanza, e que serán anunciados nos medios de comunicación e a través das redes sociais do concello.



A vila segue a estreitar lazos con Cabo Verde e propón irmandarse con Sao Vicente

Burela dá novos pasos para estreitar os seus lazos de colaboración co sector pesqueiro de Cabo Verde, un país moi vinculado ao concello. O concelleiro de Mar e Turismo e secretario da Fundación Expomar, Ramiro Fernández, e o Xerente de Expomar, José Manuel González, desprazáronse ata Cabo Verde, concretamente á localidade de Mindelo, convidados pola organización dirixida por Anglica Fortes á décima edición da Feira Expomar, homónima da que se celebra en Burela.

O concelleiro de Mar mantivo un encontro co presidente da Cámara de Sao Vicente, Augusto Neves, co que mantivo unha xuntanza na que trataron moitos asuntos e no que

se puxo enriba da mesa a posibilidade de facer efectiva a irmandade entre Burela e Sao Vicente.

Neves invitou a Fernández a asistir en xaneiro á celebración do Día de Sao Vicente, un día moi importante para os habitantes da vila, e mostrou tamén a súa disposición a desprazarse a Burela nos próximos meses para manter unha xuntanza coa comunidade caboverdiana.

Fernández asistiu a unha cea organizada por Enapor (entidade que xestiona os portos de Cabo Verde), xunto con autoridades de Cabo Verde e empresarios españois, que resultou moi interesante e onde se fixo unha idea real da importancia económica que ten a illa.

Aprobado o acordo para solucionar a situación das coidadoras do comedor

Aprobouse en Pleno o Plan de Infancia e Adolescencia, un documento necesario para solicitar a Unicef o recoñecemento como cidade Amiga da Infancia. Crearase ademais un Consello Local da Infancia. “Temos unha sensación agridoce con respecto ao plan: estamos moi contentos de aprobalo, pero gustaríanos ter contado co apoio unánime da corporación; da a impresión de que a oposición do Partido Popular atopa escusas en calquera asunto para ir contra o goberno e poñer obstáculos á nosa xestión”, asegura Mario Pillado, tenente de alcaldesa, que lamenta que o PP “esteá máis pendente de entorpecer que de defender os intereses da veciñanza”.

Por outra parte, as coidadoras do comedor terán axustado o seu salario á estrutura retributiva




que marca o convenio colectivo do persoal municipal, grazas a oito votos a favor (apoio de Son Burela) e a pesares do intento de impugnación por parte do Partido Popular, que insistía na falta de documentación no expediente para adoptar o acordo, en contra do criterio dos técnicos municipais.

“Temos unha oposición centrada

en atacar, pretendendo afianzar unha imaxe autoritaria da alcaldesa cun equipo de goberno ao que intentan desacreditar desde o primeiro día, en lugar de centrarse en traballar de maneira construtiva por Burela. É unha pena que dous asuntos deste calado, un Plan de Infancia e a mellora das condicións de traballadoras municipais, non conten cun respaldo plenario unánime”, afirma a alcaldesa, Carmela López.

“Nós si votamos a favor da moción do PP na que solicita que o goberno central remate os traballos nos accesos a Burela, á que o BNG engadiu a petición das infraestruturas pendentes coa Mariña por parte do Estado e da Xunta, como a autovía e a variante. E votamos a favor porque para nós o primeiro é Burela”, engade López.

En marcha un novo servizo de información ‘Burela ao día’



O Concello pon en marcha un novo servizo de información municipal vía Whatsapp, ‘Burela ao día’. Así, a veciñanza disporá dunha nova canle de comunicación que lle permitirá estar informada de todo o que ocorre no concello a través do seu móbil e de xeito instantáneo. Con este novo servizo, os veciños e ve-

ciñas poderán coñecer as últimas novidades sobre a actividade municipal, a axenda cultural, obras, avisos urxentes e outras noticias e informacións de interese. Para acceder só hai que agregar á axenda de contactos o número teléfono 609 827 584 e enviar unha mensaxe coa palabra ALTA.

Aberto o prazo de inscrición para o programa Move a Mente de AFAN

A Asociación de Familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias, AFAN, de Burela puxo en marcha o programa Move a Mente, un programa pioneiro de prevención do deterioro cognitivo e detección precoz das demencias dirixido a persoas maiores de 55 anos.

Aínda quedan prazas dispoñibles e dende a organización lembran que é totalmente grauíto para os asistentes grazas á subvención concedida para a realización de programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0.7% do IRPF (Consellería de Política Social e Xuventude – Federación Alzheimer Galicia).

Con este programa ademais de estimular e manter as capacidades cognitivas dos asistentes realizarase un cribado a través de valoracións cognitivas co fin de detectar de xeito precoz calquera indicio dunha posible demencia e poder así derivar e atender a tempo estas doenzas. O programa terá lugar na sede social, cedida polo Concello de Burela, e situada na Casa do Mar de Burela. As persoas interesadas poden inscribirse previamente chamando ao teléfono 982 580 610 en horario de mañá.

O PP advirte do “descontrol” nas labores de goberno local

O Grupo Popular vén de manifestar que “a rexedora volveu demostrar as dificultades que ten para administrar o Concello de Burela e, especialmente, no eido administrativo”; xa que “unha vez máis levou a Pleno expedientes incompletos con falta de documentación que é fundamental para tomar decisións con rigor”. Os populares condenan o “descontrol”

da alcaldesa no desenvolvemento das súas funcións como demostra o feito de “asinar documentos sen lelos”. Así o consideran ao comprobar que “ten asinado estes meses decretos para pagar facturas a algunha empresa, sen que figuren no expediente os datos da mesma. Nin nome, nin CIF nin enderezo: simplemente autoriza facer o pago”.

Segue a mellora na accesibilidade coa renovación de dúas beirarrúas

O Concello de Burela renovará dúas beirarrúas nas rúas Marqués de Sargadelos e Nosa Señora do Carme, unhas obras cun orzamento conxunto de 19.894,65 euros. O concelleiro de Obras, Ramiro Fernández Rey, afirma que “o obxectivo deste goberno é seguir mellorando a accesibilidade da vila, e estas actuacións amosan ese compromiso”.

Por unha banda, na rúa Marqués de Sargadelos, que conta cun notable desnivel, instálase unha varanda e renovanase as beirarrúas cun material máis rugoso, para aumentar a seguridade dos viandantes.



Por outra banda, na rúa Señora do Carme xa se fixera unha actuación previa, polo que agora se renovará e mellorará o tramo restante.

Estas actuacións están incluídas no Plan Único Provincial do ano 2022. “Seguiremos mellorando beirarrúas en mal estado”, engade Fernández.

As escolas deportivas organizan rutas en bicicleta, tenis e patinaxe para nenos

As escolas deportivas do Concello de Burela organizan neste curso escolar 2023/24 rutas en bicicleta, tenis e patinaxe lúdico para nenos e nenas nados entre os anos 2011 e 2018.

As rutas en bicicleta serán os luns e mércores de 15.30 a 17.00 horas, guiadas por un monitor para recorrer e coñecer o concello. O punto de partida será a praza do concello. As clases de tenis, os martes de 15.30 a 16.30 horas no pavillón dos Castros, onde tamén serán as clases de patinaxe lúdico os xoves de 15.30 a 17.30 horas.

O Concello oferta un ano máis as súas actividades deportivas destinadas a nenos e á mocidade en xeral. Nelas contarán con fútbol da man da SD Burela, baloncesto co CB Burela, fútbol Sala co CD Burela FS, ximnasia rítmica co club Porta XI, tenis co club pádel A Marosa e coas escolas deportivas municipais, taekwondo co club Jansu Vilalba, balonmán co club de Viveiro, patinaxe artístico coas Asociacións Escolas do Deporte, bici con e patinaxe coas escolas deportivas municipais e xadrez co club Reyes y Peones.

Vanse renovar as gradas do campo de fútbol da Marosa



O Goberno local anunciou a licitación do proxecto para renovar as gradas do campo de fútbol municipal, situado na zona deportiva A Marosa. A actuación contará cun orzamento de 413.689 euros.

Así, aumentou o orzamento adicado a esta obra con respecto ás dúas anteriores licitacións da mesma, que non lograron prosperar. A primeira, porque a empresa á que se adjudicara a actuación retirárase do proxecto, e a segunda, por quedar deserta con motivo da crise provocada pola entón recente invasión rusa de Ucraína.

Ramiro Fernández Rey, concelleiro de Obras, confía en que “se poida fa-

cer por fin esta obra, tanto pola súa importancia como polos esforzos feitos para que saia adiante”.

As gradas actuais do campo de fútbol municipal “teñen uns problemas estruturais moi graves que solucionar, polo que se trata dunha obra moi importante; isto explica o esforzo económico que o concello investirá na mesma”, sinala Fernández Rey. O concelleiro agarda “que as novas gradas duren moitos anos máis, para que poidamos ter as instalacións que lles corresponde a un equipo como a SD Burela”. “Continúa así o esforzo en renovar instalacións deportivas que leva facendo durante todos estes anos o Concello”, engade.

A brigada antilumes está a limpar os camiños públicos

O Concello e a Brigada Municipal Antiincendios están a planificar e executar a limpeza dos camiños e das pistas de terra públicas. Esta iniciativa pretende que estas vías estean dispoñibles para o uso da veciñanza, ademais de previr incendios.

A brigada comezou traballar o 8 de agosto, e xa limpou os camiños da Pedra Branca, das Pasadiñas, das Areosas, das Carballas, de Lodeiro, Berdeón de Arriba, Berdeón do Avó, Bouza do Cura, Pena Meas,

Pardiñas, Souto da Vila, Río da Vila, Fonte de Xanrei, Campo de Antón e Pena Dagia. A alcaldesa de Burela, Carmela López, sinala que con estas actuacións preténdese “poñer en valor os nosos camiños de terra, para que sexan camiños de verdade e poidan ser usados a diario”.

Tamén avanzou que “no próximo prego de limpeza no que traballamos estamos abordando a posibilidade de incorporar unha brigada de desbroce para toda a vila”.

O mestre Bernardo Penabade recibiu o Premio Meendinho

O profesor burelés, Bernardo Penabade, representante da iniciativa educativa Modelo Burela, foi agasallado en Vilar de Santos na décimo cuarta edición do Premio Meendinho.

Desde 2003 é un dos impulsores do Modelo Burela, iniciativa de didáctica e planificación lingüística pensada para a aplicación no ámbito local, e coordina o programa radiofónico Proxecto Neo (dedicado á comunidade neofalante) e colabora na produción do Grandes Vozes, dirixido por Marco Pereira Oliveira. En 2021 foi nomeado integrante da Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia do Consello da Cultura Galega.

Penabade é un referente do fomento da comunicación entre os sistemas educativos de Galicia e Portugal. Introduciu as grandes obras da literatura portuguesa, brasileira e africana como complemento do ensino da lingua galega e en 2005 foi un dos precursores da introdución da materia específica de Lingua Portuguesa na rede de ensino secundario galego.

A Mariña sen plástico organiza unha limpeza o domingo 15

A asociación A Mariña sen plástico, volve organizar para o domingo 15 de outubro ás 11.00 horas a limpeza na praia da Marosa de Burela.

Aconsellan levar luvas de traballo, calzado apropiado e moitas ganas porque van facer un bo labor nesta praia. Dende a organización reco-

mendan estar 15 minutos antes do comezo.

A Mariña sen Plástico é unha asociación sen ánimo de lucro, de carácter medioambiental, que busca protexer e coidar a contorna loitando principalmente contra a contaminación provocada por plásticos.

AS SAN LUCAS

MONDOÑEDO DENDE 1186 OUTUBRO 2023

- 17 AROMA OLYMPUS
- 18 SALSARENA LOS SATÉLITES
- 19 Charanga SANTA CECILIA KUBO

20 CINEMA PEPE BENAVENTE

21 RITMO JOVEN PANAMÁ

22 ALKAR

Agardamoste na feira mais antiga de Galicia !!!

AS SAN LUCAS 23

MONDOÑEDO 17A22-X

EN BREVE

MOSTRA. A sala de exposicións da Biblioteca Municipal de Viveiro acolle unha mostra da Asociación Síndrome de Down Lugo, con motivo do XX aniversario da implantación da metodoloxía de emprego con apoio por parte da Federación Down Galicia. A exposición está composta por 12 paneis informativos, dirixidos tanto ás empresas como á poboación en xeral, co obxectivo de sensibilizar e romper estereotipos sobre as persoas con diversidade e o mercado laboral.

TERRAS DE VIVEIRO. O Seminario de Estudos Terra de Viveiro organiza unha excursión a Lugo, coincidindo co popular Domingo das Mozas. Antes de chegar a cidade das murallas, na entrada da capital, visitarán a igrexa románica de Santiago de Meilán do século XII e as carballeiras dos arredores. Logo, realizarán un pequeno percorrido polo casco histórico lucense e algunha das portas máis importantes. Deseguido, en distintas rúas lucenses, poderán gozar de variadas actuacións folclórico-musicais e do ambiente dos viños no centro. Despois, xantarán na Pulpería-Restaurante Manolo de Marce, onde degustarán un rico menú composto de entrantes, polbo á feira, carne ao caldeiro e sobremesas típicas. Pola tarde farán unha visita aos espectaculares murais que e exaltan a cultura castrexa e romana, obra de recoñecidos artistas lucenses como Diego As ou Manuel Pallín.

SEMANA SANTA. O Concello participa na celebración da segunda edición dos 'Días da Rede Europea de Celebracións de Semana Santa e Pascua' ata o 15 de outubro. Esta cita permite dar a coñecer os valores culturais tanxibles e intanxibles da Semana Santa fóra da súa época de celebración, ademais de ofrecer unha oferta turística e cultural para a poboación local e visitante. A alcaldesa, María Loureiro, destaca que esta "é unha oportunidade perfecta para seguir poñendo en valor a nosa Semana Santa". "Dende o Goberno local apostamos por manter e aumentar a cooperación con organismos como esta Rede Europea para seguir dando a coñecer Viveiro", engadiu. Entre a programación, inclúense portas abertas a museos de Semana Santa e casas irmandade, visitas a talleres de arte sacra e talleres de creación artística contemporánea con demostracións, visitas guiadas temáticas sobre a Semana Santa, concertos de música confrade ou degustacións gastronómicas.

Mateo Rubal, do Instituto María Sarmiento, gañou unha medalla no Euroskills



A Cidade da Cultura acolleu un acto para recibir a tres rapaces galegos que participaron no campionato europeo EuroSkills que se celebrou do 5 ao 9 de setembro en Gansk, Polonia.

Así, entre eles atópase Mateo Rubal Fanego do IES María Sarmiento, Viveiro, quen se alzou coa medalla de bronce na modalidade de Soldadura. Os outros

tres gañadores foron María Emilia Piedra Iglesias do CIFP Paseo das Pontes da Coruña e Sergio Martínez Calvar do CIFP Manuel Antonio, Vigo.

O conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades, Román Rodríguez, destacou o triunfo do alumnado galego no campionato como exemplo da potencialidade da FP na Comunidade.

Autorizan o acondicionamento de dúas vivendas no barrio de Grallal, na zona de Covas

O Concello de Viveiro vén de recibir a necesaria autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), para o acondicionamento de dúas vivendas que se atopan ao carón da estrada no barrio de Grallal, en Covas. Nun primeiro momento concello tivo que iniciar primeiro un longo procedemento para desaloxar a un transeúnte que residía alí, un proceso xa rematado.

Posteriormente, abriu un proceso de execución subsidiaria ao non conseguir contactar coas persoas

propietarias dos inmobles, pero trátase de expedientes de tramitación longa.

O Concello xa ten planificadas as obras nos dous inmobles, que consistirán, entre outras tarefas, na limpeza das cubertas, substitución de canlóns e baixantes, retirada de carpintería exterior danada e colocación no seu lugar dun taboleiro, actuacións nos balcóns, limpeza e pintado de fachadas, e tarefas de mantemento nas fincas. Adxudicáranse a curto prazo.

A VII Festa Labrega de Landrove terá lugar os días 13 e 14

A VII Festa Labrega de Landrove, no Concello de Viveiro, terá lugar os días 13 e 14 de outubro e contará con todo tipo de xogos rurais dentro da programación das VI Olimpíadas Rurais. A xornada comezará o venres 13, ás 21.00 horas na que será acendida a chama olímpica. Ás 22.00 horas actuará o grupo Amigos do Folk e haberá boliños preñados gratis para os asistentes.

O sábado 14, ás 13.00 horas o trío Zafiro animará a sesión vermú e os presentes poderán to-

mar o pincho labrego de tortilla, a ración para os socios será de 3 euros e ración non socios 4 euros. Xa pola tarde, ás 16.00 horas comezarán as Olimpíadas Rurais e desde as 21.00 horas terá lugar a cea labrega composta por cunca labrega de caldo, cocido, café, pan e sobremesa e o seu prezo de 10 euros para socios e de 14 euros para os non socios.

Ás 23.00 horas comezará a festa co trío Zafiro e Santín & María Barral. Durante toda a velada levarase a cabo a entrega de premios.

O Concello dixitaliza máis de 80 quilómetros de rutas de sendeirismo e paseos

O Concello anunciou a dixitalización de máis de 80 quilómetros de rutas de sendeirismo e paseos, dentro do programa 'Descubre Viveiro', para impulsar o turismo sostible e de natureza.

"Desta maneira, foméntase un turismo desestacionalizado e respectuoso cos nosos numerosos recursos naturais, o Souto da Retorta, a ruta dos Muíños de Balea, a subida aos nosos montes máis importantes, San Roque, Castelo, Penedo do Galo, o paseo fluvial, o paseo marítimo e moitos máis, evitando deste modo as masificacións nun so lugar", explicou a alcaldesa de Viveiro.

Marisol Rey, concelleira de Turismo, engadiu que "os visitantes poden consultar virtualmente as rutas para escoller a que máis lle interese a través de vídeos dos percorridos, galerías de fotos, tracks, catalogación das rutas co sistema M.I.D.E., perfís, etc".

Ademais, toda esta información tamén está dispoñible de maneira offline nos folletos de 'Descubre Viveiro', que a través de códigos QR leva ao contido online.

"Todas as nosas rutas están dispoñibles na plataforma Wikiloc para poder ser seguidas de maneira gratuíta cun móbil ou relox intelixente, sendo Viveiro o primeiro concello da provincia de Lugo cunha conta ORG desta plataforma, que actualmente



conta con máis de 13 millóns de usuarios", apuntou María Loureiro.

BALANCE. O Concello fai un balance moi satisfactorio do primeiro ano de actividade do proxecto 'Descubre Viveiro', unha ambiciosa campaña de comunicación turística que completa a promoción que se está levando a cabo durante estes últimos anos.

Para a alcaldesa de Viveiro, "é primordial a adaptación ao mundo dixital para unha promoción turística eficiente. Abrimos canais novos en Instagram, TikTok, Wikiloc e Youtube, que nos posicionan para chegar aos diferentes targets aos que nos diriximos".

As canles obtiveron nesta primeira etapa do proxecto 1.869.000 visualizacións; 1.513.000 persoas alcanzadas; 9.037 novos seguidores e 16.534 'likes'.

Aprobado por unanimidade o Plan de Infancia e Adolescencia

O Pleno municipal aprobou o Plan de Infancia e Adolescencia do Concello de Viveiro, a través dunha moción apoiada por unanimidade por todos os grupos políticos da corporación.

"O Concello leva tempo realizando as xestións e trámites necesarios para concorrer á convocatoria de recoñecemento como Cidade Amiga de Infancia, e para elo é imprescindible contar co Plan de Infancia e Adolescencia", asegura a alcaldesa, María Loureiro.

A iniciativa Cidades Amigas da Infancia, liderada por UNICEF Comité Español, ten como obxectivo xeral promover a aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno (ONU, 1989), ratificada por España en 1990 no ámbito dos Gobernos Locais.

"Consideramos que este recoñecemento favorecerá os intereses da poboación en xeral e da infancia en particular, na liña do traballo que vimos desenvolvendo con diversas iniciativas que teñen como destinatarios os colectivos infantís e xuvenís, como a creación do Grupo de Participación Xuvenil", engade Loureiro.

Este plan foi elaborado grazas á colaboración de diferentes departamentos e persoal municipal, dos centros educativos, de colectivos e axentes sociais e, tamén, do conxunto de nenos, nenas e adolescentes que participaron nas consultas e enquisas formuladas e, moi especialmente, do Grupo de Participación Xuvenil.

O Concello prestou o servizo de axuda no fogar a 194 usuarios

O Concello destinou no ano 2022 un total de 1.191.000 euros a financiar o Servizo de Axuda no Fogar (SAF): 336.593,25 euros para o sistema de Libre Concurrencia e 854.354,34 euros para Dependencia.

Así, o Concello préstalle servizo de axuda no fogar a 194 usuarios, polos que recibe unha axuda da Consellería de Política Social para o custo de 108 usuarios de Dependencia, non sufragando a Xunta o custo dos 86 usuarios de Libre Concurrencia.

En concreto, o custo da hora da prestación do servizo para o Concello de Viveiro ascende a 16,04 euros por hora, sendo unicamente subvencionado pola Xunta co importe de 12 euros por hora o SAF de Dependencia, non sendo achegada pola Consellería de Política Social cantidade algunha para o SAF de Libre Concurrencia.

“O Concello ten o compromiso de non ter ningún dependente con grado III na lista de espera, pero non podemos asumir o servizo de todos os usuarios, xa que a Consellería non aporta os fondos necesarios, coma xa lles reclamaron dende a FEGAMP en reiteradas ocasións”, engade Loureiro.

O custo que afronta o Concello nos servizos sociais comunitarios para a prestación do SAF e o volume de



persoas que o están a recibir foise incrementando paulatinamente. As circunstancias económicas actuais requiren unha maior achega económica por parte da Xunta de Galicia que garanta a estabilidade do financiamento do Sistema Galego de Servizos Sociais, no que atinxe aos orzamentos das entidades locais.

PP. Mariña Gueimunde asegura que “para o PP de Viveiro os servizos sociais son unha prioridade” porque “o máis importante son os nosos veciños e veciñas”. É por iso polo que considera “indignante” que o Goberno local non xestione debidamente o servizo de axuda no fogar a persoas dependentes tendo en conta que “a pesar de que o Concello de Viveiro dispón de horas subvencionadas pola Xunta, non as asigna a ningún

usuario”.

A voceira popular explica que “o propio Goberno local recoñece por escrito, en resposta a unha pregunta formulada polo Grupo Municipal Popular no pleno do pasado 6 de setembro, que no mes de xullo dispoñía de 677 horas sen asignar habendo un total de 107 usuarios xa valorados polos servizos técnicos da Xunta e en lista de espera para recibir este servizo”. Deles, 64 son de grao I, 42 de grao II e un de grao III (ou de gran dependencia, que precisa apoio constante e indispensable).

“Non é comprensible que haxa ningunha persoa dependente xa valorada que quede sen a prestación do servizo”, segundo Gueimunde que cre que “como mínimo, o goberno local debería utilizar todas as horas subvencionadas pola Xunta”.

Comezou a renovación do alumeadado público en Atalaia

Comezaron as obras para a renovación do alumeadado público en Atalaia, Celeiro, que se cambiarán por novas luminarias de tecnoloxía LED. A actuación contempla a renovación dos faros e das caixas de mando e o investimento será duns 100.000 euros, financiado integramente polo Fondo de Compensación Ambiental 2023. “Coa nova rede, a zona terá unha mellor visibilidade e eficiencia enerxética, reducindo ademais a contaminación lumínica”, asegura a alcaldesa de Viveiro. A renovación da rede en Atalaia inclúe o acceso desde Casanova; a rúa Illa Coelleira; a rúa Illa Sar e o parque público; a rúa Illa Anchoa; a rúa Illa Gaveira; e a praza da Atalaia.

AVENIDA DE GALICIA. As obras de substitución do colector de saneamento na avenida de Galicia xa comezaron. O emprazamento destas obras localízase na intersección de avenida de Galicia coa de Cervantes.

A finalidade desta obra é eliminar un punto de vertido que se localiza na estación de autobuses, como consecuencia do estado no que se atopa a rede de saneamento municipal, polo que se vai substituír un tramo de colector.

CAMIÑOS RURAIS. O Concello realizará diversas obras en cami-

ños rurais da parroquia de Vieiro como parte do Plan de Mellora de Camiños Rurais 2023-2024. Este proxecto do anterior mandato servirá para mellorar e renovar tres vias, comezando pola pista Lavandeira-Areal e ramal da pista do río Areal.

Trátase dun proxecto do anterior mandato, agora xa en prazo de execución. Os outros vias que se renovarán serán a pista Cabeceira-Pelourao e ramal e a pista do barrio da Igrexa, todos eles na parroquia viveirense de Vieiro.

As actuacións contan cunha subvención da AGADER que aportará 68.406,00 euros do total de 88.130,40 euros que custarán os traballos.

XARDINEIRAS. Tamén informaron da retirada das xardineiras que estaban ubicadas nas beirarrúas da Travesía da Mariña. “Na maioría dos emprazamentos nas que estaban eran un obstáculo, e coa súa retirada melloramos o tránsito de peóns e avanzamos en accesibilidade, pensando nas persoas con mobilidade reducida ou nos carriños dos bebés”, explicaron. En concreto, retiráronse as xardineiras que estaban na Travesía da Mariña no tramo que vai desde o restaurante Ría ata a pescadería. Algunhas delas estaban ademais en mal estado.

Realizáronse melloras en varios parques infantís do municipio

Véñense de realizar tarefas de renovación e mantemento en dous parques infantís, mellorando desta forma dúas zonas de lecer para os nenos e nenas.

No caso do parque das Lavadeiras, en Celeiro, “xa están rematadas as tarefas de reparación levadas a cabo nos aparatos de xogo”, explica Míriam Bermúdez, tenente de alcaldesa e responsable da concellería de Parques e Xardíns.

“Temos o compromiso de mellorar e ter en boas condicións os espazos de ocio e lecer para as familias; os parques infantís son moi importantes para a conciliación e para fomentar o xogo compartido entre os nenos e nenas”, engade Bermúdez.

O concello realizou tamén tarefas de mantemento no parque da praza da Habana e anuncia que o columpio-cesta que falta está pedido e instalárase en canto chegue. Estes traballos

en todos os parques infantís de Viveiro realizaranse de forma periódica para mantelos en boas condicións.

PRAIAS. Tamén estiveron a realizarse diferentes tarefas de reparación, limpeza e mantemento nas praias do municipio unha vez rematada a tempada estival. “O obxectivo destas tarefas de mantemento é deixar os areas en boas condicións para a tempada de inverno”, engade.

Os baños públicos estarán abertos durante todo o ano

Viveiro terá abertos durante todo o ano unha serie de baños públicos para o uso da veciñanza e os visitantes. O primeiro deles é o situado en Covas, onde a parrillada do parque. Tamén estarán abertos todo o ano os que se atopan ao final no paseo desta praia, no pequeno parque alí situado. Este último está especificamente deseñado para ser empregado por persoas con mobilidade

reducida, aínda que o outro tamén está adaptado para posibilitar este uso.

Finalmente, como novidade, o aseo que está situado debaixo do templete de música tamén poderá ser empregado todo o ano. O Concello pide a colaboración da veciñanza para manter estes baños públicos o máis limpos e coidados posibles.

12-13-14 OUTUBRO

October Fest-Foz

AUGAS SANTAS | BAR 78
DANDY RESTAURANTE
MAREXADA | NAMARINOS
O MUELLE BAR | O TANGARTE

Centro comercial aberto
CCAFOZ

XUNTA DE GALICIA

Concello de Viveiro

EN BREVE

ITV. A unidade móbil de inspección técnica de vehículos agrícolas estará en Foz o 24 de outubro. A estación itinerante estará na área recreativa de Ferreira Vella en San Martiño en horario de 9.00 a 13.30 horas e poderase pedir cita previa dende o 24 de setembro. Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycitv.com.

DOCUMENTAL. O Cinema de Foz acollerá o vindeiro 6 de outubro a proxección do documental 'Xove, Democracia Nuclear', que trata sobre a mobilización social contra o a construción dunha central nuclear en Xove. Dirixido polo xornalista leonés Pedro Lechuga, o documental, que conta coa colaboración da Asociación de Prensa de Lugo, recupera as historias vividas na Mariña cando en novembro de 1973 se fixo público o proxecto a través dos medios de comunicación, recollendo quince testemuñas de veciñanza, persoas vinculadas ao nacionalismo, ao Sindicato Labrego Galego, xornalistas e catedráticos, ademais do alcalde de Xove na época, Jesús López.

BAILE. Comeza en Foz a tempada de bailes, a etapa máis musical deste mes de outubro e ademais con novidades porque con respecto ano pasado non só haberá bailes os domingos senón que os sábados vanse celebrar en Cangas, grazas tamén á colaboración da asociación de veciños. E ademais haberá o baile habitual na Sala Bahía. Na Sala Bahía o 15 actuará Aixa Romy, o 22 a música estará a cargo do dúo Matices e o último domingo do mes, o día 29, actuará Manu Contre. E en Cangas o 14 o baile estará amenizado polo dúo La Clave e o día 28 polo trío Zafiro. O horario de todos os bailes será de 20.00 a 23.00 horas e o prezo da entrada son 5 euros.

IES DE FOZ. O IES de Foz oferta este curso 2023-24 unha aula de capacitación dixital, na que se ofrecerá formación para adquirir coñecementos dixitais básicos sobre temas como solicitude de citas previas, obtención de certificados, comunicación con entidades financeiras, seguridade nas redes, compra online, correo electrónico, videoconferencias, etcétera. Os cursos serán gratuítos e os asistentes recibirán certificación da Xunta. As persoas interesadas poden solicitar información no IES de Foz, a través do teléfono 982 870 287.

O teatro, a música e o cine chegan polo Outono



O Concello presentou a súa programación cultural para os meses de setembro, outubro e novembro. A concelleira de Cultura, Inés López Couto, anuncia que "este outono chega cargado de novidades teatrais, musicais e de cine".

A edil de Cultura explica que "outubro contará co Ciclo Mestre Mateo, que se realiza grazas a colaboración da Área de Cultura e Vicepresidencia da Deputación". A concelleira de Cultura destaca tamén que "como novidade, este ano a danza vai a ser protagonista do outono. Quixemos apostar por algo diferente e menos coñecido. A danza comezou a mostrarse en Foz co festival Abanea, que

se levou a cabo o 26 de xullo con moi boa acollida e que vai a continuar deleitándonos este outono. O venres 3 de novembro teremos a un veciño de Foz, Iago Alonso, coa súa compañía Lad Dance Company e o espectáculo Qualia, e o venres 10 de novembro será Marta Alonso Tejada a que nos traia Bailar agora. Esperemos que a xente se anime a vivir algo novo con estes espectáculos. Outro dos atractivos é o sempre esperado Concerto de Sta Ícia da Banda de Música de Foz, que este ano co gallo do seu trinta aniversario ten pensado deleitarnos cunha actuación moi especial que agardamos con moita intriga e ilusión".

A elección da raiña ou rei do Entroido 2024 será o día 14

A asociación O Noso Foz e o Concello de Foz veñen de presentar a elección do rei ou raiña do Entroido 2024, evento que terá lugar na Sala Bahía o próximo 14 de outubro, sábado, a partir das 19.30 horas. Desde a organización confirman que son sete os candidatos que se postulan a dar relevo a Uxía Valmayor Forés e "todos demostran unha tremenda ilusión por representar o Entroido de Foz o vindeiro ano", destaca a concelleira de Cultura, Inés López.

Os sete candidatos son nomes coñecidos na vila de Foz pola súa participación activa no Entroido e case todos pertencen a algunha asociación vinculada a este. Os aspirantes son: Dérek Pérez Fernández, da comparsa Ruxe Ruxe; Carlota Fernández del Riego, da comparsa As Trouleiras; Coral Rey Oliveros, da comparsa Sin Xeito; Lucía López Lombardero, da comparsa Malo Será; Julio Villarino Neira -máis coñecido como O Yanki-, do grupo Vanche Galanas; Ma-

nuel Sanjurjo Rodríguez, da comparsa Os Macanudos de Barreiros; e María Díaz Villamor.

Para a festa do sábado 14 de outubro montarase unha carpa na Sala Bahía e haberá servizo de barra. Tamén haberá servizo de ceas a cargo de Espacio Machete e a festa estará amenizada polo DJ Alejandro Martínez", anuncian desde a Asociación O Noso Foz.

O evento contará con xurado, que terá un peso do 40%, e con votación popular, o 60%. "Para votar no evento será necesario mercar as entradas que se venderán ese mesmo día a partir das 18.30 horas na propia Sala Bahía. Terán un prezo de 2 euros e os menores de 14 anos entrarán gratis.

Desde a organización prégaselle aos asistentes que acudan disfrazados. Ademais desexan "a maior das sortes a todos os aspirantes a rei ou raiña; sabemos de boa man que calquera deles será un digno representante", comenta Fátima Novo, presidenta de O Noso Foz.

O festival da cervexa máis famoso chega os vindeiros 12, 13 e 14 de outubro

O festival da cervexa máis famoso do mundo chega a Foz os vindeiros 12, 13 e 14 de outubro para ofrecer bebida e racións. Esta cita servirá de aliciente para que a veciñanza se achegue á vila durante a ponte festiva.

Nesta evento, o CCA Foz e os establecementos hostaleiros fogegos deseñaron unha ruta que fusiona cervexas e gastronomía e na que o público se achegará á festa cervexeira máis popular de Alemaña e unha das máis celebradas en todo o mundo na que se pode coñecer e gozar ademais da cervexa, da gastronomía, a música e a cultura.

As cervexas que se poderán degustar durante eses días son a Augas Santas, ErDinger, Voll Damm, Alhambra, Estrella Galicia, 1906 e 1906 La Pelirroja. E os establecementos hostaleiros serán Augas Santas, Bar78,



Dandy Restaurante, Marexada, Namarinós, O Muelle Bar e O Tangarte.

Ademais durante estas xornadas os establecementos participantes ofrecerán diferentes ofertas mesturando cervexa e racións de salchichas, a tradicional comida festiva xermana.

O Pleno incrementa o orzamento en 180.000 euros para o pago de facturas da residencia de maiores

Fran Cajoto, alcalde de Foz, explicou no Pleno que se celebrou que se vai incrementar o orzamento en 180.000 euros para o pago de facturas da residencia e centro de día.

Así, dixo que "a Xunta - Consorcio desentendeuse da residencia a pesar de ser da súa competencia", o que provocou que os usuarios terán que aportar do seu patrimonio para aboar a súa praza se non é suficiente coa pensión que cobran, ao contrario do que pasaría se a xestionara a Xunta. "O Concello de Foz, en todo

caso, asumirá os custes daqueles que non dispoñan de patrimonio a través das axudas de emerxencia", engadiu. Tamén explicou que "as facturas encóntranse en diferentes fases de tramitación".

Cajoto engade que "o voceiro do Partido Popular,, é o único causante da suba de prezos que se vai a producir na residencia e pretende enmascaralo con xuizos de valor e descualificacións persoais, intentando impoñer intereses particulares fronte á legalidade".



100 ANOS. Antonio Seijas Díaz, veciño de San Acisclo que acaba de cumprir 100 anos, concretamente o 23 de setembro. É o oitavo centenario do municipio, dos que 6 son mulleres.

“Quixemos visibilizar o patrimonio material marítimo pesqueiro”

A Sociedade Cultural A Rula preparou con agarimo unha mostra para o Cenima

Silvia Fiallega, membro da Sociedade Cultural A Rula, fálanos sobre o pasado, presente e futuro da asociación ligada ao mundo marítimo pesqueiro.

Como naceu?

Nacemos como sociedade en agosto 2020, no medio da pandemia, polo que fomos pouquiño a pouco porque houbo moita interrupción polo medio.

Con que fin xurdiu?

Pois resulta que os nosos maiores, Salustiano Niño e Salustiano Alonso, levaban anos reunindo unha colección de pezas relacionadas co mundo do mar, e tiñanas instaladas na lonxa pero era un local que había que deixar. Así que digamos que todo naceu como unha continuación do seu traballo para darlle unha voz a esas pezas e visibilizar e dar a coñecer o patrimonio material marítimo pesqueiro da nosa vila e sobre todo o patrimonio inmaterial.

A que se refire co inmaterial?

Pois refírome a que as pezas ao final son obxectos e hai que darlles voz da man das persoas que as usaron e coñeceron, é dicir, que uso se lle deu, para que servían, etc. Ao darlle un relato a todo este material fai que recobren vida de novo e se transmita e poña en valor a importancia do saber herdado. Iso é o primordial.

Por iso a mostra Somos Mar?

Si. Esta exposición, que se atopa no Cenima de Foz, conta con todo este material. Por unha banda foise creando un percorrido cunha selección de pezas organizada en diferentes seccións, e calquera que entre na

mostra sexa de Foz ou doutro concello, levará unha idea de como era o mundo marítimo pesqueiro da nosa vila e as xentes que foron e somos parte desta realidade. A exposición tamén é totalmente accesible, tanto no acceso como no percorrido, xa que está deseñada para que calquera poida acceder ós contidos.

Por que ese nome?

Somos é un plural sen xénero que nos inclúe a todos polo que, Somos Mar, é un nome inclusivo que integra socialmente a todas e todos os que dalgún xeito participamos ou vivimos o mar. A eles e a elas, pois na mostra hai unha parte importante dedicada ás redeiras, as pescantinas, ás mulleres da conserva, etc, mulleres que tamén integran o mundo do mar dun xeito importante e imprescindible. Porque o mar tamén é delas e o seu traballo estivo pouco considerado e visibilizado as máis das veces.

Como é esta exposición?

A exposición está pensada como un percorrido de coñecemento, mais tamén é un percorrido emocional, para ser vivído. Comeza sendo unha exposición de contidos e remata amosando as xentes que lle dan vida a ese patrimonio. O percorrido está pensado para que a xente vaia mirando primeiro pola man esquerda no que se pode ver un percorrido fotográfico a través de estampas do pasado da ribeira, desde o Porto ata o Cenima, onde se desenvolveu boa parte desa actividade e se pode ver a transformación do pobo. E polo outro lado do corredor, que está pensado para miralo á volta, é onde están as persoas pois o que tratamos é de

humanizar o patrimonio xa que Foz non é un lugar nin unha actividade, Foz son as persoas. Desde o corredor accedemos á primeira sala no que podemos seguir o percorrido do peixe desde a descarga ó seu procesado na conserva, pasando pola poxa e a venda. E ademais hai un pequeno espazo dedicado ós asteiros e carpinterías de ribeira. A segunda sala trata sobre a actividade pesqueira propiamente dita. De feito o centro da sala está ocupado por unha coñecida embarcación de Fazouro e está flanqueada por fotografías das tripulacións e dos traballos que desenvolvían nos barcos. Conta tamén cunha gaiola de recollida de algas que estaba na zona de Cangas e moitas pezas máis.

Que tipo de fotografías hai?

Pois gustounos a idea de poñer fotos do cotiá, de persoas no seu día a día, sen significar a ningunha en particular, senón ó colectivo, como os cativos xogando na ribeira, as carolas, xente amañando aparellos, etc. Todas estas fotos foron de Suso da Bahía e foron feitas por Juan José Vivancos. Despois en cada sala contamos con fotografías para ilustrar as diferentes seccións.

E que pezas se poden atopar na mostra?

Pois na primeira sala atópase a peza estrela, o bombo, que o mercou a confraría a principios do século XX que serve para rular o peixe. O bombo é un moble de forma octogonal e de madeira cunha serie que boquillas numeradas nas que se introducía unha bola co mesmo número, que á súa vez se correspondía co dunha pescantina ou comprador. Cada



pescantina dispuña dun interruptor conectado ao bombo e cando comezaba a poxa, en vez de berrar “meu!”, como se facía na poxa tradicional, só tiñan que premer o interruptor así o comprador máis rápido facíase co lote do peixe. De feito o día da inauguración da mostra viu Siso, o último ruleiro de Foz, e estivo facendo unha poxa ficticia que emocionou a todos cantos estábamos presentes. Tamén hai pezas indiscutibles da historia como é un moble da biblioteca Salgado Toimil, que foi a primeira de carácter público de Foz e da Confraría. Na segunda sala hai unha embarcación tradicional, e tamén unha gaiola de recoller a alga, esta foi unha actividade bastante estendida pois estas algas recollíanse para abonos e para farmacéuticas. Era un traballo bastante duro. Por outra banda temos un traxe de buzo completo, o primeiro que se empregou en Foz e incluso ao fondo recreamos a ponte de mando e unha parte da cuberta, que inclúe o pao do Calín, un barco moi coñecido en Foz.

Que representa esta mostra para vós?

Un orgullo, pois a mellor maneira de preservar e poñer en valor o noso patrimonio é coñecelo e sentir orgullo polo propio. Porque un coida o que quere.

É para a veciñanza de Foz?

Cremos que estimula a memoria da

xente que o ve e dáselle valor ó noso pasado, e failles falar e compartir a memoria colectiva do noso pobo.

Que futuro lle ve á mostra ou á asociación?

Polo momento temos que sentarnos pois a nosa pretensión é a de facer facendo e aprender facendo. O noso ámbito de acción é o patrimonio marítimo pesqueiro de Foz, coa pretensión de que sexa unha labor compartida coa xente que sabe, que aínda queda moita e ten moito que ensinarnos. Así que a partir de aí e traballar, por exemplo, creando faladoiros, conferencias e charlas, pero irase vendo. O importante é ter ideas, vontade, ilusión e ganas para materializalas.

É unha mostra que lle pode servir aos nenos para aprender.

Si, sería xenial traballar o patrimonio cos colexios e que quen lle lo conte foran os nosos maiores, así poderían amosarlles como se facían as cousas. Os maiores teñen moito coñecemento adquirido que poden ensinar e así trasladarán as ideas para que os nenos sexan conscientes do mundo do mar. A ciencia disto é ser capaces de transmitir e coñecemos mellor. De feito gústame moito a frase de Saramago: somos a memoria que temos e a responsabilidade que asumimos. Sen memoria non existimos e sen responsabilidade quizás non merezamos existir.



O Concello segue co plan de desbroces por todo o municipio



O Concello de Mondoñedo segue co plan de desbroces que se está a levar a cabo durante estas semanas por todo o termo municipal.

O programa de actuacións preventivas do Concello planifica para este 2023 o desbroce en 110 hectáreas das 14 parroquias, que suman case 220 quilómetros

de lonxitude de vías e camiños municipais a través dunha brigada e tractor, gracias a unha axuda da Xunta de Galicia solicitada por este goberno municipal.

Os traballos seguen en marcha en todo o municipio ata o 30 de setembro e a vindeira semana remata os desbroces das pistas asfaltadas.

Denuncian a falta de persoal na residencia de maiores San Rafael

Comisións Obreiras denuncia a falta de persoal na residencia de maiores San Rafael, xestionada pola entidade Edad Dorada-Mensajeros de la Paz. Segundo o sindicato, desde o mes de xuño están “baixo mínimos e isto provoca unha sobrecarga de traballo”. Como exemplo desta situación, hai quendas en que unicamente dúas xerocultoras deben atender 47 residentes.

A causa “é que Mensajeros de la Paz non está a substituír as persoas que se atopan de baixa nin tampouco as que gozan das súas vacacións”. Alén disto, o centro non conta co persoal de enfermaría obrigatorio que esixe a normativa, pois só unha persoa traballa de luns a venres, en horario de mañá, quedando a descuberto as restantes quendas.

A falta de persoal obriga aos empregados do centro a asumir máis traballo e a expoñerse a máis riscos laborais, tanto físicos como psicosociais, provocando o que se coñece como síndrome do traballador queimado. Comisións puxo esta situación en coñecemento da empresa e mais da Consellaría de Política Social que ten as funcións de inspección destes centros, “dando ambas as dúas a cada por resposta”.

PSOE. Os socialistas apoian as reivindicacións das traballadoras xa que denuncian que non hai persoal suficiente para atender aos usuarios desta residencia. Tras contactar coas traballadoras e coñecer de primeira man a súas demandas dixeron, “sumámonos as súas reivindicacións, e

ao mesmo tempo, poñémonos a súa disposición para iniciar tódalas medidas oportunas para reverter esta caótica e anómala situación”. Hai que ter en conta ademais, que esta Residencia está nun situada nun edificio moi grande con varias plantas, o que dificulta tamén o traballo diario nos seus espazos.

“Queremos lembrar que a propia Xunta de Galicia, no mes de febreiro anunciou a ampliación do número de prazas na residencia, polo tanto, emprazamos tanto á entidade Edad Dorada-Mensajeros de la Paz, como á Consellaría de Política Social que ten as funcións de inspección destes centros a tomar as medidas urxentes e necesarias para poder atender con tódalas garantías aos usuarios deste centro”, engadiron.

“Este ano contamos con máis grupos e variedade de estilos”

Xoldra é a asociación que organiza a segunda edición do Festival Breason

Con que motivación xorde Xoldra?
Pois nace sobre o 1997 en Mondoñedo, nunha reunión entre amigas e amigos. E coa motivación de ofrecer á xuventude ocio e actividades culturais, ao asociarse había oportunidade de acudir ás diferentes administracións e así tratar de conseguir fondos e tamén gañar identidade como grupo xuvenil, a cal a día de hoxe cremos que seguimos conservando.

Que obxectivos ten?

A asociación ten como obxectivos principais xuntar e mobilizar á mocidade mindoniense para traballar por e para a nosa cidade, xa que cremos que é un pobo con moito potencial. Grazas á participación nas diferentes actividades que imos organizando conseguimos unha cohesión interxeracional que consideramos que se dá en poucos lugares.

Teñen apoio institucional?

Dependendo da actividade que realicemos. Adoitamos contar co apoio do Concello pero tamén do resto de Administracións Públicas, nomeadamente da Deputación de Lugo.

E doutras asociacións e colectivos?

Contamos co apoio da asociación O Pasatempo de Mondoñedo en case todo o que facemos xa que temos moi boa relación e doutras asocia-

cións locais sempre que o precisamos, tamén de persoas que, aínda sen formar parte do tecido asociativo da cidade, botan unha man sempre que o precisamos. Ademais, mantemos unha estreita relación coa asociación cultural A Rumboia de Abadín coa que compartimos algún membro e seguramente fagamos algo xuntos nun futuro. Como os nosos pobos teñen moitas cousas en común, poñemos ideas enriba da mesa e imos complementándonos, ademais de participar mutuamente

en todas as actividades organizadas por unha e outra.

Que iniciativas propoñen?

Realizamos unha carreira anual en fin de ano, participamos no Entroido mindoniense, colaboramos no Mercado Medieval, tamén facemos teatro e todos os anos unha excursión anual de socias e socios. Durante a pandemia, ao limitarnos moito as restricións creamos un xogo de mesa sobre a cidade e persoas célebres e Dende o ano pasado organizamos o

Actividades desta edición

A Asociación Xuvenil Xoldra de Mondoñedo comunicou que xa están a preparar a nova edición do BreaSon, un festival que conta con música, oferta gastronómica, teatro e moitas actividades.

As datas de celebración do festival serán o 3 e 4 de novembro e contarán coas actuacións de Grande Osso, Fillas de Cassandra, Ruxe Ruxe, Catuxa Salom, The Skarnivals e Los Rastreadores. Esperase que todos os públicos podan desfrutar das actividades previstas de lecer, catas de viño e un magosto. Tamén haberá tempo de ocio no que o primeiro día do festival teñen preparado unha

obra teatral no auditorio municipal ás 20.00 horas.

Así, o día 4 ao mediodía será a cata de vermú e degustación de conservas, así como xogos populares e dinámicas grupais para os máis pequenos da casa. Arredor das 13.30 horas será a quenda da primeira actuación musical a cargo de Catuxa Salom e Grande Osso que amenizará o final da sesión vermú.

Pola tarde haberá a merenda con Samaín para os nenos e, a partir das sete e media, a Asociación Pasatempo ten previsto compartir o anual magosto popular. A música seguirá ás 21.30 horas.



festival BreaSon. Ademais, tratamos de colaborar con calquera iniciativa q vaia xurdindo na zona. Moitas veces non podemos axudar todo o que nos gustaría xa que moitas das persoas que conformamos a asociación non vivimos en Mondoñedo.

Que accións futuras teñen en mente poñer en marcha?

Queremos organizar un evento relacionado co rap e a música urbana en galego, para darlle visión a este estilo musical na nosa terra. Tamén estamos organizando unha cea popular e unha saída para a limpeza dalgún espazo natural da contorna.

Falemos do Breason. Por que ese nome?

Buscamos aportarlle entre outras cousas, son a Mondoñedo, a través do festival, que leva o nome de Brea porque así era coñecido historicamente Mondoñedo como Vilamaior de Brea ou Val de Brea.

Por que o logo é un pingúin?

O pingúin era o logo do Disco-pub A Sala, lugar de culto para calquera mindoniense. Atréveme a dicir que a maioría dos membros da asociación, tanto actuais como antigos,

pasamos moitas tardes e noites da nosa adolescencia na Sala e témoslle un cariño especial xa que non so funcionaba como local de ocio nocturno senón que tamén era un local de reunión polas tardes para xogar á Play, ao fútbol, ao billar, etc. En definitiva, é unha homenaxe ao ocio mindoniense.

Cantas edicións leva?

Pois este ano sacaremos adiante a II edición, o ano pasado celebramos a primeira con motivo do 25 aniversario da asociación.

Que novidades haberá este ano?

Pois ademais dunha maior aposta dentro do ámbito musical cun maior número de grupos e variedade de estilos, teremos espazo para a gastronomía con algunha sorpresa, actividades para as crianzas, como xogos populares e seguiremos contando co magosto da asociación O Pasatempo coa que intentamos colaborar sempre. Que non falten as castañas e a música tradicional.

Algunha actividade alternativa?

Máis alá das actuacións musicais, haberá teatro, unha cata-degustación, xogos populares e algunha sorpresa.

A raíz gandeira de Mondoñedo

A feira das San Lucas, a máis antiga deste tipo de citas, celebrarase do 17 ao 22 de outubro en colaboración da asociación homónima e o Concello

As campás da catedral de Mondoñedo, acompañadas de fogos, anuncian ao mediodía do 17 de outubro o comezo das San Lucas, unha das máis importantes feiras tradicionais de Galicia, cuxa orixe se remonta a 1156, ano no que Afonso VII concedeu á vila unha festa de oito días.

A baixada dos cabalos na véspera das San Lucas abrirá o programa e 500 animais de gandeirías mindonienses baixarán dos montes próximos ata a cidade, pasando polo barrio dos Muiños, a rúa San Roque, a Fonte Vella e a Praza da Catedral para rematar no Campo da Feira, onde, ao día seguinte, se celebrará a Gran Feira Tradicional de Gando Cabalar. Esta feira é posible gracias á Asociación As San Lucas, que naceu no ano 2012 para darlle continuidade a outra que existía, e que contaba cun nome moi similar, Asociación Cultural As San Lucas. Malia o cambio de nome por un simple formalismo seguen coa responsabilidade de organizar esta tradicional festa e “darlle continuidade a toda a xente que pasou polas distintas organizacións dende 1156, que aínda non organizaran a expedición de Cristobal Colón e xa había mindonienses organizando As San Lucas”, di Miguel Paz



Sixto, presidente da asociación. O obxectivo desta organización e que teñen moi claro é “poñer o noso gran de area para que As San Lucas sigan sendo un referente, e seguir mantendo a maxia que teñen, seguir sentindo os cabalos cada 17 de outubro”.

Actualmente a asociación está formada por Miguel, Bea, Modesto, Elena, Manu, Oriola, Gervasia, Manolo, e Miguel Paz. Pero, sen dúbida, “somos moitísima máis xente, que axuda e colabora, así como tamén os traballadores do Concello que nesos días para eles son mais traballo que festa e sen eles tampouco

sería posible”.

As feiras das San Lucas son, fundamentalmente, de gando, e contan con concursos e actividades arredor deste mundo como o concurso morfolóxico, o de andadura galega, espectáculos de doma de cabalos Pura Raza Galega, espectáculo de doma nocturna na praza da Catedral e moitas actividades máis que “todas as persoas que teñan cabalos ou lles guste o mundo ecuestre deben vir a coñecer esta tradicional festa”, di Miguel.

Non faltan charangas, xogos tradicionais, verbenas e concertos todos os días, e unha feira-mostra de produtos agroalimentarios e de maquinaria. Este ano ademais haberá un monólogo de Carlos Blanco o domingo ás 19.30 no auditorio.

Este mindoniense lembra que de neno ía a feira a xantar o polbo e ir as atraccións, “moitos recordos e todos bos”. Antes contaban cunha feira-mostra e “tamén gustábame moito ir, pois había un pouco de todo, así como aos xogos para nenos. Eses días eran todo festa, e por riba sempre se celebran ao pouco de comezar a época escolar o que estaba ben pois así non daba tempo a que te castigaran por algo que fixeras mal”, lembra con agarimo Miguel.



Programa das San Lucas

A festa comezará co pregón de Roberto Vilar o martes 17 ás 21.00 horas que será despois do desfile das Sanluqueiras.

Xa o martes 18, día de San Lucas, é cando se celebra a Gran Feira Tradicional de Gando Cabalar e nela pódense ver todos os cabalos que viven en semiliberdade todo o ano. Ás 13.30 será a entrega de premios Concurso de Gando e ás 16.30 horas o Concurso de Andadura Cabalo Marchador Galego.

Os días 19 e 20 haberá un espectáculo de Doma Nocturna na praza da Catedral ás 21.00 horas.

O sábado 21 comezará a xornada ás 12.00 co Concurso morfolóxico de Cabalos de Pura Raza Galega Gran Final Copa Galicia, seguirá ás 13.00 coa exhibición de doma, e despois co Concurso morfolóxico de Cabalos de Pura

Raza Galega, apartado eguas maiores de 3 anos.

O domingo 22 ás 11.30 será o Concurso de andadura galega chapeada, ás 12.30 continuará o Concurso de andaina galega, Sub 16, e ás 16.30 comezará o Concurso de andadura galega serrada.

MÚSICA. No apartado musical, o martes 17 estarán as orquestras Aroma e Olympus, o día 18 será a quenda de Salsarena e Los Satélites, o xoves 19 amenizarán a charanga Santa Cecilia e a orquestra Kubo, o venres 20 chegará a orquestra Cinema e Pepe Benavente, o día 21 estarán Ritmo Joven e orquestra Panamá e pola noite ás 22.00 horas haberá un concerto de Xosé Manuel Budiño. O domingo 22 pechará a festa a orquestra Alkar.

O Concello reforza as medidas no uso da marca Horta de Mondoñedo

O alcalde, Manolo Otero, presidiu unha reunión xunto cos produtores autorizados para comercializar os seus produtos hortícolas baixo a marca Horta de Mondoñedo para establecer as próximas liñas de traballo.

O goberno local aposta por reforzar o control do uso da marca que garante a procedencia dos produtos para evitar que se produza algún mal uso que poda danar a imaxe dos produtos e produtores autorizados, que cumpren co regulamento da marca.

Igualmente, está a traballar para impulsar novas medidas de promoción para dar a coñecer a marca. “Queremos seguir impulsando o noso territorio como un lugar de oportunidades, aproveitando os nosos recursos e o noso potencial”. Neste caso, os produtos da horta “recoñecidos e apreciados polos consumidores, o que constitúe unha vantaxe competitiva”.

Comezaron as obras da BUO para a loita contra o lume



Comezaron as obras de construción da Base Integrada de Unidades Operativas de Mondoñedo que estará situada no parque empresarial. O orzamento de contrata das obras ascende a 479.918,65 euros.

En canto ao edificio en si, no proxecto sinalase: “Propónse a execución do centro coma un espazo dedicado á defensa do monte, pero tamén coa vontade de converterse nunha das iconas de Mondoñedo. Trátase de xerar un contedor de servizos de protección forestal, que poda funcionar como nodo de todos os

axentes participantes nesta arduo labor, favorecendo a conciliación entre descanso e traballo dos brigadistas, pero sen esquecer a integración nunha contorna tan sensible. Para minimizar o impacto dunha edificación, óptase por fragmentar o seu volume, en dúas ás diferenciadas, unha aberta, e outra consistente nun volume pechado. Outro dos mecanismos de integración é a inclusión de parasois emparrados e que voan sobre a paisaxe, minimizando o impacto do Sol na área de comedor e descanso”.



FISIOVAL

Centro de Fisioterapia y Osteopatía

Servicio de Podología

Daniel Pumares Ramil

Col. Nº 165
C/ Obispo Sarmiento, 4 - bajo
27740 Mondoñedo - Lugo
Tfno.: 982 521 364
Móvil: 686 468 815



Adamo avanza na despregadura da fibra óptica no municipio



O Concello de Cervo e a operadora Adamo seguen a traballar intensamente para implantar a fibra óptica coa velocidade máis rápida de España (1000 Mb) en todo o termo municipal.

A administración local e esta operadora subscribiron un convenio de colaboración no que se marcan ese obxectivo, “que culminará a comezos de ano”, tal e como explicou a rexedora, Dolores García Caramés, “cando o conxunto da veciñanza do noso municipio, tanto da zona rural como urbana, poderá ter acceso a este servizo, e unha conexión a internet adecuada aos tempos que suporá un importante salto cualitativo na capacidade e na velocidade de acceso a Internet dos fogares cervenses, como servizo clave para o desenvolvemento social e empresarial da zona nun intre no que a

conexión a internet é, ademais, algo esencial”.

A rexedora e o edil de Innovación, Emprendemento e Zona Rural, Adrián Arias, mantiveron un novo encontro coa responsable de zona de Adamo, Mónica Expósito, para avaliar e analizar como está a avanzar o despregue da fibra, que comezara polos núcleos de Cervo e San Ciprián, e que xa vén de dar servizo ás parroquias de Sargadelos e San Román; e que continuará agora por outras zonas “escuras” como Trasbar, Rúa, Castelo ou A Senra “para garantir o 100% da cobertura a comezos de ano”, porque o obxectivo é que a banda longa chegue a toda a veciñanza, con especial atención á zona rural. A veciñanza que precise de máis información ao respecto pode poñerse en contacto co teléfono 601 40 86 20.

O Concello segue a investir no plan de recuperación da Atalaia

O Goberno local investirá nos vindeiros meses algo máis de 400.000 euros -415.957,30 euros concretamente- froito dunha modificación de crédito que foi aprobada en pleno extraordinario.

As obras serán asumidas integramente con fondos propios froito do remanente de tesourería que presentan as arcas municipais -tal e como explica a rexedora, Dolores García Caramés- quen puxo de manifesto “a importancia dunha xestión seria e responsable dos cartos públicos para poder dar resposta con solvencia ás necesidades que se presentan no día a día das nosas parroquias, no día a día da nosa veciñanza”.

A alcaldesa sinalou que son todas obras necesarias “que queremos acometer canto antes, por iso axilizamos ao máximo os trámites administrativos”, pero destacou o importe que se reserva para continuar co ilusionante e bonito proxecto que estamos materializando xa na Atalaia -onde xa se



está a executar unha praza pública no lugar onde estaba o edificio deshabitado-; e para o que agora vimos de reservar 120.239,12 euros destinados a demoler parte da estrutura do esqueleto, “para facilitar unha integración cos volumes das edificacións lindeiras de xeito que podamos conservar parcialmente a edificación para dedicala ao Centro Arqueolóxico da Mariña”.

Outras das actuacións que se van a levar a cabo os vindeiros meses a

cargo do Remanente de tesourería son a pavimentación da avenida de Galicia e a rúa Xosé María Cao en Cervo, coa execución de beirarrúas onde sexa necesario, por un importe de 212.134,78 euros. O mantemento e a reparación do pavimento no camiño que vai de Verdellas a Saltos, en Gondrás, por un importe de 47.892,05 euros e a renovación do pavimento do camiño rural A Salgueiriña, en Figueirido-Daián, por un valor de 35.691,35 euros.

Os nenos do programa Cervo Concilia crearon o conto ‘Cipri’

O Concello vén de editar o conto *Cipri* que foi creado durante esta edición do programa Cervo Concilia, dentro das clases de pintura que foron impartidas pola artística plástica, escénica e docente, María Blanca F. Dacal, autora da narración que acompaña as ilustracións dos nenos de entre 5 e 9 anos.

A rexedora, Dolores García Caramés, compartiu o resultado do traballo coas crianzas e os monitores do programa que se está a desenvolver coincidindo coas vacacións escolares, e que culminará este mesmo venres.

Caramés quixo poñer en valor esta iniciativa “de carácter didáctico e ecoloxista” que contribúe tamén a concienciar aos pequenos sobre a importancia que teñen todos os nosos actos e hábitos do día a día e o seu impacto no medio.

O relato describe a grandes trazos a vida das baleas, as súas longas migracións, e as características que fan únicas a estes grandes cetáceos que participan de maneira activa e natural na redución de CO2, polo que a súa existencia é crucial tamén para frear o cambio climático.

O conto xunta esta mensaxe ecoloxista coa relación da vila de San Ci-



brao coas baleas, xa que esta vila foi no seu día un dos portos baleeiros máis importantes do norte do país. Tal e como afondou a propia autora, *Cipri* tamén nos fala dunha aventura de verán, “de lendas que nos fan soñar nas noites de verán esperando ver unha estrela fugaz, co mesmo desexo de ver unha balea”.

Caramés quixo felicitar tanto as nenas e nenos como a Blanca por “este proxecto tan bonito”, que plasma sobre o papel todo o que supón Cervo Concilia para as crianzas do noso Concello “que comparten verán tras verán momentos inesquecibles entre amigos, que poderán volver recuperar sempre que queiran ao abrir tan só este conto que é a pura esen-

cia do programa: compartir, convivir e crear xuntos”.

Editáronse máis de 100 exemplares que serán repartidos entre os nenos que o crearon.

CERVO CONCILIA. O programa Cervo Concilia, que todo un clásico do verán cervense, está dirixido aos rapaces e rapazas de entre 3 e 12 anos e poden desfrutar de actividades diferentes. Neste senso a rexedora lembrou que este programa naceu cun obxectivo fundamental “que é facilitar o día a día dos pais e nais durante esta época tan complicada como é o verán á hora de conciliar, e traballamos para dar cobertura ao 100% das familias cervenses”.

A parroquia de Castelo celebrará as súas festas os días 7 e 8

A parroquia de Castelo celebrará a Festa na Honra da Nosa Señora do Rosario a fin de semana do 7 e 8 de outubro.

Os festexos comezarán o sábado 7 ás 13.00 horas coa Misa Solemne cantada polo Coro Parroquial de Cervo e a posterior procesión. A continuación haberá sesión vermú a cargo do Grupo Fénix; que repe-

tirá na verbena co Grupo Pasión, a partir das 22.00 horas.

Xa o domingo 8 haberá misa solemne de novo ás 13.00 horas cantada polo Coro Parroquial de Cervo. A continuación terá lugar a procesión acompañada polo grupo Fol do Raxal, seguida da sesión vermú amenizada polo Dúo Belinda.

A casa da cultura acolle a mostra do ourolés Xosé López

A casa da cultura acolle durante este mes de outubro a mostra pictórica do ourolés Xosé López Losada. Poderase visitar de luns a venres en horario de mañá, de 9.00 a 14.30 horas, pero fóra deste horario poderase concertar unha cita para visitala no teléfono 659 05 36 35.

O pintor trasladouse a Salamanca

no ano 1987 para estudar Belas Artes, onde acadou Matrícula de Honra no primeiro curso de Universidade. A finais do segundo ano, unha enfermidade impediulle seguir pintando ata que no 2005 retomou a actividade; facendo desde entón varias exposicións con moito éxito.

“Os veciños e veciñas son un piar fundamental na asociación”

ACR Fervenza de Sargadelos cumpre 15 anos con moitas lembranzas

Como nace a ACR Fervenza de Sargadelos?

Fervenza nace nas longas tardes de café, no Caseto de Copa, e da inxerencia dun grupo de mozos e mozas de Cervo, con ganas de recuperar a esencia da Romaría de Sargadelos. Unha romaría que ninguén quería organizar. Mesmo desde algunhas administracións non interesaba que se levase a cabo debido a que nos últimos anos se convertera nunha festa pouco motivadora debido ás numerosas incidencias que xeraba. Mais ao se tratar dun festexo lonxevo Fervenza decidiu recuperar a esencia dunha romaría esquecida e abandonada.

Por que ese nome?

O nome vén da presa do río Xunco que hai no coñecido Paseo dos Namorados. Trátase dun lugar máxico, emblemático e de referencia do noso concello, así que foi sinxelo chegar a un acordo.

Con que motivación xorde?

Como xa comentamos antes, a asociación xorde co motivo de recuperar e organizar a Romaría de Sargadelos, a cal non podíamos deixar desaparecer. Era a festa da xuventude tanto do noso concello como da veciñanza de Burela e da bisbarra. Outro dos obxectivos era poder contar coa cultura galega, co xantar de romaría e con música ao vivo de diferentes estilos musicais. Desta forma, co noso primeiro lema “Volta á orixe”, a asociación foi pioneira en apostar por lle dar á música galega e en directo o maior protagonismo do programa nunhas festas populares, algo que na altura non era habitual na zona. Así, pisaron o torreiro da festa da Romaría de Sargadelos grupos como A Quenlla, A Roda, Treixadura, Berrogüetto ou A Requinta da Laxeira. Cómpre salientar tamén que, dentro da programación da romaría, destacaba o ‘Sargadelos Fusión’, un festival precursor na Mariña que reunía bandas de diversos estilos musicais e polo que pasaron Medomedá, Sacha na Horta, Ataque Escampe ou O Leo, e grupos da zona como Mallory, entre outros. En definitiva, unha mestura de estilos que daban pé a grandes noites de festa e boa música para todos os públicos.

Que obxectivos ten?

Os principais obxectivos son dinamizar a nosa localidade e aportar oferta cultural para todos os pú-

blicos. Creemos que as institucións non se implican o suficiente na organización de actividades e festas de calidade, e non queremos que Cervo fique con ese baleiro.

Quen está na asociación?

A asociación, presidida por Xosé Fernández Segurado, está formada en gran parte por rapaces e rapazas de Cervo. Aínda que tamén, e de forma altruísta, moita xente decide colaborar con nós para que se poidan levar adiante as actividades e non esmoreza o acadado. Queremos destacar que cada quen ten o seu traballo e sacamos tempo do noso lecer para programar e desenvolver as actividades. Así que toda a axuda é ben recibida e temos que dar as grazas a todas esas persoas

que colaboraron connosco todo este tempo, aos establecementos, así como ás administracións públicas, como o Concello de Cervo e a Deputación de Lugo, que sempre estiveron dispostas a colaborar.

A veciñanza colabora nas actividades e iniciativas?

Os veciños e veciñas de Cervo son un piar fundamental na asociación. De non asistir aos nosos eventos, con certeza que non estaríamos celebrando o décimo quinto aniversario. Ademais, sempre colaboran con nós, por exemplo, na compra e venda de rifas e lotaría, cociñando un chocolate ou unha pota de fabas, asando un chourizo, aportando cousas para os sorteos, axudán-



donos a recadar diñeiro para a romaría, deseñando o merchandaxe ou facendo algunha actuación nalgunha das actividades. Estaremos sempre agradecidos e agradecidas.

Que actividades fan durante o ano e como ven a asociación no futuro?

Fervenza é unha asociación máis que consagrada, con presente e con futuro. Máis alá da Romaría de Sargadelos que organizamos ata 2015, tamén organizamos eventos culturais para os máis pequenos da casa,

como a Noiteboa Infantil ou a festa do Samaín. A partir de 2015, Iria Fernandes Moscoso ten a vontade de colaborar connosco e xorden ideas novas. Así, é quen coordina o Día de Rosalía, rutas, actividades relacionadas co voluntariado ambiental e a Foliada de Cervo, que se celebra no mes de maio. Esta última trátase dun evento consagrado e de referencia na comarca. As Tanxugueiras, Tiruleque ou Radio Cos foron algúns dos grupos de renome que pasaron pola Foliada. Polo tanto, Fervenza ten aínda unha longa vida por diante.

Este ano cumpren 15 anos, algunha actividade especial?

A verdade é que non. O tempo libre do que dispoñemos non é moito debido aos nosos traballos e preferimos continuar coas actividades xa asentadas. Como di o refraneiro popular, máis vale pouco e ben gañado que moito e mal logrado.

Cal é a vosa lembranza máis especial destes 15 anos?

Ramiro Chaves, o vicepresidente, di que un dos momentos máis felices e satisfactorios foi o de recuperar a esencia da Romaría de Sargadelos e que a xente de diferentes xeracións comparte a pé de festa. Ver o conxunto histórico-artístico de Sargadelos ategado de xente nos concertos de Berrogüetto, A Roda, Treixadura ou A Quenlla non hai diñeiro que o pague. Ver as Tanxugueiras dando un concerto na praza do Souto na foliada de 2019 foi algo que nos marcou e motivou para seguir adiante, e serviunos para termos a certeza de que o traballo estaba ben feito. A xente que vén tocar a Cervo ou a Sargadelos faino encantada e que os veciños e as veciñas agradezan a dedicación e o traballo é o máximo. Ademais, non debemos esquecer que por aquel 2008, cando comezamos este camiño, éramos xente cunha nula experiencia na organización de eventos. Mais persoas como José Manuel González “Chopi”, que contaba con algo de experiencia, fóronnos dirixindo nas diferentes actividades.



A XII Edición do Encontro de Palilleiras será o día 7

O sábado 7 de outubro celébrase no pavillón de deportes a XII Edición do Encontro de Palilleiras Coas Nosas Mans do Concello de Xove.

A xornada será de 10.30 a 13.00 horas e de 16.30 a 19.00 horas e durante todo o día poderase desfrutar de demostra-

cións deste traballo tan laborioso.

Espérase a chegada de 320 palilleiras de diferentes Concellos de Galicia e Asturias e arredor duns 18 postos de venda, onde participantes e visitantes poderán adquirir produtos relacionados con este mundo.

Xa hai gañadores do IX Concurso de Fotografía Xove, a súa costa e o seu mar



O Concello de Xove, a través da Concellería de Cultura, vén de publicar os nomes dos gañadores do IX Concurso de Fotografía Medioambiental Xove, a súa costa e o seu mar. A idea básica deste Concurso é a de potenciar a participación cidadá na protección do medioambiente.

Dentro do concurso tan só hai unha única categoría e o xurado, composto polos fotógrafos Santos Cordovilla e Enrique Toral, acordou otorgar os cinco premios.

O primeiro premio, valorado en 120 euros, foi para o viveirense Germán Paleo Navarro coa obra Dereito ou revés; o segundo, de 100 euros, recaeu en Estibaliz Saez de Ibarra Llano coa obra Areas vivas; o terceiro, de 90 euros, foi para Begoña Amor Ruíz con Sitio con encanto; o cuarto premio de 75 euros recibíuno Jesús Casabella Lage coa obra Portiño Portocelo; e o último premio de 65 euros foi para José Manuel Arroyo Gimeno e a súa fotografía Cabo Roncadoira desde Morás.



XOVE CONCILIA. O programa, que comezou en xuño, chegou ao seu fin coa participación duns 80 nenos os cales participaron en distintas actividades. Durante este período traballáronse os valores, a igualdade e a xestión das emocións os nenos e nenas estiveron en contacto cos contos, os xogos, debuxos e tamén algunha película. Participaron en diversas manualidades utilizando a súa creatividade e utilizaron tamén material de refugallo co obxectivo de aprender a reutilizar e a dar un novo uso.

A ampliación do polígono de Camba sumará case 56.000 metros cadrados

Este ano está previsto que se adxudique o contrato para redactar o Plan estruturante de ordenación de solo empresarial (PEOSE) que permitirá acometer a ampliación do parque xovense de Camba, unha infraestrutura desenvolvida a finais dos anos 90 grazas a un convenio entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello e que na actualidade non ten solo dispoñible a pesar de existir demanda na zona.

A vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, explicou a un grupo de empresarios do concello de Xove e da súa contorna os pormenores e analizaron e expuxeron os últimos pasos dados co obxectivo de avanzar na tramitación da futura ampliación do polígono industrial de Camba.

Tras lembrar que o novo ámbito previsto abranguerá algo máis de 56.000 metros cadrados e suporá un investimento estimado en 4,24 millóns de euros por parte da empresa pública Xestur, a vicepresidenta considerou necesaria e oportuna esta primeira ampliación xa



que permitirá ao parque de Camba sumar máis solo industrial e comercial, ademais de zonas verdes, espazos dotacionais e viarios de acceso. En todo caso, explicou que no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia se prevé o crecemento deste polígono en ata 120.000 metros cadrados, polo que sería factible tamén abordar futuras fases en caso de que fose necesario. Neste sentido, a responsable autonómica incidíu na oportunidade que suporá esta primeira ampliación do polígono de Camba para o municipio lucense e para o conxun-

to da comarca xa que, lembrou, é unha zona onde hai “pouco solo dispoñible”.

Por iso, animou aos empresarios presentes na xuntanza a facer as súas achegas e suxestións co fin de que poidan ser tidas en conta tanto pola Xunta como polos redactores do PEOSE para tratar de axustarse ás súas necesidades.

O PEOSE do parque empresarial de Xove non é o único que tramita a Xunta ao amparo da Lei de áreas empresariais de Galicia aprobada en 2022, que prevé esta figura como un novo instrumento de ordenación e planificación para a creación de solo empresarial que permite reducir prazos para a aprobación dos proxectos de urbanización e simplifica tamén a tramitación ambiental. Nestes momentos, hai outros 12 plans estruturantes en distintas fases da súa tramitación, sendo os máis avanzados os dos polígonos de Bértoa, en Carballo, Paderne de Allariz e Coristanco —os tres en fase de preparación do documento de aprobación inicial— ou o de Santa Comba, actualmente en redacción.

O Concello vai crear unha nova ruta pola costa dende Esteiro

O Concello de Xove vai crear unha nova ruta litoral pola costa dende a praia de Esteiro á ensenada de Muiñelo e de punta Meitón a punta da Mansa.

A obra ten por obxecto conectar varios puntos de interese turístico e de paso crear unha ruta litoral de sendeirismo por unha zona privilexiada dende o punto de vista paisaxístico no entorno da praia de Esteiro na parroquia de Xuances.

Coa realización da actuación que se pretende levar a cabo, facilitarase o disfrute dos visitantes, poñendo en valor o espazo natural de modo compatible ca súa conservación.

A obra ten un orzamento de 73.664,97 euros e está sendo realizada pola empresa Marcor Xove S.L., ten que estar rematada antes de finais do mes de outubro. Conta cunha subvención do 90% por parte da Dirección Xeral de Turismo, sendo o 10% restante por conta do Concello. Sinalar que o Concello de Xove conta con diversas praias e



puntos de interese, entre elas encontrase a praia de Esteiro, a ensenada de Muiñelo, punta Meitón e punta da Mansa que forman un conxunto tranquilo e apto para aqueles que queren fuxir das aglomeracións doutras praias e zonas masificadas, posto que se encontran nun enclave pouco urbanizado. A praia de Esteiro, de Bandeira Azul, e considerada polos surfeiros como una das mellores praias para a práctica deste deporte, o que implica o aumento do turismo

na zona, provocando un incremento na demanda de accións para desfrutar do litoral.

A costa de Xove encontrase incluída na zona denominada Costa da Mariña Occidental da Rede Natura 2000. Este espazo natural está protexido como Zona de Especial Conservación e Zona de Especial Protección para as Aves. Toda actuación que se leve a cabo deberá atese o establecido no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia.

“Gustaríanos facer algunha actividade durante o outono”

Jordi Meitín, presidente da asociación A Medorra de Xove

Cando xorde a asociación A Medorra?

A asociación cultural está activa desde o ano 2001.

Cantos membros ten?

Pois somos tres membros, Borja, Julio e máis eu. Somos un grupo pequeno o que fai que nos leve-mos ben.

Que tipo de actividades fan?

Principalmente facemos todo o relacionado con eventos culturais e máis polo miúdo, co tema de festas e festexos.

Algo en concreto?

Recentemente estivemos coa organización da Festa de Portocelo de Xove e durante o verán organizamos a do Percebe de Xove en colaboración co Concello e na que ademais de poder degustar este manxar púidose desfrutar de música en directo. Nalgunha ocasión colaboramos con outras entidades como nalgún torneo de bolos. Intentamos botar unha man no que podemos.

E para o inverno?

Claro, de cara ao inverno e sabendo que o tempo non acompaña,



adoitamos facer un Torneo de Tute Memorial Adrián Fernández alias O Cascareto, e nel sempre hai premios para os gañadores e tamén organizamos o xantar. Para esta ocasión instalamos unha carpa porque adoitan participar bastantes persoas. O ano pasado foi no mes de novembro e este ano estamos pensando se facelo a finais de outubro.

Algunha outra en mente?

Pois tamén estamos pensando en preparar algunha cousiña polo Samaín ou celebrar un magosto coa tempada de castañas. Pero iremos vendo.

Contan con local?

Si, está situado na parroquia de Vilachá e nel organizamos practicamente todo o que podemos e por suposto o cedemos a quen o necesite. De feito neste mes, estase a usar como local para as maquilladoras e como zona de perruquería da serie Rapa, de Movistar, que están a gravar en Xove.

Teñen algún tipo de axuda para estas celebracións?

Contamos con axudas e colaboración do Concello de Xove e por suposto, sempre que haxa opción de solicitar algunha achega intentamos pedirla. Benvidas sexan as axudas do Concello ou da Deputación de Lugo.

Aberto o novo curso 23/24 de Saiñas de Xove

A Asociación Cultural Saiñas de Xove vén de abrir as inscricións para o novo curso. Dende a directiva contan que como en anos anteriores, durante esta tempada vanse impartir ensinanzas de baile tradicional, gaita e percusión, e pandeireta e canto.

Para o baile tradicional, a iniciación é a partir dos 4 anos, para gaita e percusión a partir dos 9 anos e pandeireta e canto desde os 6 anos.

A inscrición pódese realizar mediante correo electrónico a contacto@sainhas.org, teléfono 679 667 194 ou redes sociais.

O PSOE pide dar unha solución “ao problema da auga no municipio”

O grupo socialista de Xove presentou no Pleno unha moción para tratar de dar unha solución “ao grave problema da auga no municipio”.

Así, os socialistas din que o concello ten dous problemas relacionados co abastecemento de auga potable, “en canto hai algo de sequía hai que restrinxir o subministro por falta de auga e en canto chove a auga chega os domicilios chea de barro”.

“Esta situación leva varios anos sucedendo sen que o Goberno Local, que leva 16 anos gobernando Xove aportara ningunha solución”, di Rogelia Mariña do PSOE de Xove.

Piden que un equipo de técnicos independentes faga un estudo da situación e en base as conclusións ver cales son “as accións que hai que acometer para resolver xa o tema de ter una auga de calidade e que non chegue barro as billas das vivendas, e a outra e ver que obras e melloras hai que acometer para que cada verán non sexa necesario restrinxir o subministro de auga os veciños e veciñas de Xove”.

“Pois ven o Sr. Demetrio aínda que recoñece e di que comparte este criterio, vota en contra e promove unha comisión, di de técnicos e grupos políticos para ver que se fai”, engade Mariña.

O PP esixe explicacións á Deputación sobre a titularidade das vías provinciais do concello

O Grupo Provincial Popular quere saber que decisión tomou Tomé con respecto ao protocolo asinado polo anterior presidente socialista, Darío Campos, e o alcalde de Xove, Demetrio Salgueiro de cara á mellora conxunta, a xestión e a entrega ao Concello de ata 10 estradas de titularidade provincial. Os populares queren saber “se pensa cumprir o acordado ou non ou, incluso, se baralla calquera outra alternativa para resolver o problema do mal estado da rede viaria provincial no concello de Xove”. O alcalde reiteroulle a Tomé nunha reunión en novembro do 2022 que o Concello continúa disposto a cumprir co acordado no protocolo ou a estudar outras fórmulas para recibir a titularidade das vías. No momento da sinatura do protocolo, en xuño do 2018, ambas entidades recoñecían o mal estado da rede viaria provincial ao considerar de interese a súa reparación en aglomerado en quente, incluso me-

llorando anchos e curvas nos casos nos que para máis seguridade así se considere axeitado. Dende entón, o estado dalgunhas das estradas empeorou como é o caso da LU-P-2604 (Xove - Valcarría) que nunha curva se converteu nunha enorme fochanca. Os populares lembran que “xa preguntamos no Pleno de novembro do 2019 por este asunto sen que o presidente aclarase nada”. E, en maio do 2020, cando o Grupo Provincial do PP pedía o cumprimento do protocolo, “tanto PSOE coma BNG votaron en contra”.

O voceiro, Antonio Ameijide, non entende que “o bigoberno da Deputación se negue aceptar a proposta do Concello de Xove de pasarlle a titularidade das vías provinciais que está disposta a asumir, tendo en conta que sempre se están queixando de que teñen que xestionar a rede de estradas máis extensa de España. Desta forma reduciría o número de quilómetros aos que atender”.

O Concello colocou outro contedor de téxtiles na urbanización de Palmeiro

Para facilitar a reciclaxe dos residuos téxtiles o Concello de Xove colocou outro contedor na urbanización de Palmeiro. Con este son tres os colectores colocados no termo municipal.

Neste pódese botar calquera material téxtil ou produto fabricado con téxtiles que xa non se utiliza ou se considera non apto para a súa función orixinal. Isto abarca unha ampla variedade de artigos, dende prendas de vestir e roupa de cama ata calzado, accesorios, téxtiles para o fogar.... Por outra banda lémbrese que o punto limpo do Concello de Xove estará aberto ao público os luns de 8.00 a 14.30 e de 16.00 a 19.00 horas, de martes a venres de 8.00 a 15.00 horas e os sábados de 10.00 a 13.00 horas.

Hai que lembrar que contan cun servizo gratuito de recollida a



domicilio de plásticos agrícolas, de materiais como mobles, electrodomésticos, colchóns, etc. Tan só haberá que chamar ao teléfono 618 661 166.

Así mesmo informan de que nos colectores de lixo que están na rúa está prohibido depositar herba cortada, restos de animais mortos, materiais de obra, pneumáticos.

O Alto do Cruceiro, en Xuances, celebra a Festa do Ramo

O Alto do Cruceiro, en Xuances, celebrará a Festa do Ramo os días 6, 7 e 8 de outubro. O lugar de celebración será no campo da festa Onofre Louzao, un recinto inaugurado no ano 2014 en honra do máximo promotor desta festa e falecido nese mesmo ano. Este recinto está situado nas inmediacións do centro social do Alto do Cruceiro.

O venres a partir das 20.00 horas terá lugar a XV Festa dos Callos. Cada ración con pan e viño ten un prezo de 7 euros. En total contarán con máis de 1000 racións, as cales esperan que se esgoten rapidamente. E ás 23.00 horas empezará a verbena amenizada pola orquestra Marbella e a discomóvil Conxuro.

O sábado ás 13.00 horas celebrarase misa solemne e procesión. Despois haberá sesión vermú coa orquestra Galia, que tamén amenizará a verbena, acompañada pola discomóvil Conxuro.

E para o domingo ás 13.00 horas está programada sesión vermú prolongada, na que actuará o dúo D’Caché.

Abrese o período de inscrición para as escolas deportivas

Abre o período de inscrición para as escolas deportivas municipais de Barreiros para a nova tempada 2023-2024. Así, coa fin de continuar na senda de ofertar actividades deportivas a nenos e maiores para potenciar os hábitos de vida saudables e activos, o Concello vén de programar unha serie de

actividades encadradas dentro das Escolas Deportivas Municipais para este período 2023-2024. As de maiores son ximnasia de mantemento, lombo saudable, ioga, GAP e zumba; e as de menores son atletismo, patinaxe, fútbol sala, surf, natación e karate.

Volve o Programa ActivaMente

A veciñanza de Barreiros xa conta co Programa ActivaMente, talleres lúdicos nos que poderán participar en actividades de aprendizaxe e lecer, coas que se pretende favorecer o proceso de envellecemento, dando a coñecer este (as súas causas, consecuencias e recursos dispoñibles para paliar), traballando a memoria, a atención e a concentración e potenciando as relacións entre a veciñanza do Concello.

Os interesados poden inscribirse no rexistro do Concello ata o día 13, e o programa dará comezo a semana do 23 de outubro. Impartirase nos colexios vellos de San Miguel os luns de 18.00 a 19.00 horas, no centro social de Cabarcos os xoves de 15.00 a 16.00 horas, no centro social de San Xusto os xoves de 16.30 a 17.30 horas, e no centro social de San Cosme os xoves de 18.00 a 19.00 horas.

Continúan os traballos de mellora no pavillón municipal

Continúan os traballos de mellora no pavillón municipal de Barreiros nos que se están a cambiar a cuberta, procedeuse a abrir unha porta lateral de emerxencia e que facilita a prestación de servizos na instalación. Tamén se renovaron os focos da pista deportiva, logrando unha iluminación adecuada para estas infraestruturas que non se tiña cos existentes.

Así mesmo, tamén se adjudicaron as obras para a mellora do ximnasio e a creación de espazos para servizo do pavillón, como baño adaptado ou sala de enfermería. O goberno municipal ratifica así os seus compromisos, executando proxectos necesarios e que melloran e adaptan ás normativas as instalacións deportivas municipais.

En marcha unha nova campaña de compostaxe doméstica

En marcha unha nova campaña de compostaxe doméstica que ten como finalidade a minoración do depósito de residuos orgánicos de orixe doméstico depositado nos colectores xenéricos, ao tempo que se fomenta obtención de compost orgánico para o seu uso como abono en hortas e xardíns, reducindo o uso de fertilizantes químicos. Para isto, o Concello fará entrega, de balde, dun total de 42 composteiros que se distribuirán, por orde de apuntamento, entre outras tantas vivendas unifamiliares de Barreiros que dispoñan de horta ou xardín.

PLÁSTICOS. Tamén está en marcha o servizo de recollida de plásticos agrícolas nas explotacións. Será necesario que as explotacións interesadas neste servizo se anoten antes do 11 de outubro chamando ao 982 124 002 aportando datos como nome, teléfono, lugar e cantidade aproximada de plásticos. Para a recollida dos plásticos estes deben atoparse nun estado razoable de limpeza, non podendo acumular grandes cantidades de terra ou restos orgánicos. Deben estar debidamente acumulados en sacas ou gavelas amarradas que faciliten o manexo e eviten que se cisquen.

O outono chega un mercado estacional e o II Son Urbán

O Concello presentou a programación Ponte de Outono, un evento que incluírá o mercado estacional, o II Son Urbán coa presenza de Grande Amore entre outros artistas, o día da bicicleta para as crianzas e a proxección da curta-metraxe Hippocampus de Xaime Miranda.

As actividades realizaranse na Praza do Concello no que “serán uns días de programación variada e de calidade destinada para un público amplo e que seguro atraerán a xente de toda a Mariña nesta ponte”, segundo expuxo o concelleiro de Participación e Dinamización Daniel García.

O evento contará coa colaboración da área de Cultura da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, que se suma á aposta do Concello de Barreiros por unha programación cultural diversa e desestacionada.

GRANDE AMORE. A segunda edición do Son Urbán, unha xornada para dar a coñecer a cultura urbana aberta á mocidade e á poboación en xeral, traerá a Barreiros o venres 13 de outubro a un artista consagrado no panorama musical actual como é Grande Amore. Acompañarano



os artistas Tempo Norte, Dj Rapariga, Tor4 (Brasil), Fishman e Dj LaRock, amenizando este último os obradoiros de Football Street e Breaking, modalidade que será por primeira vez olímpica nos vindeiros Xogos.

MERCADIÑO. O xoves 12 de outubro terá lugar o Mercadoño de Outono, que seguirá a liña dos celebrados no Nadal e na primavera e que contará con postos de alimentación, artesanía, libros solidarios. Como novidade, participarán tres obradoiros artesanais que realizarán demostracións en vivo: de cestería, a cargo de María del Carmen Otero, de cantería, con Xosé Luis López, e instrumen-

tos musicais impartido por Xoán Manuel Tubio (Xaneco).

DÍA DA BICICLETA. O sábado 14 celebrarase o día da bicicleta, cunha pequena ruta con saída e chegada na Praza do Concello, onde, ao remate, as crianzas poderán desfrutar con xogos e unha merenda final. No evento colaborará a asociación deportiva Augas Santas.

Para finalizar a Ponte de outono estreirase a curta Hippocampus producida por Nuno Pico, dirixida por Xaime Miranda e rodada no concello de Barreiros. Realizarase un coloquio ó remate coa presenza de diferentes membros da produción.

Ana Ermida reclama apoio para a instalación dunha carpa

A alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida vén de dirixir un escrito ao delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias, para solicitarlle a colaboración da Administración que representa nun evento de interese que se celebrará en Barreiros na ponte do vindeiro 12 de outubro, mediante a instalación dunha carpa na praza do Concello.

“Tendo coñecemento de que outros Concellos veciños contan cun mecanismo de colaboración da Xunta de Galicia para sufragar este tipo de infraestruturas, tanto para uso propio como de terceiras entidades, gustaríanos contar con esa mesma colaboración para este evento municipal”, continúa. A rexedora barreirense manifesta no seu escrito que tamén “temos interese en coñecer o procedemento que debemos seguir ao efecto, tanto para necesidades municipais como de outras entidades que, neste momento obtéñen axuda da Xunta de Galicia por



mediación de Concellos veciños, entendendo a oportunidade de que poidamos atender dita tramitación desde o propio Concello e non saturar outras entidades locais con actos que non lle son propios e/ou de interese.” Ana Ermida conclúe amosando a total disposición para realizar as xestións que se indiquen para que o Concello de Barreiros poida ser beneficiario das axudas para a instalación de carpas en eventos que a Xunta de Galicia presta.

O PP pide que se limpe a leira da depuradora de Vilar e do camiño de acceso

O PP de Barreiros denuncia o estado de abandono dunha leira da que é propietaria o Concello e na que se sitúa a depuradora por decantación das augas residuais do barrio de Vilar. Os populares piden a súa adecuación, así coma o acondicionamento do camiño de acceso con grava. O voceiro, José Manuel Gómez, indica que “esta finca está chea de silvas e maleza”. E, ademais, “o camiño de acceso, actualmente de terra, atópase en mal estado e, polo tanto, dificulta o tránsito para achegarse a realizar os labores de mantemento”. Tendo en conta que “o seu estado impide que se recolla o lixo de tres casas do barrio do Vilar”, cobra especial relevancia a necesidade. Ademais, trátase dun camiño que dá acceso a varias fincas da zona. Os populares entenden que o Concello pida colaboración aos veciños para limpar e desbrozar as fincas, pero inciden en que “o goberno local debe dar exemplo”.

alfoz

A asociación O Castelo organiza unha andaina pola Fraga das Lérias

A asociación cultural e xuvenil O Castelo, de Alfoz, organiza para o vindeiro domingo 15 de outubro unha andaina pola Fraga das Lérias, continuando polo Canal dos Canoura e rematando no curro de Santo Tomé.

É un ruta de aproximadamente 8 quilómetros con dificultade media e a organización recomenda levar botas de montaña.

A saída será desde a Casa do Concello de Alfoz ás 9.30 horas, ha-



berá servizo de autobús gratuito e oficialmente a ruta comezará ás 10.00 horas. Ao finalizar a andaina os participantes degustarán un aperitivo.

A data límite para anotarse é o domingo 8 de outubro e as inscricións pode facerse a través dos teléfonos 603 895 753 ou 617 299 798. Para a organización desta actividade a asociación O Castelo conta coa colaboración do Concello de Alfoz.

Continúa o programa Cultural do Concello dirixido a nenos de 3 a 12 anos

Continúa o Programa Cultura Pequeniña do Concello de Alfoz e que está dirixido a nenos de 3 a 12 anos e será os sábado 21 e 28 de outubro.

Comezará o 21 ás 17.00 horas na Biblioteca terán o obradoiro Experimentando no que se poderá aprender sobre ciencia e contaminación, rematando o ciclo de sensibilización ambiental para os máis novos para este 2023.

O sábado 28 de outubro será o Día da Biblioteca, desde as 17.00 ata as 20.00 horas e haberá xogos na Biblioteca para pasar unha tarde divertida.

Por outra banda, o sábado 21 ás 19.30 horas na casa da cultura será a quenda de Toupiencia da Xanela do Maxín no que a Toupiña e o seu axudante Protonio, despois de descubrir a ciencia que se fai en Galicia, andan a buscar ás persoas científicas do futuro e para iso exploran facendo divertidos e dinámicos



experimentos utilizando o método científico, promovendo a curiosidade e mostrando a gran importancia que ten o facer preguntas para aprender e avanzar, ademais de poñer en valor o galego como lingua científica e gozar coa aprendizaxe e o coñecemento.

CONTACONTOS. O luns 9 ás 10.30 horas na Escola Infantil Galiña Azul de Alfoz haberá unha actuación de Charo Pita con *Porco, porquiño ensiname o*

camiño, contos para bebés dentro das propostas elixidas do Programa Ler Conta Moito.

MÚSICA. Os vindeiros sábados 7 e 14 de outubro ás 20.00 horas, o salón de actos da casa da cultura acollerá o ciclo Música para outono.

Estas actuacións serán totalmente de balde e comezará coa de Cándido Paleo, músico local da parroquia de Bacoí, o sábado 7; e a Rondalla Latexos de Foz o día 14.

A ITV móbil agrícola estará a finais de mes no municipio

A unidade móbil da ITV estará entre os días 18, 19, 20, 21, 22 e 23 de outubro en Alfoz para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas.

O horario de atención será de 9.00 a 13.30 e de 15.15 a 18.00 horas, agás os venres, que será só de mañá.

Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.



102 ANOS. O Goberno local quixo parabenizar á veciña máis lonxeva do termo municipal, Fuensanta Balseiro Martínez. Esta veciña naceu en 1921 e continúa a celebrar o seu aniversario cun bo estado de saúde.

o valadouro

Abre o prazo de solicitudes de postos para a Feira do Mel e Mercado de Outono



Aberto prazo de solicitudes de postos para a Feira do Mel e Mercado de Outono do Valadouro e que neste ano vaise celebrar o 14 de outubro.

A XXXVI edición da Feira do Mel e o Mercado de Outono ten por obxecto a presentación de todo aquilo que se refira a actividades relacionadas coa Apicultura e a agroalimentación en todas as súas vertentes pero, en especial, dedicado aos produtos de outono.

Como a actividade principal é a Feira do Mel, os produtos que se poden ofertar serán todos aqueles relacionados co mundo das abellas ata derivados. Ao mesmo tempo e ó tratarse tamén da edición do mercado de outono tamén

se admitirán todo tipo de produto agroalimentarios de tempada e derivados así como todo tipo de conserva.

Os postos que expoñan mel, produtos de outono e de comercios locais serán facilitados polo Concello comprometéndose cada un dos usufrutuarios a mantelo nas mesmas condicións nas que se atopen ó inicio da actividade. Unha vez que remate o evento, cada expositor deberá de recoller todos os produtos que expuxo e deixar o posto debidamente recollido.

As inscricións deben facerse na casa da cultura en horario de luns a venres de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 horas ou na sede electrónica municipal.

Comeza a tempada de clases de baile e música tradicional

A Asociación Cultural Amado Lar O Valadouro comeza a nova temporada 2023-2024 coas clases de baile e música tradicional para a veciñanza. Así, os novos ensaios de baile, canto e pandeirata serán os luns, comezando o día 18 de setembro, en horarios divididos por idades onde a iniciación a baile a partir dos 4 anos será de 17.00 a 17.45 horas, despois serán os pequenos de pandeirata e baile, seguidos dos medianos de

pandeirata e canto, os medianos de baile, e xa pola noite os adultos.

Os sábados serán os cursos de gaita e percusión, impartido por Javier Bossa, en horario de 18.30 a 21.30 horas e comezando o 7 de outubro. Para máis información e contacto haberá que chamar aos teléfonos 609 371 551, 680 766 568, 646 825 113 ou 649 593 139, ou poñerse en contacto por email en amadolarvaladouro@gmail.com.

Rematou a prórroga de 3 meses para a xestión de biomasa

Dende o Concello do Valadouro informan a todos os veciños que rematou a prórroga de 3 meses adicionais para a xestión de biomasa e de retirada de especies arbóreas prohibidas.

Polo conseguinte, as persoas propietarias que non houberan realizado a xestión de biomasa

e retirada de especies arbóreas prohibidas esixidas polo citado Plan municipal deberán ter en conta que se iniciaron de novo as inspección de comprobación e que se lles poderá abrir o correspondente expediente sancionador no caso de persistir o incumprimento.

Volve o curso de maiores de ioga

Os cursos para maiores volven a Oourol e nesta ocasión será de ioga e desenvolverase os mércores.

Este curso ten como obxectivo de mellorar a súa calidade de vida mediante a práctica de exercicios que axuden a xestionar o día a día con maior benestar físico, mental e emocional.

As clases terán lugar os mércores de 10.30 a 11.30 no edificio multiusos e darán comezo o día 4 de outubro de 2023. Para participar será necesario chamar ao departamento de Servizos Sociais, ou chamando aos teléfonos 982 559 109 ou 677 489 457. Será requisito para participar estar empadroadado no concello de Oourol.

Seguen vixentes as prohibicións das restricións de auga na traída

O Goberno local do Concello de Oourol vén de informa que seguen vixentes as prohibicións das restricións na traída de auga para usos non esenciais, "por precaución"

O alcalde ourolés, José Luis Pajón, comunicou que só admiten usos domésticos esenciais para persoas e para proporcionar bebida ao gando. O Goberno local xa estivo fornecendo con cisternas ás ganderías que solicitan este servizo así como á parroquia de Bravos cuxo depósito vacíase e queda illado da traída xeral do

municipio que se enche co río Xestosa nunha captación en Xan Branco.

A prohibición ten carácter preventivo ante a prolongada seca actual, a fin de evitar consumos innecesarios da auga e non se poderán lavar os coches, o balde de beirarrúas ou fachadas nin o enchido de piscinas.

O socialista José Luis Pajón indica que "choveu algo, pero polo momento vamos a seguir así ata que as captacións aumenten o caudal, xa que de momento pouco aumentaron".

Os estudantes poderán pedir as axudas ao transporte escolar

Os nenos do Concello de Oourol que estean cursando estudos fora do municipio poderán solicitar as axudas ao transporte escolar 2023-2024. Como requisitos figuran o estar matriculado no curso académico 2022-2023 en centros de ensinanza financiados con fon-

dos públicos nos que se cursen os estudos relacionados. Este cursos poden ser de bacharelato, ciclos formativos de grao medio ou superior e graos, másters, teses ou doutorados universitarios.

Haberá varios tipos de axudas segundo a quilometraxe na que estea

incluído, de 1 a 15 km a axuda será de 120 euros; de 15 a 50 km, 150 euros; de 50 a 175 km, 200 euros; e de máis de 175 km a axuda ascenderá a 250 euros.

O prazo de presentación das solicitudes estará aberto ata o 8 de outubro.


O Concello crea un paso tibetano e novas rutas de sendeirismo

O Concello segue en proceso de creación de novas rutas de sendeirismo e de poñer en valor o seu patrimonio natural e etnográfico.

Así, veñen de poñer en marcha un paso tibetano, que consiste en varios cables de aceiro, un inferior polo que se avanza camiñando e outros superiores que se agarran coas mans e con arneses. Esta ponte colgante conta cunha lonxitude duns 30 metros e salva unha caída de case 40 metros. "Aínda temos que limpar por debaixo das penas para que sexa máis espectacular", din dende o Concello.

"Queremos que sexa parte do trazado da nova ruta das minas. O trazado antigo deixárase para a xente que non teña unha forma física adecuada para facela nova", engaden.

Por outra banda, o Concello construíu un circuito infantil de tiroliñas cun espazo de recreo familiar, fíxose un miradoiro nas Penas do Castelo, creouse un criadeiro de especies vexetais ameazadas, e co-



locouse unha vía ferrata no interior da calicata da Mina Consuelo.

Con estas obras créanse tres opcións da mesma ruta a de Penas do Castelo de dificultade baixa, a vía ferrata que é media e a da calicata, que ten maior lonxitude e transcorre por zonas abruptas.

"Podes facer a ruta mirando a trinchera, podes facer a opción de meterte ao camiño guiado pola calicata, e tamén pódese facer a trinchera con camiño guiado e completalo con a ponte tibetano", engaden.

Todas estas obras están enfocadas nunha clara aposta polo turismo de aventura e natureza e o paso mineiro como denominador común.

A aula Cemit ofrece cursos gratuítos para nenos e adultos

A aula tecnolóxica do Vicedo, aula Cemit, situada na Casa da Cultura, ofrece durante o inverno diversos cursos gratuítos para a poboación.

Contarán con cursos para nenos de mecanografía, programación, ofimática e busca de información. Serán os xoves de 16.30 a 18.30 para nenos a partir de 7 anos; os martes de 16.30 a 18.30 para nenos a partir de 8 anos e os mércores de 16.30 a 18.30 para nenos a partir de 10 anos. Para os adultos haberá clases de mecanografía os luns de 18.30 a 19.45 horas, e de uso do móbil os mércores de 18.35 a 19.50 horas.

As inscricións haberá que facelas na casa da cultura e para máis información pódese chamar ao 982 590 195, escribir á dirección de email cemit.ovicedo@gmail.com ou ben de forma presencial na casa da cultura do Vicedo en horario de 16 a 20 horas.

Propoñen que o municipio sexa declarado zona de Montaña

O BNG vén de presentar no Concello unha moción co obxecto de incentivar o desenvolvemento social e económico do Vicedo, fixar poboación, mitigar as perdas do sector gandeiro, previr incendios e recuperar terreo agrícola.

Tal como manifestou Miguel Gómez "a actividade agraria e gandeira está a verse afectada polo prezo dos combustibles, pensos e abonos e demais insumos, sen embargo o prezo dos produtos que estas actividades xeran non o fan en orixe". Por eso o obxecto desta moción é que a Xunta de Galicia e o Ministerio de Agricultura impulsen a declaración de Zona de Montaña para o concello de O Vicedo, porque cumpre coas condicións esixidas na Lei de Agricultura de Montaña, porque ten vocación predominantemente agraria e concorren a circunstancias de altitude e pendente e no seu defecto, tal como

di a propia lei, existirían circunstancias excepcionais limitativas das producións agrarias que as pode facer equiparables ás zonas de agricultura de montaña.

BENEFICIO DOS GANDEIROS. Conseguir esta declaración de zona de montaña incrementaría ostensiblemente o que percibirían os nosos gandeiros e gandeiras e agricultores e agricultoras nas axudas da PAC.

Miguel Gómez Fraga incidiu tamén no feito de que concellos da contorna de O Vicedo coma Mañón, Ortigueira ou Cedeira son consideradas zonas de montaña, concellos que gardan as mesmas similitudes xeográficas e meteorolóxicas. "É difícil de entender que por exemplo un gandeiro de O Vicedo non teña esa catalogación nos seus terreos e do outro lado do río Sor si o teñan", afirmou.

O casa da cultura acolle varias actividades

A casa da cultura do Vicedo segue coas actividades durante o mes de outubro e novembro. Así, o sábado 14 poderase desfrutar da proxección As Bestas ás 19.30 horas. A película do director Rodrigo Sorogoyen conseguiu 17 nomeamentos na 37ª edición dos Premios Goya, e gañou en 9 categorías, incluíndo mellor filme, director, guión orixinal, actor e actor secundario.

O martes 31 ás 20.00 horas do desfile de Samaín que como manda a tradición sairá e voltará dende a casa da cultura. Haberá sorpresas terroríficas doces durante o percorrido e os participantes deberán portar unha cabaza ou algo similar.

O sábado 11 de novembro ás 19.30 horas o Teatro do Miolo presentará a súa obra Saíndo do Cerco, unha comedia de carácter existencialista destinada principalmente a un público maior dun

ámbito residencial e que ofrece unha linguaxe familiar e clara.

O 25 novembro ás 20.00 horas será a quenda de Asasinato na tenda de roupa da mans do Teatro Grupo do Hospital Lucus Augusti. Esta obra trata sobre Dona Katusca e a súa tenda de roupa, que dirixe cunha actitude claramente tiránica. Un día calquera, a tenda énchese de clientas e todo transcorre con normalidade ata que se descubren varios cadáveres.

Así mesmo, o sábado 18 de novembro farase o Encontro interxeracional de avós e netos, un encontro, que ten lugar no pavillón polideportivo, e poderán participar aquelas persoas empadroadas no municipio que sexan xubiladas acompañadas polos seus cónxuxes, aínda que este último non estea xubilado e tamén polos netos, con idades comprendidas entre os 3 e os 18 anos.

A veciñanza protestou pola falta de médicos no centro de saúde

A veciñanza da Pontenova manifestouse pola falta de médicos no centro de saúde local pois só conta cun só médico, feito que veu acontecendo xa na época estival, curiosamente cando na Pontenova aumenta tamén a poboación.

Nesta cita diante do consultorio acudiron dúcias de persoas pois consideran inxusto ter que desprazarse nalgúns casos ata o PAC de Meira, pero este Punto de Atención Continuada tamén ten que dar servizo aos concellos da Pastoriza, Riotorto, Ribeira de Piquín e Pol, e hai que engadir que teñen un forte compoñente de avellamento da poboación, que precisa de máis atencións.

Ao Centro de Saúde da Pontenova, lle corresponden un médico, unha médica e dúas enfermeiras para atender unha poboación de 2.100 habitantes.

Os Populares da Pontenova puxéronse en contacto co xerente do Sergas para trasladar a súa desconfianza con esta situación e a resposta que recibiron foi que "íase incorporar a médico titular e virá un substituto para o médico



que se encontra de baixa, polo que haberá dous médicos presentes no centro de saúde".

BNG. Desde o BNG din que "seguiamos a contar cunha única médica, o que implica atrasar aínda máis as citas médicas dos doentes" manifestou o portavoz nacionalista Xorxe Gómez Rico que insistiu en que é urxente cubrir as baixas e vacacións dos médicos para que a poboación poida ser atendida debidamente e contando cunha sanidade pública digna. "Mandándonos un médico dúas horas,

como fixeron no día de hoxe, non se soluciona nada", afirmou.

Desde o BNG anuncian que continuarán a velar porque se garantan os dereitos de toda a veciñanza, tal como demandaron tamén no Parlamento a través do deputado mariño Daniel Castro que presentou en días pasados diversas iniciativas a respecto da situación sanitaria da Pontenova nas que se denunciaba a situación, e que agardan sexan tratadas o máis rápido posible, sexan aprobadas, e o Sergas cumpra coas veciñas e veciños da Pontenova.

As IV Xornadas da Terra de Miranda chegarán o debate sobre o medio rural

A Nova Escola Galega en colaboración coa Deputación de Lugo organizan as IV Xornadas da Terra de Miranda, un encontro de debate sobre o medio rural. Esta cita será os vindeiros 10 e 11 de novembro na casa da cultura da Pontenova.

Os obxectivos desta actividade son analizar e explicar, situando a no seu contexto, a realidade no medio rural galego, en xeral, e na Terra de Miranda en particular; identificar, a carón desa realidade educativa analizada, as características naturais, económicas, sociais, asociativas... que determinan o estado actual da comarca; situar estes elementos analizados e identificados, no contexto de Galicia e na procura da concepción dunha estratexia global de desenvolvemento do medio rural; e, particularmente, poñer en común experiencias educativas que contribúan á planificación dunha estratexia educativa galega concibida desde e para o medio rural.

O CIT da Pontenova organiza clases de pilates e de inglés

O CIT organizará novas actividades para esta tempada do 2023-2024 e nas que se inclúen as clases de pilates e de inglés.

Así, as clases de pilates serán os luns e mércores de 22.30 a 23.30 horas na Casa do Salmón e terán un prezo de 12 euros para socios do CIT e 14 para os que non o sexan.

Estarán impartidas por Alba Fernández Lodeiro e para máis información e dúbidas haberá que contactar chamando ao 661 909 152. As clases de inglés serán na Casa das Asociacións os luns ás 19.00 horas para nenos de 7 a 10 anos e, os xoves ás 20.30 horas para adultos e nenos de secundaria. Estas clases están orientada especialmente á preparación dos exames oficiais de Cambridge.

Tamén como novidade haberá o Summer English Camps no estranxeiro para nenos de 12 a 16.

COSTURA. A veciñanza conta cun novo curso de costura creativa e patchwork. Este taller desenvolverase na Asociación Mulleres e

Homes do Rural situada na rúa da Feira 32. A primeira reunión será o xoves 21 de setembro ás 19.00 horas para falar das dúbidas e definir os horarios das clases. Para anotarse ou máis información será necesario chamar ao 697 221 869.

ECO DAS MINAS. A Asociación A Chocollaterira da Pontenova, en colaboración co Concello, organiza para este ano 2023-2024 unha serie de clases de baile tradicional foliadeiro a cargo do profesor Adrián Méndez. Estas citas serán os sábados pola mañá e para participar será necesario anotar chamando aos teléfonos 610 947 738, 653 434 712 ou 695 690 288.

NENOS. A praza do Concello da Pontenova acollerá varias actividades infantís gratuítas o 8 de outubro, domingo, en horario de 17.00 a 21.00 horas. Esta actividade, organizada polo Concello da Pontenova, incluírá inchables para nenos e nenas maiores de 4 anos, tatuaxes con purpurina para todas as idades e pintacaras.

A pregoeira da Festa da Troita será Odile Rodríguez de la Fuente

O CIT da Pontenova informou que xa contan con pregoeira para a celebración da XLVIII edición da Festa da Troita, e que nesta ocasión será Odile Rodríguez de la Fuente, filla do divulgador ambientalista Félix Rodríguez de la Fuente.

Odile licenciouse Cum Laude en Ciencias Biolóxicas e Produción de Cine en USC, Los Ángeles. A súa vocación por divulgar a natureza naceu na súa infancia influída, sen dúbida, polo poder inspirador do seu pai. Pasou varios anos en Washington DC, traballando na sede de National Geographic.

En 2004 creou a Fundación Félix Rodríguez de la Fuente da que foi directora durante máis de 15 anos e capitaneou proxectos de divulgación científica e ambiental.

Actualmente centra os seus esforzos divulgativos no reto que o cambio climático supón para a



humanidade, e segue activamente vinculada á conservación a través da súa participación en diversos comités asesores e grupos de traballo.

Tamén formou parte do padroado de Rewilding Europe durante 9 anos así como de WWF España e fai un par de anos publicou o libro *Félix. Un hombre en la tierra* de Geoplaneta, onde recolle o legado do seu pai.

Os fornos pontenoveses volverán queimarse o día 7

Os fornos da Pontenova volverán queimarse os vindeiros 6, 7, 8 e 9 de outubro nas súas tradicionais festas da Queima dos Fornos.

As festas arrancarán o día 6 de outubro, venres, con verbena, que estará a cargo de Hermo disco truck, DJ Bombardero e Cosmedeeyjay.

O sábado 7 será o día grande con celebracións de todo tipo e dúas citas imprescindibles, a sesión vermú e a verbena, na que

destaca a presenza da orquestra Compostela. Tamén a partir das 19.00 horas será o show de Paulo Martinho, e despois da Hermo disco truck e Pedro Brmudz.

Será o sábado á noite, sobre as 00.30 horas cando teña lugar a tradicional queima dos fornos, que chega á súa XXIV edición.

Continuarán os festexos o domingo tamén con dobre cita musical, con Costa Dorada e París de Noia. Xa por último o luns 9 será a quenda de DJ Bombardero.

En decembro volverá a Feira de Artesanía e Antigüidades

O Concello da Pontenova volverá acoller unha nova edición da súa Feira de Artesanía e Antigüidades de primeiros de decembro e que este ano chega a décimo sexta edición.

Esta celebración que será os días 8, 9 e 10 de decembro terá lugar na praza dos Fornos onde se instalarán como noutras ocasións numerosos postos de artesanía de diferentes zonas xeográficas españolas, onde se expoñen ar-

tigos de cestería, carpintería, complementos en tea, xoiería ou coiro.

O evento podería contar tamén coa presenza de artesáns que realizarán talleres en vivo sobre torno de madeira, a cestería en vimbo, a forxa de ferro, a pintura decorativa, o coiro e sobre ecolámpadas de cabaza, malia depende das medidas sanitarias. Tamén será a sétima Xuntanza de vespas, motos e coches clásicos.

vegadeo

A Deputación asistiu á quinta edición de 'Encuentros en el Eo'



O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, asistiu na casa da cultura de Vegadeo á quinta edición de Encuentros en el Eo.

Este cumio ten por obxectivo desta cita reforzar os lazos entre as comunidades de Galicia e Asturais e atopar vías de diálogo que garantan a prosperidade dos dous territorios.

Na cita participaron os presidentes da Xunta, Alfonso Rueda, e do Principado de Asturias, Adrián Barbón, que debateron sobre o actual escenario político, a cooperación entre ambos territorios, o turismo, a industria, proxectos europeos, infraestruturas e os retos que afrontan as dúas comunidades a medio-corto prazo.

O recinto feiral acolle unha nova edición da Feira dos Stocks

O recinto feiral de Vegadeo acollerá unha nova edición da Feira dos Stocks que terá lugar do os días 12, 13 e 14 de outubro. Nela poderanse atopar artigos de todo tipo aos mellores prezos.

A organización deste certame feiral corresponde ao Concello de Vegadeo, e o horario de apertura ao público será pola mañá de 11.00 a 14.00 horas e de tarde de 16.30 a 20.30 horas.

O obxectivo xeral desta feira é dinamizar o pequeno e mediano comercio, ofrecendo un punto onde dar saída aos excedentes de mercadoría de cada campaña, a prezos de promoción.

Ademais de dar a coñecer o comercio comarcal ao público asistente a través da Feira do Stock e ofrecer ao consumidor unha oferta variada de produtos de calidade e a prezos competitivos.

O Automóbil Club Vegadeo organiza a XVI Clásicos Deportivos ruta Astur Galaica

O Automóbil Club Vegadeo organiza o próximo día 28 de outubro, a XVI Clásicos Deportivos ruta Astur Galaica. Nesta edición a ruta turístico de vehículos históricos desenvolverase por Vegadeo, Trabada, Barreiros e Ribadeo, sendo a saída ás 13.15 horas desde Vegadeo pola N-640 ata Porto, seguindo ata Trabada e chegando a Barreiros ás 13.45 horas.

Despois será o xantar e acto seguido, ás 17.30 horas, comezará a ruta cara Vegadeo pola estrada do litoral das praias, e continuará polas estradas ata o peirao Mirasol, e desde aquí

pola N-632 ata Porto e despois a Vegadeo. As prazas son limitadas polo que compre anotarse antes do 24 de outubro na páxina web www.automovilclubvegadeo.es.

Para finalizar a concentración entregarán trofeos ao gañador XVI edición Clásicos Deportivos Vegadeo. Roteiro Astur Galaico, ao vehículo máis antigo rexistrado na proba, á escudaría máis numerosa, ao condutor máis veterano, ao clásico deportivo, ao clásico popular, á parella vestida de época acorde á idade do seu vehículo e ao Gentleman driver.

lourenzá

O CEIP Juan Rey fíxose cun galardón nun certame da RAG

O colexio Juan Rey de Lourenzá foi un dos gañadores da sétima edición do concurso Contádenos o voso Día das Letras, convocado pola Real Academia Galega ao abeiro do proxecto web para o público infantil Primavera das Letras.

O centro de ensino presentou unha variada proposta de actividades para achegar aos nenos e nenas á figura, á obra e ao legado do protagonista do Día das Letras Galegas 2023, o editor, escritor, activista cultural e académico Francisco Fernández del Riego.

A Real Academia Galega entregará os galardóns o vindeiro 17 de outubro nun acto na Coruña, no que participarán alumnado e profesorado de todos os colexios premiados.

O CEIP Juan Rey de Lourenzá, a terra natal de Fernández del Riego, celebrou as Letras Galegas do seu veciño ilustre dende o comezo do curso cunha morea de iniciativas resumidas no número especial da súa revista, O Tremoal. O equipo da biblioteca



desenvolveu no primeiro trimestre o proxecto Desde a fiestra de don Paco, con máis de oitenta actividades de todo tipo nas que participaron os nenos e nenas de todos os niveis. Co Dicionario trangalleiro inventaron palabras seguindo as normas da lingua, elaboraron unha audioguía sobre a vida do homenaxeado, afondaron no mundo dos xogos tradicionais da súa infancia a través das achegas dos estudosos locais Xosé López e Xosé Manuel García e practicaron o xénero epistolar que don Paco tanto cultivou escribíndolles cartas aos Reis Magos desde a pers-

pectiva dos pícaros e pícaras do seu tempo.

O alumnado de Lourenzá tamén analizou e ilustrou o discurso que o autor pronunciou na vila en 1998 con motivo da Festa da Faba, afondou na súa infancia en Lourenzá a través da celebración do Samaín en Paco e as pantomas, deseñou unha exposición de carteis sobre o autor -premiada pola Consellería de Educación- e realizou unha pequena adaptación teatral sobre a súa vida que se puxo en escena co gallo da presentación da Primavera das Letras 2023 neste mesmo colexio.

Comezou a conservación e limpeza no treito interurbano de catro regos no termo municipal



A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, iniciou as actuacións de conservación e limpeza no treito interurbano de catro regos, no concello de Lourenzá.

Estas tarefas están a levarse a cabo nos treitos interurbanos dos regos de Batán, de Recemil, de Arroxo e no rego de Baus.

Os traballos desenvolveranse nunha lonxitude de preto de máis de 11,7 quilómetros, no percorrido destes regos por distintos lugares do municipio.

As tarefas céntranse na roza puntual e selectiva e na retirada de árbores

e pólas caídas na canle para evitar atoaamentos.

Unha vez finalizadas estas actuacións, os regos quedarán despexados de maleza, posibilitando así a circulación fluída das súas augas.

Augas de Galicia desenvolve estas accións no marco do programa de mantemento, conservación e mellora do dominio público hidráulico das bacías de Galicia-Costa, no ámbito territorial da zona Galicia-norte e nas súas zonas de acceso e protección.

A Xunta mantén activas as actuacións para a mellora dos leitos fluviais e para favorecer as condicións naturais do ecosistema dos ríos.

A Asociación de San Adriano prepara unha viaxe ata a Ribeira Sacra



A Asociación de veciños de San Adriano de Lourenzá prepara para o vindeiro mércores 11 de outubro unha viaxe dentro do programa Coñece a túa provincia da Deputación de Lugo.

Haberá un total de 23 prazas asignadas totalmente gratuítas e viaxarán ao Centro de Interpretación terras do Miño en Lugo, unha adega en Amandi, visitarán a Rectoral de Gundivós e desfrutarán dunha demostración de olaría tradicional, e achegaranse ata un miradoiro sobre o canón do Sil.

Para participar haberá que anotarse antes do 6 de outubro chamando ao 677 855 321.

A Deputación investiu na mellora da área recreativa de Casanova

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, participou na inauguración da área recreativa da Fonte da Casanova, en Riotorto, renovada grazas á axuda que a Deputación de Lugo concedeu á Asociación de Veciños de Santa Comba da Órrea. A institución provincial achegou máis de 4.000 euros, o 95% dos fondos necesarios para acometer esta actuación, a través do Programa para a Dotación e mellora de Servizos Comunitarios do 2021.

Entre as actuacións realizadas neste espazo natural de lecer está a creación dun pequeno canal dende a fonte para permitir o paso de persoas neste treito, a adecuación e mellora da accesibilidade, sendo necesaria a eliminación de irregularidades na terra para facilitar o tránsito, e a recuperación do Camiño da Igrexa, que dá acceso ao templo relixioso. Tamén se rehabilitou a ponte da Fonte de Casanova, instalando novos pasos de madeira e unha varanda que aumenta a seguridade dos usuarios. Rivera Capón destacou a importancia de renovar este espazo “para potenciar o rural e fomentar o turismo sostible, de proximidade, que



busca vivir novas experiencias e pon en valor o patrimonio”, e destacou que este modelo, polo que aposta a Deputación de Lugo, xera riqueza a través do aproveitamento dos recursos.

Acompañado da veciñanza e representantes da entidade riotortense reafirmou tamén o compromiso provincial para “achegar máis e mellores servizos aos veciños e veciñas dos 67 concellos da provincia. Un obxectivo para acadar unha mellor calidade de vida, dinamizar a economía e contribuír así a fixar poboación”.

A Deputación leva investido en Rio-

torto máis de 1,6 millóns de euros dende o 2019 ata a actualidade. O investimento foi destinado principalmente para a mellora de vías municipais, a contratación de persoal municipal e o servizo de axuda a domicilio. Outra parte importante dos fondos provinciais foron para a renovación do firme das estradas provinciais que vai de Paraxes a Lourenzá, por Bretoña e Muiñonovo, e a que comunica Augaxosa e Trabada, cun orzamento de 660.000 euros.

Entre as actuacións levadas a cabo estes anos, tamén destaca a de actividades para a veciñanza.

O Confederación limpa o leito do río da Órrea

A Confederación Hidrográfica do Cantábrico iniciou os traballos de mantemento e conservación no leito do río da Órrea, nas inmediacións de Casanova, no termo municipal de Riotorto.

As actuacións no citado río da Órrea, contan cun orzamento inicial de 9.000 euros, e execútanse nun tramo de 600 metros de leito co propósito de retirar árbores caídas ou en risco de caída e adecuar da vexetación de ribeira co

obxectivo de evitar a formación taponos e manter a capacidade de desaugadoiro do leito.

Estes traballos, realízanse a través da empresa pública Tragsa dentro do Programa de mantemento e conservación de leitos que desenvolve a Confederación Hidrográfica do Cantábrico fóra das zonas urbanas, nas que os labores de conservación e mantemento de leitos son competencia dos concellos.

Regresa o servizo de podoloxía

O Concello de Riotorto ofrecerá o xoves 19 de outubro unha nova sesión do servizo de podoloxía dirixida a todos os veciños. O servizo ten un prezo de 15 euros.

Para poder acceder a este programa unicamente é necesario estar empadroadado no Concello e pedir cita previa nos servizos

sociais municipais ou no teléfono 982 346 222. As sesións repetiranse varias veces durante o ano, tal e como anunciaron dende o Concello.

Este servizo ten como obxectivo prestar unha atención podolóxica básica a todas as persoas de cara a favorecer o seu benestar integral.

Trabada acollerá o I Concurso de quebracabezas de Sante



O domingo 15 de outubro o concello de Trabada acollerá o primeiro Concurso de quebracabezas de Sante, un evento para desfrutar deste tipo de xogos. A cita é ás 11.30 horas no polideportivo de Sante, á beira do albergue, en Lugar da Igrexa 14, 27766.

Para participar é necesario inscribirse a través do formulario de inscrición da web de Aepuzz. O prezo é de 18 euros por parella, con desconto de 3 euros por

persoa socia de Aepuzz. Hai 60 prazas.

Para calquera consulta haberá que escribir un correo electrónico a hola@doctorpanush.com. Este evento está organizado pola tenda especializada en quebracabezas e xogos de mesa Doutor Panush así como coa colaboración da Asociación de Veciños de Sante e AEPUZZ (Asociación Española de Quebracabezas) e o patrocinio da marca Jumbo.

O Concello organizará reunións veciñais sobre os orzamentos



O goberno municipal do Concello de Trabada celebrará unha serie de reunións informativa coa veciñanza para discutir os orzamentos municipais do vindeiro ano.

Esta serie de xuntanzas, anunciadas pola alcaldesa Mayra García Bermúdez, comezaron o luns 2 de outubro ás 12.00 horas no teleclub de Vilaforman e pola tarde a sesión trasladarase

a Vilapena.

Durante a segunda semana de outubro, as reunións para discutir os orzamentos trasladáanse ao centro cívico de Vidal ás 12.00 horas e ao de Fornea a partir das 16.00 horas o luns 9. As últimas reunións terán lugar o mércores 11 ás 12.00 horas no centro cívico de Valboa e ás 16.00 horas na Casa da Cultura de Trabada.

O 13 de outubro celebrase o evento Oktoberfest



Trabada acollerá o vindeiro venres 13 de outubro unha festa de discjockeys baixo o nome Oktoberfest. A festa comezará ás 18.00 horas na praza do Concello onde estará o recinto cuberto cunha carpa e tamén haberá posto de comida e de bebida.

Este “tardeo” estará amenizado por The Sound Project que levará o seu disco móbil.

Ademais, esta cita contará cos Djs Pedro Brmudz e Litaíner que a partir das 00.00 horas amenizarán a noite e farán bailar e desfrutar á veciñanza.

DEPUTACIÓN

Pedirá fondos europeos para un plan turístico para augas de interior

A Xunta de Goberno aprobou adherir á Deputación de Lugo a unha agrupación de entidades de diversos puntos do país para solicitar conxuntamente 1M€ de fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia impulsado polo goberno de España para impulsar novas experiencias turísticas arredor das augas de interior. Así o anunciou a voceira socialista, Pilar García Porto, quen subliñou que con esta decisión “buscamos fortalecer a estratexia que vimos levando a cabo para potenciar o sector turístico como un dos motores económicos da nosa provincia, cunha importante capacidade para dinamizar especialmente o rural, a través dun modelo sostible, de calidade, de experiencias, que coida o patrimonio e que deixa un alto valor no territorio, en termos económicos e de emprego”.

A agrupación a través da que a Deputación de Lugo solicitará estes fondos europeos, enmarcados no

programa Experiencias Turismo de España, está impulsada pola Deputación de Cáceres e conta coa institución provincial de Badaxoz; a Asociación Turística Terras de Iranzo-Ko-Lurra de Navarra; a Mancomunidade Valle Norte de Lozoya de Madrid; a Asociación para o Desenvolvemento Integral da Serra Oeste de Madrid; e a Federación Nacional de Asociacións e Municipios con Centrais Hidroeléctricas e Embalses.

O proxecto inclúe diferentes actuacións, como a creación dunha Rede Española de Ecoexperiencia en Destinos de Auga de Interior; a elaboración de manuais, plans de comunicación e marketing, e de guías turísticas sobre estes destinos; a celebración de encontros e intercambios para analizar a situación e os potenciais destes recursos turísticos; e a creación dunha páxina web e unha aplicación para promocionar os destinos a través das novas tecnoloxías.



Tomé, reelixido presidente do Consorcio de Bombeiros de Lugo

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, foi reelixido por unanimidade presidente do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento nunha sesión extraordinaria do Pleno da entidade, celebrada na Sala de Xuntas do Pazo de San Marcos.

Neste pleno tamén tomaron posesión a deputada Pilar García Porto e o vicepresidente, Efrén Castro Caloto, en representación da institución provincial. Ademais, formarán parte do Consorcio aqueles concellos da provincia que contan con parques de bombeiros. Asistiron polo Concello

de Barreiros o tenente de alcaldesa, Antonio Veiga; o primeiro tenente de alcaldesa de Viveiro, Jesús Fernández; a rexedora de Vilalba, Elba Veleiro; e o rexedor de Chantada, Manuel Varela.

Pola súa parte, continúan os representantes da Xunta, como vicepresidente do Consorcio o Director Xeral de Emerxencia e Interior, Santiago Villanueva, e como membros o Delegado Territorial da Xunta, Javier Arias, e o subdirector de Seguridade e Coordinación, Andrés Iglesias. Tamén se acordou a modificación do Orzamento de 1.058.852€ para a adquisición dun vehículo de altura.

O Pleno acorda pedir á Xunta que cubra a xubilación de médicos

A Deputación de Lugo esixirá á Xunta de Galicia que garanta a atención sanitaria dos veciños e as veciñas da provincia ante a xubilación inminente de máis de 20 médicos que prestan servizo nos centros de saúde dos concellos de Láncara, Sober, Pantón, O Páramo, Guitiriz, Castro de Rei, Samos, Monterroso, Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, O Incio, Portomarín, Antas de Ulla, A Pontenova e Begonte. Así se acordou no Pleno provincial tras unha proposta do grupo socialista, que saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e do BNG, e cos votos en contra do PP. Unha sesión á que asistiron Alcaldes, concelleiros e concelleiras das localidades afectadas.

A voceira socialista, Pilar García Porto, sinalou durante a súa intervención que segundo os datos da propia Consellería, o 24,5% dos médicos colexiados teñen 65 anos ou máis, e outro 26% sitúase na franxa dos 55-64 anos. “Como lle pasa aos malos alumnos, o inicio do curso pilla á Xunta con materias suspensas, deberes pendentes e sen metodoloxía de traballo para o novo curso político. A situación da sanidade pública na provincia é, por desgracia, un exemplo de como a mala xestión do Sergas a pagan os lucenses e as lucenses co deterioro dos servizos públicos”, lamentou.

A Corporación provincial demandará tamén á Xunta que se restitúan os cadros de persoal previstos para cada centro de saúde, recuperando as prazas que foron desaparecendo por mor das políticas de recortes do Partido Popular; que estableza



modelos de carreira profesional que aseguren a carga de traballo axeitada aos profesionais, eliminando os cupos excesivos de doentes, a non cobertura de baixas ou vacacións, e a temporalidade.

CANON EÓLICO. A institución provincial reclamará tamén á Administración autonómica que modifique o modelo de tributación do canon eólico, pasando a fixalo por potencia en lugar de por muíño; que defina a participación dos concellos costeiros nos beneficios da eólica mariña; e que estableza que a recadación íntegra do actual canon eólico e do futuro canon da eólica mariña se destine a melloras nos concellos e nas comunidades locais afectadas pola instalación dos parques. Así o aprobou o Pleno, tras outra proposta do grupo socialista que saíu adiante cos votos favorables do PSdeG e do BNG, e do voto en contra do PP.

“Os concellos acollen o impacto das obras e neles aséntanse as infraestruturas que fan posible o aproveitamento das enerxías limpas”, explicou García Porto, ao tempo que denun-

ciou que precisamente as entidades locais “seguen a ser as grandes esquecidas no desenvolvemento do sector”, recibindo “un mal pago da Xunta”.

A Voceira socialista recalcou que segundo os datos do Consello Económico e Social, o Goberno galego recada de media uns 22M€ anuais polo concepto do canon eólico; e que no ano 2021 puxo a disposición dos concellos 6M€, apenas un 27% do recadado; “no caso dos concellos da provincia, a cantidade percibida apenas é de 2,6M€, un 11% da recadación total da Xunta”.

PLAN DE RECUPERACIÓN. Na sesión plenaria acordouse por unanimidade a adhesión da Deputación ao servizo de asistencia técnica e dinamización para a participación e xestión dos fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia por parte de Tragsatec –a empresa pública de Tecnoloxías e Servizos Agrarios que forma parte do grupo Tragsa-, un asesoramento do que poderán beneficiarse os concellos da provincia.

Unhas 1.230 persoas participarán no Coñece a túa provincia

A Deputación de Lugo botou a andar a segunda quenda de viaxes da terceira edición do programa Coñece a túa provincia. Faranse excursións gratuítas dun día os martes, mércores e venres, nas que participarán máis 1.230 persoas de 55 entidades da provincia ata o 7 de novembro.

O Coñece a túa provincia vai xa pola súa terceira edición, dividida en dúas quendas. A primeira desenvolveuse durante a primavera, entre os meses de marzo e xuño, e contou con 1.800 viaxeiros de 90 asociacións. Agora arranca a segunda,

que se prolonga ata principios de novembro, e están anotadas máis de 1.230 persoas de 55 entidades. A Deputación continúa con este programa gratuíto ante o enorme éxito que obtivo, pois ata o momento xa disfrutaron destas viaxes un total de 6.800 persoas de 310 colectivos da provincia de Lugo. A iniciativa está dirixida a asociacións e colectivos sen ánimo de lucro de toda a provincia e consiste en viaxes gratuítas, en pequenos grupos, dunha xornada de duración por diferentes puntos da xeografía lucense seguindo diversas rutas

polo patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico.

O programa Coñece a túa Provincia inclúe, de balde, o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, e entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia de Lugo. Estas visitas realízanse profesionais que contan coa habilitación de guía oficial de turismo de Galicia e persoal de atención ao público nos diferentes museos, empresas ou obradoiros sinalados nos itinerarios do programa.

MAR

O estado da fragata Magdalena “é excelente”, segundo a FEDA

A Federación Española de Actividades Subacuáticas, equipo que se atopa á fronte da nova campaña na ría de Viveiro, comezou a dar “gratas sorpresas”, di o equipo de especialistas.

Así, desvelaron que boa parte da estrutura naval da fragata Magdalena, e na que destacan que a madeira de foro, a que recubre o barco e que entra en contacto coa auga, atópase en tan perfectas condicións que parece como “coma se afundiuse onte mesmo”, din, as táboas do forro que asoman carecen de danos, tanto de estruturais como de biolóxicos, debido a estar baixo unha capa de lodo”, engaden. Ademais púidose documentar que a nave conserva máis de vinte metros dunha das súas bordas. Isto sumado aos numerosos lastres e outros materiais xa coñecidos que se atopaban en superficie, “indícanos o gran potencial que ten este xacemento”.

Os arqueólogos subacuáticos comezaron a traballar neste mes e nesta campaña, a diferenza das anteriores, o grupo de investigación acomete unha escavación máis exhaustiva, coa intención de documentar a estrutura da fragata.

Tamén atoparon máis de 20 metros de estrutura dunha das bordas, lastres e munición, e proxectís redon-



dos de dous metros, e en canto a arquitectura naval, “é un auténtico museo”, din.

Este proxecto é unha evolución do proxecto Eterna, que estudaba as naves da ría desde o ano 2018. O novo obxectivo é o estudo da influencia do mar no desenvolvemento e evolución das poboacións xurdidas ás beiras da ría e na súa contorna. Incluíndose a partir deste ano a zona oeste do concello de Xove e a oeste do Vicedo.

Nesta campaña continuaranse os traballos xa iniciados no proxecto Eterna no barco da Fragata Magdalena (1773-1810), nave Viveiro I (primeira metade do século XVII), Viveiro II e fondeadoiro de Estabazón. Ademais iniciárase a prospección do río Landro desde Portochoa a augas abaixo e do xacemento

tardo romano de Area, pois nesta evolución do proxecto inclúese o estudo dos xacementos relacionados coa explotación dos recursos pesqueiros, tráfico de marítimo de mercadorías, auxilio á navegación e os hábitats onde residían as persoas vinculadas ao mar.

Na campaña participará un equipo multidisciplinar formado por 25 especialistas, este equipo de investigación, dirixido polo viveirense Antón López, esta formado pola FEDAS, a CMAS, o Grupo de investigación Lembranza, a UNED, a Universidade de Buenos Aires (Arxentina), o CONICET (Arxentina) e a Universidade de Cádiz. Con esta última asinouse un convenio de colaboración para a formación práctica dos alumnos do Máster Arqueoloxía Náutica e subacuática neste proxecto.

Galicia destina 18 millóns de euros a proxectos dos GALP

O Consello da Xunta analizou a convocatoria de axudas a proxectos que se desenvolvan ao amparo das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) e que contan cun orzamento de 18,4 millóns de euros para iniciativas.

Deste xeito, os potenciais beneficiarios destas axudas -pequenas e medianas empresas e persoas autónomas así como persoas xurídicas sen ánimo de lucro como as confrarías de pescadores ou outras entidades do sector- poden presentar proxectos ao abeiro dos oito GALP existentes na comunidade para aumentar o valor, crear emprego, valorar o fomento da participación das mulleres, atraer xente nova e promocionar a innovación en todas as fase da cadea de subministración dos produtos da pesca e da acuicultura.

A Consellería do Mar conta cun documento pioneiro para protexer o patrimonio

A Consellería do Mar presentou o Plan da Cultura Marítima de Galicia. Horizonte 2030, un documento único e pioneiro tanto a nivel nacional como internacional no que ten que ver co patrimonio marítimo e coas posibilidades de protexelo e conservalo para que chegue ás vindeiras xeracións. Este documento fai unha profunda análise da diversidade de bens inmobles, mobles e patrimonio inmaterial existente na comunidade e recolle 100 medidas a aplicar antes do ano 2030 que contribuirían a avanzar no seu coñecemento, preservalo e poñelo en valor tanto en Galicia como no exterior.

Este traballo pretende converterse nunha guía e nun punto de partida para que o conxunto da comu-

nidade actúe de xeito coordinado para protexer o seu pasado e presente mariñeiro e evitar que quede no esquecemento.

O documento, elaborado por un equipo liderado polo profesor Óscar Fuertes, fai unha radiografía da demografía litoral de Galicia e da súa cadea mar-industria destacando os arredor de 40.000 empregos directos que dependen dela así como os múltiples oficios, tanto no pasado como agora, vencellados co mar. Aos mariñeiros, mariscadores, percebeiros, acuicultores ou bateiros engádense os operarios da conserva, fumadores, baleeiros, salgadores, muiñeiros, carpinteiros de ribeira, torneiros, redeiras, fareiros ou barqueiros, entre outros moitos.

Rematou a obra de eficiencia enerxética no edificio norte do porto de Celeiro



A Confraría de Pescadores de Celeiro comunicou que remataron as obras de mellora de eficiencia enerxética do edificio do peirao norte de usos múltiples náutico-pesqueiros. O proxecto foi financiado polo FEMP ao 75% , e a Xunta de Galicia o 25% por un importe total de 512.800 euros.

As obras da actuación integral realizadas na infraestrutura considéranse de carácter estratéxico e permitiron á entidade pesqueira que preside Rey Seijas, renovar o edificio de usos náutico-pesqueiros a través do proxecto de mellora enerxética ao amparo de axudas de eficiencia enerxética, protección do medio ambiente, seguridade e condicións de traballo, calidade e rastreabilidade dos produtos da pesca.

Este edificio acolle actividades ligadas ao funcionamento do sector pesqueiro tales como almacéns, subministracións navais, ofi-

cinas para armadores e empresas do sector, e mesmo actividades de formación náutico-pesqueira.

A través das obras substituíuse toda a cuberta que había de urallita por uns modernos paneis mariños tipo sándwich, renováronse baixantes e canlóns, portas de aceiro inoxidable, pintado exterior e interior, renovación de instalación eléctrica, obras de carpintería exterior, colocación de novas fiestras de aluminio, selado con pinturas intumescentes, substitución de luminarias por modernas tipo led.... etc.

A renovada instalación albergará en breve tamén locais para un centro de formación náutico-pesqueira en substitución do desaparecido centro Vicente Gradaille, con esta actuación querease prestar un servizo a pé de peirao ao colectivo pescador facilitando o acceso aos certificados habilitantes en materia pesqueira.

Celeiro quece motores para as XXVII Xornadas de Pesca



O porto de Celeiro acollerá un ano máis as súas Xornadas Técnicas que este ano chegan a súa XXVII edición e celebraranse do 23 ao 25 de novembro.

Este foro pesqueiro constitúe o simposio de referencia do sector, e a organización sinala que “considera que se trata de dun evento tradicional como punto

de encontro obrigado para os profesionais, e no que teñen cabida todos os eslabóns do sector”.

A temática deste ano aínda non está publicada pero como noutras ocasións sorprenderá pola calidade dos poñentes e os temas a tratar así como a actualidade.

DEPORTES

Os Correcamiños de Foz celebrarán a XVIII Rota Montes

A décimo oitava edición da Rota Montes da Mariña, que organiza o Club Os Correcamiños 4x4, de Foz, celebrarase a fin de semana, do venres 27 ao domingo 29.

Será unha ruta para o disfrute dos amantes dos todoterreo, dos quads e das motos e o xa está aberto o prazo de inscrición.

Para calquera información que se precise, os interesados poden chamar ao 696 564 539 ou ao 616 909 300 ou mandar un correo a rutafozcorrecaminos4x4@gmail.com

700 corredores participaron na IX Media Maratón Ribadeo-As Catedrais

O concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, fixo unha valoración moi positiva da IX Media Maratón Ribadeo-As Catedrais, e agradeceu o traballo do voluntariado.

O edil de Deportes subliñou que “foron máis de 700 corredores e corredoras os que participaron nesta importante cita deportiva, que move a centos de persoas chegadas desde moitos puntos e rexións: Galicia, Andalucía, Cantabria, Cataluña, País Vasco, Valencia, Aragón, Castela-A Mancha, Madrid ou Castela-León. Tamén tivemos participantes de Brasil, Alemaña, Uruguai, Polonia e Reino Unido”.

Entregados os premios do torneo de petanca das festas de Ribadeo

A concelleira de Turismo e Comercio, Marta Saiz, participou na entrega de premios aos gañadores do torneo de dupletas organizado polo Club Petanca de Ribadeo, que se desenvolveu con motivo das festas patronais.

A parella gañadora foi a formada por Carmucha e Basilio, o segundo posto foi para Isabel e Alfredo e o terceiro para Delfraco e López.

Desde o Concello felicitan aos gañadores aos que animan a seguir practicando este xogo tradicional. E desde o Club Petanca aseguran que seguirán a promocionar este deporte con novos torneos e fan unha chamada á veciñanza para que se achegue a pasalo ben.

O Vicedo acollerá por segundo ano o Rally

O Vicedo acollerá por segundo ano o Rally Concello do Vicedo, que será puntuable para o Campionato de Talleres Km0 e que se celebrará o vindeiro 14 de outubro.

O evento consiste nun percorrido para vehículos históricos e límitase a 60 equipos participantes. Esta organizado por Club Clásicos O Vicedo e Club Clásico Viveiro

O evento constará de etapas, seccións, zonas de regularidade e zonas de ligazón e os vehículos participantes saíran cun intervalo entre eles, tratando de evitar no posible a formación de caravanas durante o percorrido.

Os trofeos e clasificación final entregaranse ao finalizar o evento, durante o acto programado polo organizador para iso haberá trofeos para os 1º 2º e 3º da Clasificación Xeral Final, para o último clasificado que pasase por



todos os controis de paso, antes de que fosen pechados); o 1º clasificado pertencente ao Club Clásicos O Vicedo; o 1º clasificado pertencente ao Club Clásicos Viveiro; e para o puntuable no Campionato de Km0. Pódese consultar todo o reglamento no seguinte enlace. As inscricións están abertas ata o 9 de outubro.

O VII Aberto das Noces de Castroverde viu nacer un novo equipo de billarda

Por Daniel Rodríguez Saavedra.

Co VII Aberto das Noces, organizado polo equipo de Billarda Verde no campo da Veiga do Olmo de Castroverde, arrincaba unha nova tempada de billarda da conferencias NorLeste.

Foi un día extraordinario para a práctica deportiva que xuntou un total de setenta palanadores de oito equipos diferentes (48 homes, 16 donas e 6 cativos).

Presenteouse un novo equipo, Billarda Rio Miño composto por vellos coñecidos e compañeiros que volven a que sempre foi sua casa pola porta grande, con outro nome, mais ca mesma forza e gañas de sempre. Bo papel por equipos e, Cortón “o zorro plateado” fíxose co primeiro posto cun pleno de 25 puntos.

O segundo e terceiro caixón foron pa Charli de Carabullo con 23 puntos e para David Navallo de Troitas Bravas con 22, si ben este tivo que desfacerse de Basilio de Billardeiros Musicais nun axustado desempate.

Por equipos, o primeiro golpe dano os Billardeiros Musicais de Ribadeo por diante de Troitas Bravas da



Pontenova e Madia Leva de Lugo. Os mariñáns ca volta de Markytos, son de novo serios aspirantes o título e contan cun equipo feminino moi forte, non estivo Aroa, mais Dori e Geni coparon o podio seguidas da infantil Alba de Troitas Bravas.

En infantís, non cambia o conto; Madia Leva ten a dous fenómenos que dan sempre a de cal, Diego e Mateu, Mateu e Diego, que tanto monta..., o terceiro posto foi para Alba.

Seixas, do equipo anfitrión, fixo entrega dos artesanais trofeos e dun saco de noces aos gañadores.

A seguinte xornada xa o vindeiro domingo 22 de setembro na Pontenova.

O 15 de outubro será o Trail Monte Comado de Barreiros

O colectivo organizador, ACD Praias de Comado informou da nova carreira Trail Monte Comado do vindeiro domingo 15 de outubro.

A cita deportiva comezará coa saída do trail longo de 26 quilómetros ás 9.30 horas e ás 10.30 será a de 12 quilómetros. A saída e meta na praza do Souto en San Miguel de Reinante-Barreiros e a entrega de dorsais o mesmo día da proba dende 2 horas antes, na zona de saída.

A inscrición realizarase antes do 12 de outubro a través das páxinas mediokmverticalmontecomado.jimdo.



com; maiskmsbarreiros.gal; e ccnor-te.com. O evento está organizado pola Asociación Cultural e Deportiva Praias de Comado, o Concello de Barreiros e Secretaría Xeral para o deporte.

O campo ribadense de Outeiro, na Devesa, xa pode acoller competicións da RFGF

O campo de Outeiro, na Devesa, xa pode acoller as competicións da Real Federación Galega de Fútbol grazas ás melloras realizadas polo Concello.

O edil de Deportes, Francisco José Silvent, explicou que “desde o Concello de Ribadeo fixemos melloras no campo de Outeiro, na Devesa, que teñen como obxectivo facer que cumpran as especificacións necesarias para poder albergar competicións da Real Federación Galega de Fútbol”.

O concelleiro ribadense contou

que “melloramos os accesos cunha rampla que permita o acceso ao recinto tanto do público xeral como o de mobilidade reducida. Fixemos un cerramento de valla necesario para a competición e tamén dando a posibilidade de que unha ambulancia poida acceder ao terreo de xogo se fose necesario”.

Silvent subliñou que “con isto conseguimos un novo terreo de xogo no que os nosos equipos poidan tanto adestrar como xogar calquera tipo de competición”.

A II Carreira Valadouro-Alfoz muda de data para novembro

A organización da II Carreira popular Valadouro-Alfoz comunicou que mudan de data este evento deportivo. Así, nun primeiro momento ía celebrarse o sábado 9 de setembro, pero finalmente será o 4 de novembro.

Esta proba disputarase sobre un percorrido moi rápido de 6.500 metros, totalmente urbanos, nun tempo de 60 minutos.

A cita deportiva, que terá saída a partir das 10.30 horas da mañá coa absoluta e despois as seguintes categorías. A de Pícaros será sobre un circuito de 200 metros, 600 Benxamíns, 1.200 Alevíns, 1.600 Infantís e Cadetes. Con saída fronte a Oficina de Turismo do Valadouro e meta e saídas de cate-



gorías inferiores no pavillón municipal de Alfóz.

A competición transcorrerá por un circuito mixto pechado á circulación de vehículos, cun perfil moi suave propicio para unha carreira rápida.

“Somos os únicos da Mariña con equipo sénior en 1ª Galega”

O CB Viveiro Basket mantén o espírito do baloncesto entre os seus xogadores

Como e por que naceu o club?

Nace como continuación do antigo CB Viveiro. Un grupo de antigos xogadores e adestradores empezaron cun pequeno grupo de xogadores ata chegar ao que somos na actualidade.

Quen se atopa na directiva?

O presidente, dende a refundación, é Juan Carlos Fernández Parra.

Como afrontan esta tempada?

Coma todas, con moita ilusión de seguir promocionando o baloncesto na zona de Viveiro e de competir en todas as categorías das ligas FE-GABA. Dando formación deportiva e humana a todos os xogadores.

Con cantos membros ou xogadores contan?

Temos preto de 150 xogadores en todas as categorías, dende os baby basket a sénior. Pero nunca tivemos sénior feminino.

Como son os adestramentos?

Normalmente temos adestramentos tres veces por semana e cunha duración dunha hora e media ou dúas horas como máximo.

Cales son os requisitos para formar parte?

Ter ganas de facer deporte e pasalo ben, isto é o requisito primordial.

Que novidades hai esta tempada?

Pois nesta tempada contamos con júnior feminino. isto é moi relevante para nos por que é unha categoría que aparece e desaparece pois as cativas cando chegan ao bacharelato adoitan centrarse máis nos estudos e deixan un pouco máis de lado o deporte, por iso depende da tempada. Pero esperamos que este equipo dure pois por detrás delas veñen outras pequenas que sustentarán esta categoría.

Este ano están na 1ª División Galega masculina?

Si, esta tempada somos o único club na Mariña con equipo en sénior de 1ª División Galega, o Viveiro Asesores Club Baloncesto Viveiro. E na provincia atópase tamén o Ensino, que fixo un equipo de nova creación para esta categoría. Enfrontarémonos con equipos como o USC Obradoiro, o CB Cambre, o Costa Ártabra ou o Santo Domingo de Betanzos.

Contan con instalacións suficientes para adestrar e competir?

Non nos podemos queixar das instalacións en relación a outras zonas da comarca, pero a verdade é que sempre son poucas, sobre todo cando temos que organizar 12 equipos con tres adestramentos semanais e ademais todos os seus partidos.

Teñen algunha necesidade?

As necesidades son a nivel humano, é dicir, quizás máis adestradores. E logo o que ben sendo de material, pois máis pelotas, canastras, ou diferentes materiais de adestramento.

Que proxectos teñen de cara ao futuro?

De cara ao futuro temos na mente a mellora do funcionamento interno e a mellora do nivel de formación dos nosos adestradores. Pero o que nos gustaría e seguir progresando na calidade xeral do club.

Como veremos ao club dentro dalgunos anos?

Esperamos que nos sigamos mantendo e afianzado tanto deportiva



como humanamente. Os resultados virán pouco a pouco.

Que o que máis lles gusta deste deporte?

O que máis nos gusta é que é unha combinación de todos os aspectos posibles a nivel de deportes. Conta con precisión, forza, velocidade, sincronización, xogo en equipo, cun alto nivel de esixencia mental, táctica individual e colectiva. Non hai deporte ou actividade máis completa a nivel físico e mental que o baloncesto.

Algún consello para aqueles que queiran comezar no mundo do

baloncesto?

Aos cativos hai que dicirlles que veñan probar porque non se arrepentirán. Os que comecen no baloncesto van entrar nun deporte apaixonante en todos os aspectos.

Organizan algún evento?

Durante todo o ano organizamos varios eventos. Por exemplo temos o Desafío intercentros, que é un partido de baloncesto entre os dous IES de Viveiro; o Diverbasket, que son partidos de baloncesto na rúa para os máis pequenos e o 3x3 Urban Basket, que xa é unha referencia a nivel Galicia en torneos de este tipo de verán e ao aire libre.

Xove homenaxeou aos xogadores de bolos locais



O Concello de Xove homenaxeou aos xogadores de bolos locais durante o intermedio da competición. “Que o noso Concello é unha potencia neste deporte non é un secreto, xa que hai moitos anos que dende o Concello se apoia este deporte, organizando competicións deportivas e apoiando aos xogadores federados, neste caso ao club”, dixeron o alcalde, Demetrio Salgueiro, e a concelleira de deportes, Cristina Iglesias. Os xogadores do club, nas distintas categorías individual, parellas, mixtos, sénior feminino e masculino, xuvenís, etc., veñen tendo un desempeño importante neste deporte, “acadando importantes logros nos

distintos campionatos nacionais e tamén galegos. Loxicamente, ademais da importante pegada deportiva, temos que agradecerlles que paseen o nome do noso Concello por toda Galicia e tamén por algúns lugares fóra de Galicia”, engadiron.

CAMPIONATO. Os campos de bolos de Lago e de Sumoas acolleron o Campionato de España de Bolo Celta na categoría feminina e nas modalidades de individual e de parellas. A xogadora local, Carmen Roca, emparellada con Blanca Lago, de Estivada, quedaron en cuarta posición na categoría parellas.

O IV Cross Os Castros, do Run Foz Run, será o 22 de outubro

A Run Foz Run en colaboración co Club Atletismo Ría de Foz organiza unha nova edición do Cross Os Castros, que chega a súa cuarta edición e celebrarase o vindeiro día 22 de outubro a partir das 16.30 horas.

A proba, que será nas inmediacións do campo de fútbol de Cangas de Foz, comezará ás 16.30 coa absoluta de 5.100 metros, ás 17.20 os 1.700 metros das Sub14 e Sub15, ás 17.40 serán os 700 metros das Sub10, e ás 17.45 horas os Sub8 percorreren 200 metros. Poderán participar na categoría absoluta todas aquelas persoas nadas dende o ano 2007 (incluído) que o desexen, sempre que estean inscritas nos prazos e formas establecidos ao efecto pola Organización.

En ningún caso vansen aceptar inscricións fóra de prazo. Ata o 8 de outubro a inscrición terá un prezo de 5 euros, e do 9 de outubro ata o 18 será de 8 eu-



ros. As categorías Sub 8, Sub 10, Sub 12 Sub 14 e Sub 16 son gratuítas.

A entrega de dorsais do cross popular farase na carpa da organización de 15.00 a 17.30 que estará situada no Campo de Fútbol de Cangas de Foz. Tanto os absolutos como os cativos deben inscribirse na páxina web do evento www.carreirasgalegas.com.

Aberto o prazo de inscrición para a VI Marcha Xoviética

Aberto o prazo de inscrición para a VI Marcha Xoviética que se celebrará o vindeiro 22 de outubro. Esta inscrición estará aberta ata o día 18. A saída da proba será ás 9.30, a ruta e de aproximadamente 37km e 1.250 m de desnivel acumulado, no é unha marcha competitiva e haberá alternativas para as zonas técnicas. Ao longo da ruta haberá dous avituallamentos sólidos, así como dispoñen de servizo de limpeza de bicicletas e ducha con auga quente para todos os participantes.


A entrega de dorsais e bolsa de corredor darase o día da proba de 8.30 a 9.15 e inclúe o correspondente dorsal, un vale de almorzo, unha camiseta 42k, un bote de mel da terra e un vale de comida para aqueles que se inscriban con esa opción.

O vale de almorzo pódese cambiar por un café ou colacao con churros nas cafeterías. Ao rematar haberá cervexa e refrescos para todos. Para os que se inscriban con xantar, ás 15.00 comezase a repartir a comida e despois será o sorteo de premios para todos os asistentes.

COLABORACIÓNS

FIC23

CULTURA



Rebeca Maseda

Que vos parece un festival que sitúa no centro da súa razón de ser as ideas e a cultura? Pode existir algo máis maravilloso!? Había tempo que non asistía a un evento destas características: xornalistas e filósofos/os de recoñecido prestixio nacional e internacional xuntas/os enriba dun escenario co fin de pór en valor a palabra, as ideas, a razón. E por suposto, con moito respecto e educación, sen berros e insultos -algo ao que lamentablemente estamos demasiado afeitados/os...-

Este festival do que vos estou a falar celebrouse hai unhas semanas na Coruña e foi organizado polo xornal dixital, *elDiario.es*. Alí, na mítica Praza de María Pita, déronse cita persoeiros dunha gran valía profesional como Ignacio Escolar -director do xornal-, Roberto Saviano, Nacho Carretero, José Antonio Marina ou James Rhodes, para iluminarnos coas súas

sabias reflexións en torno a temáticas moi variadas; desde o crime organizado, o narcotráfico ou os abusos sexuais, pasando pola corrupción, a intelixencia artificial ou a calidade do noso sistema educativo. Un auténtico repaso ao mundo que nos rodea, coas súas luces e sombras, desde unha óptica transversal e rigorosa. Abonda con citar a máxima do xornal: "Periodismo a pesar de todo".

Vivimos nun mundo cheo de "verdades absolutas" -como se tal cousa fora posible...- no cal corremos un risco real de acabar saturados/os por un exceso de información. Internet e as redes sociais xogan un rol moi determinante no noso pensamento, modelando as nosas opinións incluso sen darnos conta. Poderíase dicir que as pantallas son unha especie de "caverna moderna", o filtro dun universo virtual no que proxectamos a nosa realidade, verdadeira ou non. Non sabería dicir se a mente humana está preparada para procesar cada unha das innovacións tecnolóxicas que xorden día a día, pero o certo é que escapa totalmente ao noso control. Intentas adaptarte da mellor maneira posible e a



outra cousa. A palabra "distopía" está moi presente no noso imaxinario colectivo e cada vez máis, serve como fonte de inspiración (ou desesperación...) para moitos libros, películas e series. Onde quedou Orwell co seu "1984"...! O concepto de "idea" responde a moitos significados: representación mental de algo ou de alguén, coñecemento de algo ocorrido ou por ocorrer, habilidade ou talento

para realizar algo, noción do que se fai; maneira de pensar sobre unha cousa concreta, pensamento de facer algo, etc. Falar de ideas é falar tamén de abstracción e entelequia. Un mundo complexo ao que Platón lle dedicou unha parte moi importante da súa obra. Dise a miúdo que Sócrates foi o pai da filosofía occidental tal e como a entendemos hoxe en día, pero estes méritos non serviron para

eclipsar as contribucións do seu discípulo Platón. Este ateniense, nado no século V a. C., empezou interesándose por seguir desenvolvendo a filosofía moral que caracterizara ao seu mestre, pero a realidade é que rematou por crear algo ben distinto, centrado na natureza do que existía máis que no que debía facerse e o que non. Esta contribución é coñecida como a "Teoría das Ideas" e foi a base de todo o seu pensamento filosófico. Platón afirmaba que existían dous tipos

de realidades segundo o tipo de entidade: sensible (que se pode sentir a través dos sentidos sensoriais) e intelixible (que non se pode coñecer a través dos sentidos, senón por medio da razón, como as Ideas), é dicir, cada cousa sensible toma a Idea daquilo que o caracteriza.

Falar de "ideas" no mundo actual parece case naïf ou absurdo pero a realidade é que neste concepto reside probablemente a esencia primixenia do ser humano. Así que, non se me ocorren dúas razóns mellores para festexar: Viva o Festival das Ideas e da Cultura!

Lavadoras pequenas

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

Contra as nove e media da noite comezou a soar o teléfono. Ultimamente amósome en estado de alerta cando isto acontece e abro moito os ollos cun xiro rápido de pescozo para ver quen chama. Seica teño asociado o concepto de problema coas chamadas telefónicas, malas novas médicas dalguén moi próximo, algún rapaz enfermo que non pode vir a clase, unha gráfica fóra de rango que asusta á enfermeira da diabetes ou un anterior arrendador que segue a dar máis problemas ca solucións, porque hai xente así, que vai en contra das leis da Matemática. Di a miña Doutora que isto me pasará, e que debo empregar a miña mente científica para facer es-

tatística descritiva, se de dez chamadas, nove son por motivos sen transcendencia algunha ou mesmo con boas novas, non debo quedarme con esa outrora capaz de amargarme o día. Pero somos así, do mesmo xeito que as latas baleiras fan moito máis balbordo cas cheas, o mesmo adoita acontecer cos cerebros, que fan moito máis estrondo os que non teñen miolos. E así somos, malia que as miñas alumnas me recorden acotío que me quede cos vinte e un exercicios que souberon desenvolver e resolver soas e non con aqueloutro co que quedaron sen ferramentas e tiveron que aportar eu algunha idea feliz para que fosen quen de continuar.

O son característico dos dispositivos de Apple soa por todas partes, o cal non fai máis ca incrementar esa inquietude, ese estado de inquedaanza dos que por sorte ou por desgraza, dependemos del máis do debido.

Co seu correspondente resumo dos luns pola mañá analizando por un lado, e asustando, polo outro, co consumo do aparello na semana anterior. Estaba sentada no escritorio coma de costume, por rematar as fichas dalgúns alumnos novos, e repousaba sobre o sofá, nese intento baldío por prescindir del o máis posible. Como cabe esperar, e segundo a regra de Laplace, casos favorables partido de casos posibles, non era ningunha mala nova. Era a miña tía T. avisándome que podía cambiar o galano que me trouxo cando veu ver a nova Academia, se non me gustaba, que tiña o ticket regalo dentro da bolsa. Efectivamente, eu xa tirara a bolsa e houbo sorte porque me gustara e de non ser así, igualmente habería un lugar para el. Malia que ese era o motivo principal da chamada, con ela sempre rematas por falar de cousas que nada teñen que ver, totalmen-

te disconexas, topolóxicamente falando porque hai temas que non poden ser expresados como unión disxunta de dous conxuntos abertos e non baleiros. Descoñezo o motivo polo cal me dixo unha sentenza que me deixou pensando desde aquela: "Paz na casa e a guerra fóra". Dando por rematada algunha queixa familiar.

Para alguén coma min, que aborrece discutir, foi aseverativo. É certo que os xuízos de valor, non por seren máis contundentes, son máis certos nin teñen máis razón, pero o ton e o resumo fixeron que de cando en vez, se me repita esta frase. Porque guerra, nin dentro nin fóra. Pero de escoller, mellor batallas que unha poida librar, é máis, que sirva de algo librar. Extrapolando sempre esta linguaxe bélica que escolleu ela e a min non me gusta, moi lonxe da realidade, e entendendo por guerra, unicamente a discusión ou a

riña. Se familia tamén é a que se escolle, como acostumamos a escoitar, deberamos tamén poder elixir dentro da que nos tocou por lazos de sangue, porque non sempre nos fai ben a que nos veu imposta. E cómpren moitas conversas incómodas, moita diferenza de pareceres, doses incontables de empatía, horas de escoitar cousas que non nos gustan, porse na pel do que temos en fronte, para que sexa fructífera e duradeira, senón coido que non conduce a ningures ese compartimento xenético. Penso que debemos escoitar aquilo que non facemos ben en boca dunha nai, ou así me educou a miña. E se nos tocou un pai que non merece ser así chamado, ao mundo debe darlle iso exactamente igual. A roupa cocha lávase na lavandaría ou na lavadora da casa, segundo as circunstancias, hai nórdicos que pesan moito, e a miña lavadora só alberga ata 6 quilos.

As fake news invaden as nosas aulas

O PUPITRE



Julio Díaz

As fake news ou noticias falsas non son un invento da era dixital, desde tempos inmemoriais utilizouse con distintos fins a manipulación da información. O fenómeno da desinformación non é novo, pero as novas tecnoloxías da información, que inclúen as redes sociais e internet, potencian e acrecentan a súa forza. Se ben estas plataformas aportan grandes vantaxes e beneficios, tamén permiten una maior cantidade de información falsa e que a mesma se difunda e expanda a unha velocidade nunca antes vista.

Fronte a un problema de tal dimensión, que é o que pode facer a educación?, que podemos facer os docentes?, como podemos ensinar aos nosos alumnos a ser críticos coas noticias que lles chegan e coa grande cantidade de contidos que consumen no día a día?

Organismos oficiais como a OCDE ou a Unesco téñeno moi

claro: A epidemia de desinformación é innegable e non poderá resolverse sen a axuda das institucións e da comunidade educativa. “As institucións educativas, os medios de comunicación e as autoridades deben investir en medios independentes e na alfabetización mediática e informacional para acrecentar o coñecemento e a comprensión dos medios e da información, a tecnoloxía dixital e a análise dos datos”, explica acertadamente a Comisión Europea.

Ensinar dentro das nosas aulas a analizar a información que consumen, independentemente da súa idade ou do curso no que se atopen, insírese nun plano moito máis amplo, que debe ir ligado directamente ao ensino dun pensamento crítico dos nosos alumnos. Como sosteñen os informes da OCDE, os nosos estudantes aínda non son capaces de identificar as “Fake News” dentro das nosas aulas e a maioría das veces o que fan é simplemente replicar a información que chega, pero sendo incapaces de entendela e de argumentala.

Este pensamento crítico que deben manter os nosos alumnos forma parte das competencias

do século XXI publicadas pola Unesco en busca dos intereses dos nosos rapaces, outorgándolles máis autonomía e invitándollos a traballar mediante resolución de problemas. Deben ser capaces de formular preguntas sobre un contido e buscar respostas; decidir unha acción a seguir e interactuar, emitir xuízos de valor, empregar estratexias retóricas apropiadas nunha discusión ou presentación.

O docente debe axudar a reflexionar, a investigar, a xerar unha opinión e aprender a argumentala para así poder fomentar un pensamento crítico nos seus alumnos facendo que sexan capaces de formular preguntas sobre determinados contidos e buscar as respostas axeitadas, xulgar a credibilidade dunha fonte; emitir xuízos de valor; identificar supostos; decidir unha acción a seguir e interactuar cos demais empregando as estratexias retóricas apropiadas en calquera debate ou discusión. De todas maneiras teño a impresión de que cada vez que aparece un problema social axiña identificamos que a solución está na escola, e penso que sen dúbida esta debe xogar un papel

esencial na formación de alumnos críticos que saiban buscar e acceder ás fontes de información, que sexan capaces de cuestionar e contrastar as mesmas, de analizar as diferentes visións

dunha noticia, pero para que estas medidas teñan verdadeiro éxito, deberían encadrarse dentro dun proceso moito máis global de verdadeira formación de cidadáns críticos.

O RECUNCHO DE CANELINA



TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
 Concello: 982 55 80 01
 Garda Civil: 982 57 40 30
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
 Concello: 982 12 40 02
 Garda Civil: 982 12 41 94
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
 Concello: 982 58 60 00
 Policía Local: 982 58 62 11
 Garda Civil: 982 58 57 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
 Concello: 982 55 77 77
 Policía Local: 615 52 10 52
 Garda Civil: 982 58 57 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
 Concello: 982 14 00 27
 Policía Local: 982 13 36 40
 Garda Civil: 982 14 04 44
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
 Concello: 982 12 10 06
 Garda Civil: 982 52 19 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
 Concello: 982 52 40 03
 Policía Local: 982 50 70 40
 Garda Civil: 982 52 19 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUIROL
 Concello: 982 55 91 09
 Garda Civil: 982 56 10 39
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
 Concello: 982 34 22 77
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
 Concello: 982 12 86 50
 Policía Local: 982 12 86 50
 Garda Civil: 982 12 80 48
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIORTORTO
 Concello: 982 34 62 22
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
 Concello: 982 13 50 11
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
 Concello: 982 57 40 00
 Garda Civil: 982 57 40 30
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
 Concello: 982 59 00 02
 Garda Civil: 982 59 01 81
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
 Concello: 982 56 01 28
 Policía Local: 982 56 29 22
 Policía Nacional: 982 56 17 11
 Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
 Concello: 982 59 20 01
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

	Emerxencias: 112	Incendios Forestais: 085	
	Urxencias Sanitarias: 061	Garda Civil: 062	

www.amariñaxa.com



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PRENSA DA MARIÑA S.L.
 Dirección: Diego E. García Puente
 Teléfono: 661 464 323
 E-mail: redaccion@amariñaxa.com
 Impresión: Tameiga Publicacións SL
 Dep. Legal: LU 5-2019
 ISSN 2660-4493

Teléfono 661 464 323

redaccion@amariñaxa.com

DE RUTA EN RUTA

Foz: ruta da Frouxeira

O municipio focego é un lugar ideal para todas aquelas persoas que lles gusta descubrir belas paisaxes mentres camiñan

O Pico da Frouxeira é un lugar con moita historia e atópase nun monte de 427 metros de altitude.

Na súa cima erguíase o Castelo da Frouxeira do que hoxe quedan escasos restos e marcas nas rochas dos antigos muros entre os rochedos graníticos.

A fortaleza pertenceu ao Mariscal Pardo de Cela, mitificada e controvertida figura da nobreza galega medieval. Este castelo era inexpugnable ao ser unha plataforma rochosa, e o emprazamento tiña un dominio visual das terras de Foz e do litoral cara ao nordés, de Alfoz e O Valadouro no sector oeste e do produtivo e verde val de San Martiño de Mondoñedo ao seu pé.

FORTALEZA. A fortaleza sufriría serios danos durante a Revolta Irmandiña pero foi reconstruída, como castigo pola súa sublevación, polos mesmos que a destruíron, sendo reforzada defensivamente en moitos dos seus puntos. O asedio ao que foi sometida entre 1480 e 1483 po-

las tropas reais do Gobernador Fernando de Acuña supuxo a súa destrución definitiva.

A planta destas construcións xurdía da adaptación ás irregularidades do terreo e en función das súas necesidades defensivas. Debido a isto e ao mal estado de conservación dos restos arqueolóxicos, non se pode definir claramente a disposición das estancias que darían forma ao conxunto. Os restos que se distinguen sobre o terreo parecen suxerir a existencia de varios recintos.

A fortaleza de Pena Frouxeira aparece por primeira vez mencionada nun documento de 1156. As súas ruínas están declaradas Ben de Interese Cultural (BIC).

RUTA. A saída ruta faise desde a rúa Costa do Castro dende onde se subirá ata o Pazo do Castro. Logo seguirase o camiño ata o Bispo Santo e a súa área recreativa.

Dende este punto haberá que dirixirse cara a Basílica de San Mariño de Mondoñedo, de obrigada visita pola súa importancia histórica xa que foi se episcopal da dioceses de Mondoñedo. Continuando todo recto e deixando á dereita os barrios de Lelle e Vilela, e á esquerda un dos moitos muíños do concello, pasarase polas parroquias de San Martín á de Santa Cecilia, ata chegar a Madrol, onde haberá que cruzar ata a LU-152 e seguir o camiño en dirección Frouxeira.

De volta da fortaleza terase que facer polo mesmo camiño ata chegar a un cruce á dereita para despois pasar entre varios cru-



ceiros e seguir pegados ao río Centiño ata chegar á estrada que vai ata o barrio da Ermida en San Martín. Despois haberá que coller á esquerda e seguir as indicacións ata a Capela do Carme.

Despois desta capela sairase á dereita por un conxunto etnográfico, baixarase á esquerda pola pista ata cruzar a estrada de Vilacendoi, onde ao final hai un muíño e a Fonte do Porto en Vilaxoane.

Seguindo a estrada e pasando pola Capela de San Blas chegarase á pista pola que se iniciou a ruta.



DATOS



5 horas



24 quilómetros



Dificultade media/alta

HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



GRUPO FORMAT

formación integral de empresas
para información sobre más formaciones:

www.grupoforma-t.com

TEL.: 982 513 605